

orçamentos
2012

**INFORME
ECONÓMICO E FINANCEIRO**



INFORME ECONÓMICO E FINANCEIRO

CONTIDO

I.	INTRODUCCIÓN	7
I.1.	CONTORNO ECONÓMICO	10
I.2.	PREVISIÓNS PARA 2012	13
I.3.	UNHA CRISE SISTÉMICA	17
I.4.	SOSTIBILIDADE E CONSOLIDACIÓN FISCAL	19
I.5.	RETOS DA ECONOMÍA DE GALICIA	21
I.6.	AS PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS XERAIS	22
II.	CONTEXTO ECONÓMICO FINANCEIRO	25
II.1.	CONTEXTO ECONÓMICO	27
II.1.1.	CONTEXTO INTERNACIONAL	27
II.1.2.	ECONOMÍA ESPAÑOLA	30
II.1.3.	ECONOMÍA GALEGA	36
II.2.	O ESCENARIO FINANCEIRO	43
II.2.1.	TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA	44
II.2.2.	TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS	45
II.2.3.	MERCADO DE DÉBEDA	46
II.2.4.	MERCADOS BOLSISTAS	49
II.2.5.	MERCADOS DE DIVISAS	50
III.	ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2012	53
III.1.	GRANDES CIFRAS	55
III.1.1.	ESTABLECEMENTO DUN TEITO DE GASTO	55
III.1.2.	INGRESOS POR 9.858 MILLÓNS DE EUROS	55
III.1.3.	PRIMEIRA EVOLUCIÓN POSITIVA DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO DENDE 2009	56
III.1.4.	MANTEMENTO DOS NIVEIS DE GASTO	57
III.1.5.	AFORRO POR OPERACIÓNS CORRENTES DE 280 MILLÓNS	58
III.1.6.	FORMACIÓN DE CAPITAL	59
III.1.7.	GASTO CORRENTE	60
III.1.8.	CONTENCIÓN NO GASTO DE PERSOAL	60
III.1.9.	O GASTO SOCIAL REPRESENTA DE 3 DE CADA 4 EUROS DOS ORZAMENTOS	62
III.1.10.	COMPROMISO COA DEPENDENCIA	62
III.1.11.	DISTRIBUCIÓN CUALITATIVA DA CAPACIDADE DE GASTO	63

III.1.12.	CONTINUIDADE NO ESFORZO COAS EELL E UNIVERSIDADES_____	64
III.1.13.	POLÍTICA ANTICÍCLICA DE ESFORZOS EN INVESTIMENTO PRODUTIVO_____	65
III.1.14.	IMPULSO DUN NOVO MODELO ECONÓMICO_____	65
III.1.15.	DISTRIBUCIÓN DO GASTO POR CONSELLERÍAS _____	66
III.2.	PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS PARA 2012. _____	67
III.2.1.	EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA _____	69
III.2.2.	EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECIMENTO E EMPREGO	80
III.2.3.	EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO _____	95
III.2.4.	EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL _____	102
III.2.5.	EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN _____	113
IV.	SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA _____	119
IV.1.	CONTEXTO _____	121
IV.2.	SITUACIÓN DE ESPAÑA_____	124
IV.3.	SITUACIÓN COMUNIDADES AUTÓNOMAS_____	127
IV.4.	EVOLUCIÓN DO ENDEBEDAMENTO: POSICIÓN RELATIVA_____	129
IV.5.	A LEI DE DISCIPLINA ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA: _____	131
IV.6.	TRANSPARENCIA _____	132



INTRODUCCIÓN

I. INTRODUCCIÓN

Os Orzamentos Xerais da Xunta de Galicia para 2012 procuran o duplo obxectivo de soste no curto prazo a actividade económica autonómica de modo que se consigan niveis positivos de crecemento, á vez que se crean condicións favorables para a construción dun modelo de desenvolvemento solidario, sustentable e competitivo. Mantendo as habituais premisas de rigor e realismo, os Orzamentos Xerais para 2012 atenden ademais aos principios de solvencia e de prudencia.

Conscientes das fortes restricións impostas polo contorno financeiro, os Orzamentos Xerais para 2012 ante todo reforzan a liña de solvencia que permitirá á Comunidade Autónoma manter a súa capacidade financeira no medio e longo prazos. Así, coa entrada en vixencia da “Lei de Disciplina Presupostaria e Sostibilidade Financeira” recentemente aprobada polo Parlamento de Galicia, introdúcese unha regra de comportamento fiscal asociado ao ciclo económico.

Por outra parte, a fixación –por vez primeira nuns orzamentos autonómicos- dun teito de gasto así mesmo aprobado polo Parlamento de Galicia, confire rigor normativo á vontade de contribución desde Galicia á contención do déficit público e ao necesario compromiso co equilibrio financeiro establecido no programa de estabilidade de España.

A senda de estabilización financeira camiña a carón cunha política de gasto que marca claras prioridades para que os orzamentos garantan a calidade dos servizos públicos irrenunciáveis, como sanidade, educación, asistencia á dependencia e inclusión social, ao mesmo tempo que inciden nos factores de desenvolvemento máis incidentes nun crecemento intelixente, innovador e competitivo, nas liñas mestras marcadas no Plan Estratégico Galicia 2010-2014, horizonte 2020.

En coherencia coa realidade socioeconómica do país, os seus desafíos e as súas potencialidades, conscientes do favorable efecto multiplicador que produce unha maior harmonización das políticas fiscais de gasto entre os distintos niveis das administracións públicas, os Orzamentos afondan na contribución da política económica rexional ao crecemento intelixente orientado pola estratexia “Europa 2020” e as complementariedades co programa nacional de reformas, de maneira que se optimicen os resultados.

Asemade, estes Orzamentos queren apuntar ao sector privado sinais claras da gobernanza e orientación das actuacións da administración autonómica que subliñen as liñas de crecemento pretendidas, diminuindo incertezas e incorporando expectativas favorables en estímulo dos plans empresariais de investimento que permitan revertir a tendencia de destrución de emprego destes últimos anos.

A elaboración dos orzamentos contou cunha coidada revisión dos programas de gasto, analizando todos e cada un dos proxectos que materializan as medidas de política

económica da Xunta con incidencia presupostaria, valorando o impacto das mesmas e o grao de aportación aos obxectivos establecidos, continuando na liña de presupostación por resultados e maior eficiencia do gasto público.

1.1. Contorno económico

Manter o equilibrio financeiro e soste simultaneamente as prioridades de gasto se presenta cara a 2012 cando menos tan complexo como o ten sido ao longo de 2011. Superposta á crise económica, a crise de débeda soberana afecta á sostibilidade financeira e endurece as condicións nos mercados financeiros, dificultando as actuacións dos países desenvolvidos occidentais a favor do crecemento.

Os mercados dubidan da capacidade de moitos países para estabilizar a débeda pública, e as preocupacións que se iniciaran en pequenos países europeos, fóronse estendendo a outros países europeos e mundiais, incluídos Xapón e os Estados Unidos. As preocupacións sobre os riscos en bonos soberanos afectan ás carteiras de activos das entidades financeiras, poñendo en tela de xuízo a solvencia e capacidade de obtención de beneficio dos bancos, empuxando as accións á baixa, e afectando sucesivamente á dispoñibilidade de crédito é, por conseguinte, á demanda global, e ao crecemento.


A economía española ven resultando particularmente danada pola crise, cun duro shock que reduciu o PIB en termos reais en máis do 4 por cento e o emprego nun 10 por cento entre 2008 e 2010, mentres os tipos de xuro da débeda do estado aumentan e o sistema financeiro se resinte a consecuencia da dura contracción, con especial incidencia no sector da construción.

En España, a debilidade do entorno exterior e as necesidades de axuste fiscal limitan a capacidade de actuación da política fiscal. Ao principio de 2011 o PIB medrou de modo significado baseado nas exportacións e nun consumo público estimulado pola proximidade das eleccións autonómicas e municipais, mais a partires dese momento, o ritmo do crecemento foi minorando sendo as exportacións e o consumo privado factores de debilidade que anticipan a desaceleración do crecemento nos últimos trimestres de 2011. Segundo a maior parte das últimas previsións, a economía española permanecerá estancada en termos de crecemento intertrimestral nos últimos meses de 2011.

Previsións macroeconómicas para España. 2012

	PIB. Variación anual en %	Taxa paro (%)
Organismos internacionais		
FMI (setembro)	1,1	19,7
Comisión Europea (maio)	1,5	20,2
OCDE (maio)	1,6	19,3
Ministerio de economía e Facenda (abril)	2,3	18,5
Organismos privados		
Funcas	1,0	20,9
Centro de predicción económica	1,2	21,3
BBVA	1,0	20,9
Santander	0,9	20,6
Catalunya Caixa	1,1	20,8
Bankia	1,0	20,9
La Caixa	1,1	20,7
Instituto Flores de Lemus (setembro)	1,3	21,1
Analistas financeiros internacionais (AFI)	0,9	21,3
Cemex	0,9	20,8
Repsol	1,1	20,4
Centro de estudios economía de Madrid	1,1	19,9
CEOE	0,7	21,4
Esade	0,9	20,0
Intermoney	1,0	20,8
Solchaga Recio&asociados	1,1	21,0
Consenso	1,0	20,9


O cadro de previsións macroeconómicas caracterízase pola súa incerteza, dentro dunha tendencia negativa que se concreta en sucesivas revisións á baixa, tanto das previsións de peche do ano 2011 como para o crecemento en 2012, cun desconto medio arredores do medio punto. En consecuencia, o restablecemento dos equilibrios nas variables macroeconómicas máis relevantes non terá lugar senón nun período longo de tempo.



Fonte: Banco de España

A dirección dos axustes inclúe unha redución do déficit orzamentario ao 3 por cento para 2013, hasta o 2,1 por cento do PIB en 2014. Non obstante, tales obxectivos de contención e posterior consolidación do déficit público non se están conseguindo no conxunto das administracións á velocidade esperada, agás que se apliquen medidas adicionais, alongando o efecto mais preocupante deste adiamento, que é a persistencia de altos graos de desemprego.

Porcentaxe de débeda respecto ao PIB segundo subsectores



Fonte: Banco de España

O control do déficit público é unha condición necesaria de estabilidade, malia aos descensos dos ingresos públicos, condicionando a intensidade de políticas anticíclicas.

I.2. Previsións para 2012

Como se pode constatar ao longo do apartado correspondente neste informe, a evolución dos indicadores económicos internacionais están abocando aos distintos organismos especializados a realizar continuas revisións á baixa das previsións nas variables macroeconómicas. A práctica totalidade dos organismos económicos prevén unha desaceleración da recuperación a escala mundial, estimándose o crecemento mundial nun 4 por cento tanto para 2011 como cara a 2012, fronte ao máis do 5 por cento en 2010.

A recuperación estadounidense presenta altibaixos e a actividade económica na Unión Europea retárdase. O PIB, que medrara con forza no primeiro trimestre de 2011, foi perdendo pulo ata o punto de que desde o verán os signos de debilidade da demanda global e de comercio internacional e a perda da recuperación nos Estados Unidos e redución do crecemento nas economías emerxentes se foi moderando. As previsións de crecemento para o vindeiro ano achéganse ao 1 por cento para a zona euro, e na UE-27 confirman tamén un menor crecemento en 2012 que en 2011.

Coas diferenzas de valoración que se atribúa á magnitude estimada, as predicións dos diferentes organismos están formuladas a partires de tendencias negativas: debilidade do consumo público e privado, empeoramento das expectativas de investimento de empresas e familias, impacto da situación nos índices de morosidade das entidades financeiras, na fluidez dos canles de crédito e no custo do diñeiro, e expectativas negativas sobre a estabilidade financeira de varios estados membros, e a perda de pulo da demanda externa.

O reflexo en España e Galicia deste empeoramento xeralizado dos ritmos de actividade e emprego, e co gasto público limitado pola ineludible obriga de estabilización fiscal, tradúcese en que o consumo dos fogares non despega. A par, o empeoramento dos mercados financeiros dificulta o desenvolvemento da actividade bancaria, co que diminúen os recursos dispoñibles para prestar a empresas e particulares, o sector inmobiliario segue á baixa, e o sector privado non financeiro, especialmente as pequenas e medianas empresas non encontran facilmente crédito, xa que o sector público compite na demanda de financiamento.

En consecuencia, as previsións apuntan a un estancamento do PIB español, para o último tramo deste ano, polo que probablemente non se acadará o crecemento medio anual previsto polo Goberno.

Os desequilibrios do sector privado derivados da burbulla inmobiliaria e os índices récord de desemprego seguen a ser os vectores que lastran as perspectivas de recuperación. O consumo privado, freado pola situación de sobreendebadamento dos fogares e alto desemprego, o gasto público afectado pola debilidade das finanzas públicas e os programas de recorte de déficit, e o investimento privado que só amodo se recupera dado o ritmo necesariamente lento ao que as empresas son capaces de suplir o exceso de capa-

cidade e as dificultades de acceso ao crédito bancario. Así, a demanda externa continua a ser o elemento principal sobre o que establecer o camiño da recuperación, aumentando a importancia que na compoñente teñan os mercados externos máis aló da Unión Europea.

En España asistimos a un empeoramento das expectativas, ante a incerteza fiscal e financeira, polo que a consolidación fiscal non está sendo relevada polo consumo e a demanda privada, afectadas polo escaseo de crédito bancario, apancamento dos fogares, o efecto riqueza dos mercados inmobiliarios, e as pesimistas previsións sobre os ingresos futuros das familias.

As previsións para España en 2012 apuntan segundo o FMI a un crecemento medio anual do PIB real do 1,1 por cento, e segundo a Comisión Europea a un 0,8 por cento, sendo as exportacións netas o factor de recuperación importante, a impulso da mellora do comercio mundial e un lixeiro aumento da competitividade da economía. Como xa se ten apuntado, a demanda interna terá un feble comportamento por mor dos índices de desemprego e o saneamento financeiro dos sectores público e privado. Todo baixo a condición inicial de que o panorama no sistema e mercados financeiros chegue a despegar parte das súas incertezas, podendo iniciarse unha recuperación lenta, insuficiente para crear emprego.

Canto á evolución dos índices de prezos, se pode subliñar que a inflación subxacente reflicte a situación da actividade, con baixa demanda interna e contención dos custos salariais. Polo que respecta ao equilibrio externo, mellorará lixeiramente, o déficit da balanza por conta corrente co que continuará a corrección dos desfases macroeconómicos da economía nacional, se ben dunha maneira excesivamente lenta.

A inflación mantense nunha senda de cerca do 3 por cento para 2011, moito máis da rexistrada en 2010, e debería de diminuír na medida en que pasan os efectos das alzas de impostos indirectos e prezos enerxéticos.

Os fluxos da economía galega, estruturados coa economía nacional e europea, reaccionarán aos impulsos da demanda externa e do consumo interior en función das tendencias do contomo, dando lugar a unhas previsións macroeconómicas positivas, estimando o aumento do PIB para 2012 no 1,1 por cento, onde o mellor comportamento dos fogares e unha recuperación da formación de capital relevarán a perda de presenza do gasto público.

Esta moderada previsión realizada para Galicia parte dun escenario prudente e realista tendo en conta os derradeiros datos coñecidos e contexto nacional e internacional adverso.

Previsións macroeconómicas para Galicia. Variación anual en %


	2010	2011	2012
Gasto en consumo final	-0,3	-0,3	0,3
Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,4	-0,6	0,5
Gasto en consumo final das AAPP	0,2	0,5	-0,4
Formación Bruta de capital	-6,2	-4,7	-1,1
Achega demanda interna	-1,9	-1,5	0
Exportacións de bens e servizos	7,1	4,9	3,5
Importacións de bens e servizos	2,4	0,4	1,2
Achega sector exterior	2	2,3	1,1
Produto interior bruto	0,1	0,8	1,1
Produto interior bruto nominal	1,4	2,5	2,4
Emprego.PTETC	-2,2	-1,5	0,1
Taxa de paro	15,4	16,6	16,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Fonte: IGE, INE. EPA

A variación da demanda externa neta mostrará un rostro algo menos amable do que en 2011, pero manterá un signo positivo.

Análise Demanda



Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

A contribución positiva do sector exterior e o mellor comportamento do sector privado supoñen unha achega ao crecemento que, se ben non supoñen pulo suficiente da actividade como para lograr unha xeración de emprego satisfactoria dabondo, permitirá unha mellora do mercado de traballo ata o punto de que cabe esperar unha leve redución da taxa de paro.


Se ben en condicións normais non se crearía emprego con crecementos por debaixo

do 1,5, o axuste tan prolongado e profundo que se rexistrou nos dous últimos exercicios podería rematar cun crecemento débil da taxa de emprego, ata situarse no 16,4 por cento, apenas dúas décimas inferior á cifra prevista para este ano, mais non obstante suficiente para marcar un signo distinto respecto evolución dos mercados laborais no resto de España, que continuará reflectindo unha evolución negativa, é ,en todo caso, manter un diferencial a favor de Galicia.

Taxa de paro. Comparativa España - Galicia

Comparativa	2010	2011
Galicia	15,4	16,6
España	20,1	20,7
Diferencial	-4,7	-4,2

Dato España 2012 Consenso



Fonte: IGE, INE. EPA

Mercado laboral: Taxa de Paro II Tr. 2011



Fonte: IGE, INE. EPA

A posición de Galicia con respecto ás restantes Comunidades Autónomas amosa unha taxa de paro sensiblemente inferior á media nacional.

I.3. Unha crise sistémica

A economía mundial permanece nunha posición perigosa, carente dun horizonte a longo prazo onde se restableza a confianza e o funcionamento dos sistemas financeiros. A cada vez existe maior consenso en canto á natureza da crise, que vai máis aló dunha fase cíclica e se revela como unha transformación estrutural que se está a producir na economía mundial, un movemento de gran calado sen que hasta o momento nin Europa nin USA dispoñan dunha clara folla de rutas.

Os gobernos dos países máis desenvolvidos apenas teñen marxes para poder influír nas taxas de crecemento das economías no curto prazo. Sen opcións claras de política monetaria, o espazo para a política fiscal e o emprego do gasto público como instrumento para estimular a economía é moi estreito.

Os sistemas bancarios da meirande parte dos países europeos, especialmente os da zona euro, son vulnerables. E na medida que se rexistre unha recuperación moito máis lenta das economías avanzadas, o empeoramento dos índices de morosidade, o grado de deterioro das finanzas públicas e a perda de valor dos bonos soberanos aumentan o risco admitido por os investidores, o que á súa vez fai que nos mercados de valores as accións

bancarias cedan valor.

A peor crise de confianza vense producindo na eurozona, onde seguen en curso as negociacións sobre as fórmulas e modos de solución da débeda de Grecia entre a Comisión Europea, o Banco Central Europeo e o FMI. Existen grandes dificultades para aplicar os axustes nos países máis afectados, ao tempo que as economías que deben proporcionar apoios non dan definido unha política clara. Mentres, moitos países –entre eles España– teñen adoptado medidas para reducir os déficit fiscais, ao tempo que os gobernos da zona procuran fortalecer o Fondo Europeo de Estabilidade Financeira, FEEF.

Déficit sobre o PIB

Déficit	2009	2010	2011 *
España	-11,2	-9,3	-6,3
Grecia	-15,4	-10,5	-9,5
Irlanda	-14,3	-32,4	-10,5
Alemania	-3,0	-3,3	-2,0
Bélgica	-5,9	-4,1	-3,7
Portugal	-10,1	-9,1	-5,9
Italia	-5,4	-4,6	-4,0
Francia	-7,5	-7,0	-5,8

Fonte: BCE

O problema da débeda soberana entrou nunha fase crítica, aguda e suxeita a elementos de contaxio, na que o primeiro efecto é o de elevar as primas de risco esixidas e as conseguíntes taxas de xuro máis altas, cando non está acompañada dunha dificultade para acceder ao financiamento. O risco de colapso para as economías nacionais afectadas só admite como única solución posible a adopción de medidas que restablezan a confianza dos investidores.


No horizonte inmediato, dependendo de como se resolva a crise da débeda grega, Europa podería ir cara unha recesión, agás que se dote un maior fondo de rescate e ao tempo se proceda á capitalización das entidades financeiras. España, que parte dunha posición singularmente desfavorable con respecto á débeda pública, contempla como a capacidade do sistema financeiro para manter a solvencia e normalizar os canles do crédito é posto en tela de xuízo.

As entidades financeiras españolas non só mostran exposición aos riscos de país no que afecta a posibles descontos sobre o valor dos activos en carteira de débeda soberana. En maior proporción, manteñen activos inmobiliarios de difícil liquidez, en tanto que deberán afrontar en 2012 o refinanciamento de operacións pasivas de obrigas e débeda ligada a ditos activos.

I.4. Sostibilidade e consolidación fiscal

A análise da crise financeira debe partir do recoñecemento de que os niveis de gasto público medraron sobre a base do endebedamento, por enriba do que a economía é capaz de soste.

Aínda que a xestión da crise financeira precisa certamente de visión e de liderado político no marco supranacional, senón tamén na gobernanza doméstica, non existe a opción de manter fortes estímulos fiscais, xa que é preciso dar sinais claras de disciplina nas contas públicas, e aínda de reformas estruturais que permitan recuperar o sendeiro dun crecemento firme. Dito de outra maneira, o nivel de gasto público sostible no longo prazo depende da capacidade de xeración de riqueza, non sendo posible manter un recurso permanente ao endebedamento.



No medio prazo, para retomar un sendeiro de equilibrio financeiro sostible é preciso realizar reformas fiscais tanto do lado dos gastos como dos ingresos. Nestes momentos nos que se pretende evitar unha situación de caída ou estancamento nos niveis do PIB, tense tamén que reducir o nivel de gasto do sector público para acomodalo á capacidade real de xeración de riqueza. É unha situación circular adversa, xa que para reactivar a economía non é doado acudir a estímulos fiscais xa que os mercados financeiros non o permiten, dado que a súa propia desconfianza en canto á capacidade de estabilizar as fianzas públicas pecha o crédito.


Os riscos á baixa son reais: o baixo crecemento subxacente e as vinculacións fiscais

e financeiras interactúan, facendo máis difícil a sostibilidade da débeda e comprometendo máis a estabilidade fiscal; a súa vez, un baixo crecemento leva a máis activos en situación de risco de mora, a consolidación fiscal dificulta o crecemento reincidindo na debilidade dos bancos e a escaseza de crédito, xerando unha espiral descendente.

No transcurso do ano 2011, o empeoramento nas perspectivas de crecemento afectou negativamente aos balances públicos e privados, complicando a tarefa de atender ás pesadas débedas. Os balances do sector público son sensibles ao aumento dos custos de financiamento, e someten ás finanzas públicas a limitacións para o exercicio de políticas fiscais anticíclicas, ao tempo que non queda marxe para aplicación de medidas de estímulo adicionais nas políticas monetarias. Na actual situación non existe apenas capacidade de elección para a maior parte dos países, entre os que se conta España.

Para iniciar unha fase de crecemento mundial sólido, sostible e equilibrado, os países deberían adoptar un plan de acción integral en tódolos ámbitos da política económica, e poñelo en marcha de maneira coordinada á escada mundial. Para os países máis desenvolvidos e menos afectados pola crise financeira, a estratexia é restablecer a sostibilidade das finanzas públicas asegurando ao mesmo tempo a continuidade de recuperación económica; mentres que os países con maiores problemas, deben atender ao restablecemento da estabilidade das finanzas tanto públicas como do sector privado, e iniciar as reformas e orientacións que conduzan ao aproveitamento inmediato das condicións de recuperación.

Diferencial Bono alemán a 10 anos




Fonte: Comisión Europea

Non hai capacidade para aplicar políticas económicas nacionais baseadas en impulso procedente do gasto público, no recuso ao déficit público. A estabilidade presupostaria, é un camiño ineludible. Entendida como resposta as esixencias dos mercados de capitais ou

como necesaria reposición dos equilíbrios de empresas, familias e administracións, introduce un cambio permanente no modo de actuación económica das administracións públicas, que deberán esforzarse en buscar a eficiencia, tanto en termos de gasto público como de políticas fiscais de ingresos, e incluso, a maneira de concibir a actuación do sector público e os instrumentos no terreo do estímulo á actividade económica e o crecemento sostible.

É o momento de desenvolver políticas que non representen gasto adicional, efectuando reformas que aumenten a capacidade competitiva da economías pola vía dos mercados de factores, como o mercado laboral e o propio sistema financeiro, ou en determinados mercados de produtos. Momento para emprender reformas a medio prazo, propicias para manter un certo crecemento mentres se axustan os balances de empresas e familias.

Capacidade (+) / Necesidade (-) de Financiamento en % do PIB



Fonte: BCE

O saneamento fiscal previsto contempla un rigoroso control do déficit e da débeda das Comunidades Autónomas. A Comunidade Autónoma de Galicia foi a primeira en adoptar disposicións de estabilidade das finanzas públicas, introducindo por lei normativas de déficit público atendendo ao crecemento do PIB nominal e determinando un teito de gasto a fixar polo Parlamento de Galicia previo á elaboración do proxecto de orzamentos anuais.

I.5. Retos da economía de Galicia

Todas as análises de prospectiva en Galicia poñen de manifesto os problemas derivados das negativas proxeccións demográficas. Afrontar este reto require aumentar a capacidade de retención e atracción da poboación, superando os actuais desequilíbrios territoriais e manter a calidade da provisión dos servizos básicos esenciais, como son educación, sanidade, e atencións sociais de todo tipo.

Ao mesmo tempo, é preciso facilitar aos cidadáns o acceso a traballo de calidade e a oportunidades de desenvolvemento persoal e das iniciativas, no marco dun sistema produtivo e empresarial que compita nun sistema económico global, incidindo na formación e capacitación dos empregados e mellora da calidade dos empregos, nas iniciativas innovadoras, a cultura do risco e de emprendemento empresarial.

Ademais das cualificacións e aptitudes persoais e colectivas, a produtividade debe basearse nun eficiente emprego dos recursos, dun especial aproveitamento dos recursos naturais marítimos, costeiros, agrogandeiros, forestais, e turísticos, dos servizos de mercado, educativos e sanitarios, que faciliten as iniciativas e o liderado nos sectores fortes e competitivos.

Da diagnose da estrutura produtiva de Galicia despréndese a necesidade de lograr un maior grao de integración da economía rexional na economía mundial, unha maior apertura cara ás economías exteriores, que require un esforzo na internacionalización das nosas empresas, especialmente as pequenas e medianas, tanto no terreo comercial como no campo da innovación e da transferencia de tecnoloxías.

Especial atención merecen as actividades relacionadas co cambio climático, o aumento da eficiencia enerxética e o aproveitamento das enerxías renovables, esenciais para conseguir un sistema produtivo competitivo en custes e sostible no tempo, e onde Galicia mostra unha clara potencialidade, como son as enerxías renovables eólica e a procedente de biomasa. Sen esquecer o aforro produto da eficiencia enerxética no consumo doméstico e na loxística de transporte de persoas e mercadoría.

O Plan estratéxico Galicia 2010-2014, horizonte 2020, aprobado polo goberno da Xunta e avaliado polo Parlamento e as forzas sociais de Galicia, diseña unha folla de ruta que para os prazos medio e longo, fai fincapé nas actuacións transversais de reforzo dos factores de competitividade sinalados, nun contorno de solidariedade social, ordenación do espazo, conservación dos espazos naturais e preservación do medio ambiente.

I.6. As prioridades de gasto nos Orzamentos Xerais

Os Orzamentos Xerais para 2012 supoñen, como ven sendo habitual, a materialización financeira e de asignación de recursos dos obxectivos de política económica da Xunta, contida no Plan estratéxico, e abundan no perfeccionamento dun marco de actuación da administración autonómica onde a innovación e a eficiencia no emprego dos recursos estean permanentemente presentes, creando oportunidades económicas aos actores privados e afianzando a seguridade no aprovisionamento, loxística, e sostibilidade dos recursos naturais.

Os orzamentos parten dun principio de sostibilidade e de solvencia da administración autonómica, manteñen a coherencia do gasto con respecto aos obxectivos estratéxicos

fixados para o desenvolvemento social e económico de Galicia, facendo énfase na provisión dos servizos básicos fundamentais e no reforzo dos factores de competitividade da economía, e camiñando na dirección de mellora na eficiencia do gasto.

Dando por sentado que o marco de política económica actual é moi fráxil, e que os mercados diferenciarán aínda máis e penalizarán aos axentes públicos e privados que non estean na senda da estabilización, as decisións de gasto nos Orzamentos céntranse non só en escoller moi claramente o que se vai a facer, dentro dos límites de manobra posibles, senón tamén nun enfoque estrutural: a cuestión non se limita a axustar os orzamentos, senón en definir cómo se vai a medrar, en priorizar os recursos entre as diferentes medidas contidas nos obxectivos estratéxicos do Plan estratéxico. No establecemento de obxectivos e prioridades téñense incorporado progresivamente as propostas de resolución aprobadas polo Parlamento de Galicia, xa neste orzamento.

O criterio de asignación aplicado obedece a fixar políticas de crecemento selectivo, a crear condicións favorables para un crecemento pola vía da innovación e o investimento. Tendo presente que o cambio estrutural non ofrece resultados inmediatos, as reformas máis importantes estruturantes teñen lugar son en educación, saúde, innovación e desenvolvemento, crecemento verde sostible, competencia, mellora dos mercados de traballo, mercados de produtos, e unha estrutura impositiva que non grave o investimento e a creación de emprego, senón máis o consumo non esencial.

Na mesma dirección de mostrar aos restantes axentes económicos, e en especial ao sector privado, sinais claras facilitar a toma de decisións a longo prazo e estimular os seus plans de investimento, os Orzamentos teñen priorizado as actuacións máis favorecedoras dunha economía competitiva, inclusiva no plano social e de baixo impacto medioambiental, propiciando nunha mellor xestión dos recursos enerxéticos, auga, aire, terreo e solo, complementando a ampla normativa que sobre ordenación dos espazos e recursos naturais se ven realizando nestes anos, e que abrangue un amplo abano de materias, como o reciclado, auga, aire, terreo e solo, recursos mariños, ordenación do litoral, construción eficiente no aforro da enerxía, mobilidade e transporte.

Como elemento analítico en apoio da eficacia e impacto das medidas e programas de gasto, tal e como poderá comprobarse cando se efectúe unha análise das distintas partidas presupostarias, nos Orzamentos Xerais para 2012, dáse un paso máis no emprego de indicadores de realización e avaliación dos obxectivos, mellorando as prácticas dunha política pública deseñada para incorporar progresivamente metodoloxías de análise custo-beneficio, e empregar máis eficientemente os recursos.

A elaboración dos orzamentos conta cunha continuada revisión dos programas de gasto, analizando todas e cada unha das máis de 1.000 actuacións e proxectos nos que se materializan as cerca de 200 actuacións de política económica da Xunta con incidencia presupostaria, e compoñendo un cadro de seguimento da execución e avaliación de máis

de 1.700 indicadores de realización, de resultado e de avaliación, que permite medir o impacto das actuacións e o grao de consecución dos obxectivos establecidos.



CONTEXTO ECONÓMICO FINANCEIRO

II. CONTEXTO ECONÓMICO FINANCEIRO

II.1. CONTEXTO ECONÓMICO

II.1.1. CONTEXTO INTERNACIONAL

As perspectivas de crecemento da economía mundial prevén un lixeiro retroceso no crecemento de 2011 sobre o de 2010, así o FMI, na actualización de setembro do seu informe semestral de perspectivas da economía mundial, prevé un crecemento global do 4,0% no ano actual fronte ao avance do 5,1% de 2010; en 2012 o crecemento será tamén do 4,0 %. Estas proxeccións comparadas coas de abril, restan catro décimas ao crecemento de 2011 e cinco ao incremento de 2012. O informe do FMI indica que a recuperación económica é agora máis incerta que a principios de ano debido, por unha parte, á recuperación moito máis lenta das economías avanzadas do previsto a principios de ano e, por outra, á agudización da incerteza fiscal e financeira que foi particularmente pronunciada desde agosto.

As economías emerxentes continuarán rexistrando taxas de crecemento elevadas, 6,4% en 2011 e 6,1% en 2012, lideradas por China con crecementos superiores ao 9%. Estas economías son as menos afectadas nas novas proxeccións. Nas economías avanzadas as novas previsións moderan o crecemento con respecto ás anteriores e prognostican un crecemento lixeiramente superior para 2012 ao de 2011. Así, no presente ano este conxunto de economías crecerá un 1,6% e en 2012 un 1,9%, cifras que, respecto ás previstas en abril, revisan seis décimas á baixa a de 2011 e sete décimas a de 2012. Estas estimacións mostran un escenario máis pesimista para a área euro dado que o crecemento esperado en 2012, un 1,1%, é cinco décimas inferior ao crecemento de 2011; ademais, con respecto ás previsións anteriores (de xuño) os crecementos de 2011 e 2012 son catro e seis décimas inferiores respectivamente.

Na zona Euro, como se comenta no parágrafo anterior as previsións de crecemento segundo o FMI son do 1,6% para 2011 e do 1,1% en 2012; a previsión de 2011 empeora catro décimas con respecto á realizada en xuño e a de 2012 descende sete décimas e mostra que a recuperación será máis lenta do inicialmente previsto no conxunto da zona. Na UE-27 os crecementos serán do 1,7% en 2011 e do 1,4% en 2012 rebaixando tamén as previsións anteriores. Por países dentro da zona euro as perspectivas son similares ao conxunto, menor crecemento en 2012 que en 2011; así ocorre en Alemaña (2,7% e 1,3%), Francia (1,7% e 1,4%), Italia (0,6% e 0,3%), Holanda (1,6% e 1,3%) e Bélxica (2,4% e 1,5%) por citar as máis destacadas. En España (0,8% e 1,1%) e Irlanda (0,4% e 1,5%) o crecemento será maior en 2012; en Grecia e Portugal o decrecemento será menor en 2012. Outras previsións de organismos internacionais están máis desfasadas temporalmente e non teñen en conta os acontecementos máis recentes de xullo e agosto; as previsións da Comisión Europea da primavera, publicadas o 13 de maio estiman un crecemento do 1,6%

en 2011 e do 1,8% en 2012 para a eurozona e na UE-27 os crecementos serán do 1,8% en 2011 e do 1,9% en 2012; as proxeccións da OCDE de xuño melloran lixeiramente as previsións da Comisión para 2011 ao elevar o crecemento da zona euro a un 2%, debido principalmente a unha estimación superior do crecemento de Alemania (3,4%) e Francia (2,2%), para as restantes economías da zona as previsións son similares ás da Comisión.

Tendo en conta os datos dispoñibles ata o momento actual, datos do segundo trimestre, pódese afirmar que a actividade económica mundial no ano 2011 comezou con altas taxas de crecemento, aínda que de xeito desigual e que nos últimos meses este crecemento se moderou, sobre todo nas economías avanzadas mentres que nas emerxentes a actividade continuou vigorosa. Os datos do segundo trimestre do ano reflicten esta situación, o crecemento da UE 27 en termos de taxas interanuais foi no segundo trimestre do 1,7%, sete décimas inferior ao crecemento do primeiro trimestre, o dato positivo foi que con respecto á previsión da Comisión o crecemento foi unha décima superior. Os principais países en termos económicos da zona presentaron un menor crecemento no segundo trimestre que no primeiro (Alemania, Francia, Italia, Reino Unido, España, ...). En Estados Unidos o crecemento reduciuse 1,1 puntos porcentuais (1,4% no segundo trimestre fronte ao 2,5% do primeiro), en Xapón o descenso foi do 1,1% catro decimas máis que a caída rexistrada no primeiro trimestre. A información para as principais economías que se detallan a continuación reflicten estes comentarios globais.

En Alemania o PIB creceu neste trimestre un 2,8%, 1,8 puntos menos que no trimestre anterior. Esta redución do crecemento é atribuíble tanto ao menor crecemento da demanda nacional (nove décimas menos) como á redución das taxas de crecemento das exportacións (4,9 puntos).

Francia acadou no segundo trimestre de 2011 un crecemento interanual do 1,7%, cinco décimas inferior o do trimestre precedente. Neste caso tamén se reduciu o ritmo de crecemento da demanda nacional (nove décimas) e das exportacións (3,3 puntos).

En Italia o crecemento do PIB no segundo trimestre con respecto ao mesmo trimestre do ano precedente foi do 0,8% ,cando no trimestre anterior fora do 1%. Por compoñentes do PIB a situación é semellante á dos dous países anteriores, menor crecemento da demanda interna en maior medida que o PIB e descenso de 1,4 puntos no ritmo de crecemento das exportacións.

No Reino Unido o crecemento do segundo trimestre do ano foi do 0,6%, inferior ao 1,6% do trimestre anterior. Os datos veñen a confirmar o mantemento da actividade no sector servizos e o retroceso da produción de bens xa apuntados polos indicadores de maior frecuencia como a produción industrial e os índices de xestores de compras.

Por último, para as economías grega e portuguesa a previsión da Comisión para o segundo trimestre é dun descenso do 1,4% e do 2,3% respectivamente, o dato de Grecia,

non se coñece polo momento pero o crecemento de Portugal foi dun -0,9%, case punto e medio superior ao previsto pola Comisión

Fora de Europa a situación dos principais países é a seguinte: en Estados Unidos, continúa o descenso dos crecementos interanuais, o dato do segundo trimestre é dun crecemento do 1,6% seis décimas por debaixo do rexistrado no trimestre anterior, esta situación de debilidade no seu crecemento débese a atonía da demanda nacional (creceu un 1,4% fronte ao crecemento do 2,5% do primeiro trimestre), tanto do consumo privado como da inversión, e os indicadores máis recentes reflicten a prolongación deste escaso dinamismo, o crecemento das exportacións tamén se moderou pasando dun 8,9% do primeiro trimestre a un 7,3% no segundo. No curto prazo esperase que a desaceleración no crecemento de PIB sexa transitoria e que continúe a recuperación, pero a ritmos menos sólidos que noutros episodios de recuperación.

O terremoto e posterior tsunami de Xapón fixo que o PIB caera no primeiro trimestre un 0,7% e un 1,1% no segundo, a demanda doméstica mellorou con respecto ao crecemento do primeiro trimestre pero non compensou a caída da demanda externa, as exportacións reduciron en máis de 11 puntos o seu crecemento. Dada a progresiva normalización da oferta o proceso de reconstrución impulsará o crecemento a partir do terceiro trimestre.

En China o PIB rexistrou un crecemento do 2,2% intertrimestral o que sitúa a taxa interanual no 9,5% no segundo trimestre. O ritmo de expansión mantense robusto, moderándose suavemente pese a situación de relativa debilidade da demanda externa. O FMI prevé un crecemento máis moderado que en anos anteriores, pero con cifras próximas aos dous díxitos; o crecemento de China será do 9,6%. Nos principais países asiáticos o crecemento será tamén elevado, un 8,2% en India e un 5,5% en Malaisia. En América Latina os crecementos roldarán o 5%; un 6% en Arxentina, un 4,5% en Brasil, un 5,9% en Chile e un 4,6% en México, datos das principais potencias económicas da zona. As previsións da Comisión Europea para algúns destes países aproxímanse en gran medida ás do FMI.

Os seguintes cadros mostran as últimas previsións da comisión europea, da OCDE e do FMI para os principais países e para o ano 2012 e no caso das estimacións do FMI (previsións máis recentes) a comparación coas previsións anteriores para o ano 2011 e 2012.

Previsións macroeconómicas para 2012. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	FMI		OCDE	Comisión
	Set. 2011	Mai. 2011	Mai. 2011	Mai. 2011
PIB Mundial	4,0	--	--	--
Área Euro	1,1	2,0	1,8	1,8
Francia	1,4	2,1	2,0	2,0
Alemania	1,3	2,5	1,9	1,9
Italia	0,3	1,6	1,3	1,3
Portugal	-1,8	-1,5	-1,8	-1,8
España	1,1	1,6	1,5	1,5
Reino Unido	1,6	1,8	2,1	2,1
Estados Unidos	1,8	3,1	2,7	2,7
Xapón	2,3	2,2	1,6	1,6
Canadá	1,9	2,8	--	--
China	9,0	--	--	--
India	7,5	--	--	--
Comercio mundial bs e ss	5,8	--	--	--

Fonte: FMI, OCDE e Comisión Europea

Previsións macroeconómicas para 2012. PIB Volume. Taxas de variación interanual en %

	2011		2012	
	Abr. 2011	Set. 2011	Abr. 2011	Set. 2011
PIB Mundial	4,4	4,0	4,5	4,0
Área Euro	1,6	1,6	1,8	1,1
Francia	1,6	1,7	1,8	1,4
Alemania	2,5	2,7	2,1	1,3
Italia	1,1	0,6	1,3	0,3
Portugal	-1,5	-2,2	-0,5	-1,8
España	0,8	0,8	1,6	1,1
Reino Unido	1,7	1,1	2,3	1,6
Estados Unidos	2,8	1,5	2,9	1,8
Xapón	1,4	-0,5	2,1	2,3
Canadá	2,8	2,1	2,6	1,9
China	9,6	9,5	9,5	9,0
India	8,2	7,8	7,5	7,5
Comercio mundial bs e ss	7,4	7,5	6,9	5,8

Fonte: FMI

II.1.2. ECONOMÍA ESPAÑOLA

O PIB xerado pola economía española no segundo trimestre de 2011 rexistrou un crecemento do 0,7% respecto ao mesmo período do ano anterior, dúas décimas inferior ao rexistrado para o período precedente. Deste xeito a economía española desacelera suavemente o seu crecemento interanual manténdose o sector exterior como principal motor de crecemento.

Analizando os dous grandes compoñentes do PIB español dende a óptica do gasto observase unha maior caída da demanda nacional que non se viu totalmente compensada pola maior achega da demanda externa. Así, por unha parte, a achega da demanda nacional ao PIB sitúase no -1,9% punto e medio menos que no trimestre precedente e por outra, a demanda externa incrementa a súa achega ao crecemento agregado pasando do 1,3 do trimestre anterior a 2,6 puntos no trimestre actual.

España. PIB e os seus compoñentes. Perspectiva da demanda.
Índices de volume. Taxas de variación anual

	2010				2011	
	I	II	III	IV	I	II
PIBpm a Prezos de mercado	-1,4	0,0	0,2	0,6	0,9	0,7
Demanda interna						
Gasto en consumo final	-0,5	1,5	0,9	0,9	1,2	-0,4
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,3	2,1	1,5	1,6	0,7	-0,2
- Gasto en consumo final AAPP	-1,1	-0,1	-0,7	-0,9	2,6	-1,0
Formación bruta de capital	-10,2	-6,0	-6,0	-5,6	-5,9	-6,9
Sector Exterior						
Achega demanda externa neta	1,7	0,3	0,9	1,2	1,3	2,7
Exportación bs e ss	9,4	11,9	9,4	10,5	12,1	8,4
Importación bs e ss	2,0	9,6	5,0	5,3	6,3	-1,7

Fonte: CNTR INE

O gasto en consumo final dos fogares reduce o seu crecemento interanual este trimestre dende o 0,7% ata o -0,2% sendo o crecemento negativo por primeira vez dende o primeiro trimestre do 2010. Debe terse en conta que detrás deste resultado está o feito de que a comparación se realiza cun período do 2010 no que se alcanzou un máximo no ciclo de gasto, debido probablemente ao anticipo de compras que realizaron os fogares previamente ao incremento dos tipos impositivos do IVE. Con todo, a remuneración de asalariados tamén descende un 0,5% unha décima máis que no trimestre anterior.

O gasto en consumo final das AA.PP. rexistra un decrecemento similar ao dos últimos trimestres de 2010, como consecuencia da redución do gasto na remuneración dos asalariados das AAPP e nas compras de bens e servizos realizadas por estas administracións. A formación bruta de capital fixo aumenta tamén a súa contracción en sete décimas pasando do -6% ao -6,7%

A achega da demanda externa da economía española ao PIB trimestral duplicouse neste período pasando de 1,3 a 2,6 puntos, resultado que se produce como consecuencia dunha desaceleración tanto nas importacións como nas exportacións, mais significativa no caso das importacións que chegan a rexistrar crecementos negativos. As exportacións bens e servizos atenúan o seu crecemento pasando do 12,1% ao 8,4% en sintonía coa evolución desacelerada das economías as que se dirixen estas exportacións, fundamentalmente da UE. A moderación no caso dos bens foi intensa pasando do 15,8% ao 8,5% mentres as exportacións de servizos non turísticos aumentaron do 4,3 ao 7,7% e o gasto dos non residentes tamén aumentou pasando do 4,6 ao 9,0%. Pola súa parte as importa-

cións reduciron o seu crecemento dende o 6,3 ao -1,7%

Dende a perspectiva da oferta apreciase un menor crecemento que no trimestre precedente en todas as ramas de actividade coa excepción da rama da construción. Así as ramas agraria e pesqueira pasan do 0,2 ao -0,1% as enerxéticas e industriais reducen o seu crecemento do 3,9 ao 2,8% e as ramas dos servizos reducen unha décima o seu crecemento e sitúanse no 1,2%, mentres que a construción mellora lixeiramente o seu rexistro e descende o 4,1%.

España. PIB e os seus compoñentes. Ótica da oferta. Índices de volume. Taxas de variación anual

	2010				2011	
	I	II	III	IV	I	II
PIB a prezos de mercado	-1,4	0,0	0,2	0,6	0,9	0,7
Agricultura, gandería e pesca	-1,2	-2,1	-2,2	0,3	0,2	-0,1
Enerxía	0,1	0,6	4,6	6,6	3,4	0,9
Industria	-2,0	2,5	1,7	1,4	4,1	3,2
Construción	-6,4	-6,5	-6,6	-5,8	-5,4	-4,1
Servizos	-0,6	0,4	0,8	1,1	1,3	1,2
- Servizos de mercado	-1,0	0,3	0,9	1,3	1,5	1,4
- Servizos non de mercado	0,8	0,9	0,7	0,7	0,8	0,5

Fonte: CNTR INE

O emprego, medido en postos de traballo a tempo completo, reduce o seu crecemento negativo ata situarse no -1,0% o que supón a redución de 172 mil empregos netos a tempo completo nun ano. O número de horas efectivamente traballadas polas persoas ocupadas na economía redúcese un 1,7% neste trimestre. A diferenza entre esta evolución e a dos empregos equivalentes a tempo completo debese o descenso do 0,7% da xornada media a tempo completo.

Con este crecemento da actividade e do emprego a produtividade aparente por posto de traballo equivalente redúcese en sete décimas dende o 2,4 ata o 1,7%.

España. Postos de traballo equivalentes a tempo completo. Taxas de variación anual

	2010				2011	
	I	II	III	IV	I	II
Total	-3,9	-2,4	-1,6	-1,4	-1,4	-1,0
Agricultura, gandería e pesc	-0,3	-0,6	1,3	4,7	-2,0	-1,5
Enerxía	-2,7	0,3	1,5	3,6	-0,3	-0,6
Industria	-8,5	-5,0	-3,8	-2,4	-2,3	-1,9
Construción	-16,6	-12,0	-9,6	-11,0	-9,2	-10,0
Servizos	-1,3	-0,6	-0,2	-0,2	-0,2	0,4
- Servizos de mercado	-2,3	-1,6	-0,9	-0,6	-0,3	0,9
- Servizos non de mercado	1,5	1,8	1,4	0,8	0,0	-0,6

Fonte: CNTR INE

Estes datos do segundo trimestre de 2011 parecen confirman que o ritmo do crecemento económico é moi exiguo. O crecemento interanual do PIB rexistrará moi proba-

blemente un rexistro similar ou lixeiramente superior ao do segundo trimestre no terceiro trimestre e, dado que as perspectivas sobre a magnitude das taxas do segundo semestre non son moi optimistas, parece moi difícil acadar o crecemento anual previsto polo Ministerio (1,3%), os rexistros máis modestos – 0,8% ou 0,9%– previstos por outros organismos nacionais e internacionais (Banco de España, OCDE, CE, FIM) pódense alcanzar incluso con taxas intertrimestrais case nulas.

A información dispoñible do terceiro trimestre mostra, en liñas xerais, a atonía da actividade. No caso do consumo privado, os índices de confianza dos consumidores e dos comerciantes polo miúdo elaborados pola Comisión Europea experimentaron en xullo e agosto sendos retrocesos. Entre os indicadores cuantitativos, o índice de comercio polo miúdo en xullo e agosto mellorou as taxas interanuais dos meses precedentes, pero seguen sendo moi negativas (por debaixo do -4%). As matriculacións de vehículos particulares no conxunto de xullo e agosto foron similares ás do mesmo período do ano anterior. Tanto en xullo como en agosto, as matriculacións presentaron taxas intermensuais positivas, en termos da serie desestacionalizada, próximas ao 3%.

No caso da inversión en equipo, os indicadores de clima industrial e de carteira de pedidos do sector, o índice de produción industrial deste tipo de bens e as matriculacións de vehículos de carga mostran no que vai do terceiro trimestre unha mellora. En sentido contrario, o grao de utilización da capacidade produtiva na industria da enquisa trimestral da Comisión Europea retrocedeu no terceiro trimestre en 2,1 puntos porcentuais, ata acadar un nivel do 72,6 %.

Os indicadores referidos á construción seguen mostrando a traxectoria contractiva pola que atravesamos o sector. En termos de emprego, as afiliacións á Seguridade Social desta rama intensificaron o seu ritmo de descenso interanual en algo máis dun punto respecto ao segundo trimestre, ata o -12,6% na media de xullo e agosto. A confianza dos empresarios do sector continuou nos meses de xullo e agosto en niveis moi reducidos, análogos aos observados no primeiro semestre do ano.

Segundo os últimos datos dispoñibles de Aduanas, relativos ao mes de xullo, as exportacións reais de bens aumentaron un 8,8% en termos interanuais, taxa similar á observada no segundo trimestre. As importacións reais caeron no mesmo mes un 10,3%, descenso moito máis acusado que o do segundo trimestre (-0,7%). En termos nominais tamén se aprecia a diferenza entre o crecemento interanual das exportacións e importacións en xullo, pois as primeiras aumentaron un 13,8% e as compras ao exterior descendieron un 1,9%. A última información dispoñible referida ao turismo receptor mostra unha prolongación do elevado dinamismo do segundo trimestre neste sector. En xullo e agosto, tanto as entradas de turistas como las pernoitas hoteleiras de viaxeiros procedentes do estranxeiro continuaron crescendo notablemente, rexistrando taxas interanuais no conxunto deses dous meses do 8,3 % e do 13,1 %, respectivamente. Finalmente, o gasto total (medido en termos nominais) realizado polos turistas non residentes no mes de xullo

registrou un incremento interanual do 9,6 %, debido, sobre todo, ao aumento do número de turistas —superior ao 7%—, aínda que tamén creceu —en algo máis dun 2%— o gasto medio por turista.

Os indicadores dispoñibles referidos á actividade industrial no terceiro trimestre do ano seguen mostrando a falta de vigor desta rama. Así, os niveis dos indicadores cualitativos diminuíron nos dous primeiros meses do trimestre, entre os indicadores cuantitativos, o número de afiliacións á Seguridade Social en xullo e agosto seguiu diminuíndo, pero o índice de produción industrial, que caera en xullo, recuperou unha taxa positiva en agosto.

No caso dos servizos, os indicadores cualitativos dispoñibles tamén presentaron unha evolución desfavorable en xullo e agosto. Apenas se observaron variacións na traxectoria dos afiliados á Seguridade Social nesta rama, que seguiron aumentando levemente, en torno ao 0,3 % interanual, o que supón un estancamento en termos intermensuais. Finalmente, o indicador de actividade do sector servizos presentou un lixeiro incremento interanual en xullo, do 0,1% en termos reais e corrixido de estacionalidade, fronte ás taxas negativas mostradas de forma ininterrompida desde xullo de 2010.

No mercado de traballo, a evolución dos afiliados á Seguridade Social no terceiro trimestre, que diminuíu a unha taxa interanual do 1,2%, mostra de novo unha tendencia crecente no ritmo de destrución de emprego. Pola súa parte, a taxa de crecemento interanual do número de parados inscritos no Servicio Público de Empleo Estatal (SEPE) aumentou en media un 4,6% no terceiro trimestre, fronte ao 3,2% do anterior trimestre

O custo laboral medio por traballador e mes aumentou un 0,8% interanual no segundo trimestre do ano, taxa coincidente coa observada no trimestre precedente. Por compoñentes, os custos salariais desaceleráronse como consecuencia dos menores pagos atrasados, en tanto que os custos non salariais mostraron un repunte. De acordo coa información salarial máis recente acerca da evolución da negociación colectiva, que inclúe os convenios rexistrados ata o 31 de agosto, o incremento salarial medio pactado para o ano 2011 é do 2,65%. Nos convenios que son acordos revisados de carácter plurianual, o incremento medio pactado é do 2,8% (representan un 90% do total dos firmados ata agora). Nos convenios de nova firma (cuxo primeiro ano de vixencia é 2011) o aumento pactado é do 1,6%.

En setembro, o IPC acelerouse ata unha taxa interanual do 3,1%, unha décima por enriba da rexistrada en agosto; rompendo a tendencia descendente dos catro meses anteriores. A taxa interanual da inflación subxacente tamén se elevou unha décima en setembro ata o 1,7%.

En agosto, el índice xeral de prezos industriais aumentou un 7,1% interanual, catro décimas menos que o mes anterior. A desaceleración dos prezos foi xeneralizada por compoñentes, excepto no caso dos bens de consumo duradeiro, onde os prezos repun-

taron ata o 1,7 % interanual. Por último, os prezos de exportación, aproximados mediante os índices de valor unitario (IVU), aceleráronse lixeiramente en xullo, ata situar a súa taxa interanual no 4,6 %. O ritmo de crecemento interanual dos prezos industriais de exportación elaborados polo INE repuntou en xullo en 0,5 puntos porcentuais, ata o 5,2%, en contraste coa ralentización observada desde o comezo do ano. Na vertente importadora, tanto os IVU como os prezos industriais de importación repuntaron en xullo, ata taxas por encima do 9% interanual, cun encarecemento da enerxía e do resto de bens intermedios.

Polo que respecta ás previsións de crecemento para este ano e o 2012, as máis recentes son as do FMI (setembro de 2009), as do goberno español están bastante desfazadas porque datan de abril; preséntanse na seguinte táboa como elemento de comparación entre estes dous organismos.

Previsións macroeconómicas. España. TVA (%)

	2011		2012	
	MEH	FMI	MEH	FMI
PIB por compoñentes de demanda				
Gasto en consumo final nacional.	0,4	--	0,9	--
Gasto en consumo final nacional de fogares (1)	0,9	0,8	1,4	1,4
Gasto en consumo final das AA.PP.	-1,3	-1,2	-0,8	-0,8
Formación bruta de capital	-1,2	--	2,7	--
Formación bruta de capital fixo	-1,3	-5,1	2,7	-0,9
Variación de existencias*	0,0	--	0,0	--
Demanda nacional	0,0	-0,9	1,3	0,5
Exportacións de bens e servizos	8,3	8,7	7,9	3,0
Importacións de bens e servizos	3,0	2,1	4,1	0,8
Achega exterior*	1,3	1,7	1,0	0,6
Produto interior bruto	1,3	0,8	2,3	1,1
Mercado de traballo				
Emprego. Equivalente a tempo completo	0,2	-0,8	1,4	0,1
Taxa de paro	19,8	20,7	18,5	19,7
PIB prezos correntes				
PIB. Prezos correntes	2,6	2,3	3,8	2,6
PIB. Prezos correntes. Niveis. Miles de Millóns de €	1.089,9	1.087,5	1.131,4	1.115,9
* Achega ao crecemento do PIB				
(1) Inclúe ás ISFLSF				

Fonte: Ministerio de Economía e FMI

O escenario do FMI (máis actualizado) prevé unha caída da demanda doméstica do 0,9% en 2011 e un crecemento de medio punto en 2012. A mellora de 2012 provén de todos os apartados: o consumo privado, o consumo público e a inversión. A achega exterior neta será dun 1,7% en 2011 e dun 0,6% en 2012, o forte crecemento das exportacións en 2011 (8,7%) diminuirá en 2012 ata situarse no 3,0%. Sobre as perspectivas do goberno elaboradas en abril para 2012 o FMI é máis pesimista no que respecta ao crecemento da inversión e tamén das exportacións.

En canto ao emprego, o FMI espera que a taxa de paro en España chegue ao 20,7% en 2011 e en 2012 se rebaixe un punto porcentual ata situarse no 19,7%.

II.1.3. ECONOMÍA GALEGA

○ Produto interior bruto (PIB) xerado pola economía galega no segundo trimestre de 2011 rexistrou un crecemento de seis décimas con respecto ao mesmo período do ano anterior, medido en termos de índices de volume e con datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario. Este crecemento é dúas décimas inferior ao crecemento observado no trimestre anterior.

○ crecemento interanual do PIB galego no segundo trimestre do ano é unha décima inferior ao da economía española (0,7%).

Neste trimestre o incremento intertrimestral sitúase no 0,2%, dúas décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior e iguala a taxa intertrimestral nacional.


Produto interior bruto. Índices de volume. Datos corrixidos de efectos estacionais e de calendario

	2009	2010	2010				2011	
			I	II	III	IV	I	II
Galicia								
Variación interanual	-3,1	0,1	-1,1	0,1	0,7	0,5	0,8	0,6
Variación intertrimestral	--	--	0,1	0,3	0,2	-0,1	0,4	0,2
España								
Variación interanual	-3,7	-0,1	-1,4	0,0	0,2	0,6	0,9	0,7
Variación intertrimestral	--	--	0,1	0,3	0,0	0,2	0,4	0,2

Galicia. Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

España Fonte: INE. Contabilidad nacional trimestral de España


PIB pm. Volume encadeado referencia 2005. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.
Variacións interanuais (%)



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Analizando os compoñentes do PIB dende a óptica da demanda observamos que a achega da demanda en termos nacionais ao crecemento do PIB foi de -2,2 puntos porcentuais, dúas décimas inferior á contribución do trimestre anterior. O gasto en consumo final presenta un descenso do 0,9%, unha décima superior ao rexistrado no trimestre anterior, o apartado da formación bruta de capital rexistra un descenso do 5,3%, coincidente co retroceso observado no trimestre precedente. A contribución do sector exterior é de 2,8 puntos porcentuais, a mesma que no trimestre anterior.

Volume encadeado referencia 2005. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario.



Fonte: IGE, INE, EUROSTAT

Galicia. PIB e os seus compoñentes. Perspectiva da demanda. Índices de volume.
Taxas de variación anual

	2010				2011	
	I	II	III	IV	I	II
PIBpm a Prezos de mercado	-1,1	0,1	0,7	0,5	0,8	0,6
Demanda interna						
Gasto en consumo final	-0,2	0,1	-0,4	-0,5	-0,8	-0,9
- Gasto en consumo final dos fogares e ISFLSF	-0,5	0,1	-0,6	-0,7	-1,2	-1,7
- Gasto en consumo final AAPP	0,6	0,1	0,0	0,0	0,6	1,2
Formación bruta de capital	-5,0	-6,4	-6,9	-6,5	-5,3	-5,3
Sector Exterior						
Achega demanda externa neta	0,5	1,8	2,9	2,8	2,8	2,8
Exportación bs e ss	8,7	8,7	7,2	3,9	4,6	6,6
Importación bs e ss	6,2	4,0	1,0	-1,2	-0,8	0,8

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

O gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares decrece un 1,7% no segundo trimestre de 2011, cinco décimas superior ao descenso que experimentou no trimestre anterior. A debilidade deste agregado reside sobre todo na atonía do mercado de traballo que diminúe a renda dispoñible. Indicadores de consumo que amosan un comportamento similar ao do agregado son: as matriculacións de turismos que rexistran neste trimestre un descenso superior ao do trimestre precedente e a renda salarial real calculada coa afiliación, o incremento salarial pactado en convenio e o IPC tamén acada un descenso superior ao do primeiro trimestre. En cambio o índice de vendas de comercio polo miúdo deflactado e corrixido de estacionalidade e calendario rexistrou no segundo trimestre de 2011 un descenso interanual (5,3%) 1,3 puntos menor

ao rexistrado no trimestre anterior e o índice de confianza do consumidor presenta neste trimestre unha mellora respecto ao trimestre anterior de 3 puntos.

No mesmo período, a taxa de crecemento do gasto en consumo final das administracións públicas é seis décimas superior á taxa observada no trimestre anterior quedando no 1,2%, moi inferior aos crecementos superiores ao 4% dos anos anteriores a 2010.

A formación bruta de capital mostra un ritmo de caída igual ao do trimestre anterior, descendeu un 5,3% neste trimestre. A inversión en construción residencial rexistra un menor descenso que no trimestre anterior mentres que os datos de importación de bens de equipo, a matriculación de vehículos de carga e a produción industrial de bens de equipo indican un comportamento inverso: aumenta a caída interanual do trimestre anterior.

Como xa se comentou anteriormente, no segundo trimestre de 2011 a achega da demanda externa neta foi de 2,8 puntos, igual que a estimada no trimestre anterior. As exportacións presentan un crecemento do 6,6%, aumentando dous puntos o crecemento do trimestre precedente; as exportacións de bens e servizos a outros países elevaron fortemente o seu ritmo de crecemento e compensan a atonía da demanda do resto de España e a caída do gasto dos non residentes. Pola súa parte, as importacións creceron un 0,8%, o que supón un aumento de 1,6 puntos sobre o descenso do trimestre anterior.

Dende a perspectiva da oferta, no segundo trimestre de 2011 os crecementos interanuais son positivos no sector primario e nos servizos. En sentido contrario, as ramas enerxéticas, industriais e a construción rexistran un crecemento negativo; as primeiras reducen o seu ritmo de descenso, as industriais regresan a taxas negativas e a construción continúa con taxas negativas similares ás de trimestres anteriores.

As ramas agraria, gandeira e pesqueira presentan un crecemento do 0,9%, cinco décimas por debaixo do crecemento do primeiro trimestre.

As ramas enerxéticas rexistran un decrecemento do 0,6%, 2,7 puntos por debaixo da caída do trimestre anterior. No caso das ramas industriais acádase unha taxa de variación interanual inferior en 4,1 puntos á taxa do trimestre anterior, mostrando un rexistro do -3,4%; no índice de produción industrial destas ramas apréciase unha evolución similar.

A taxa de crecemento do sector da construción foi do -3,9%, unha décima inferior ao crecemento rexistrado no trimestre anterior. A edificación residencial mellora a taxa interanual do primeiro trimestre de 2011, a non residencial presenta unha maior caída que a rexistrada no trimestre anterior e a licitación oficial en obra civil rexistra un descenso similar ao do trimestre precedente.

Por último, neste trimestre o sector dos servizos presenta un crecemento interanual do 1,7%, o que implica un crecemento dúas décimas superior ao do trimestre precedente. Os servizos de mercado minoran unha décima a súa taxa interanual acadando un crece-

mento do 1,7%. Os servizos non de mercado creceron un 1,4%.

*Galicia. PIB e os seus compoñentes. Óptica da oferta. Índices de volume.
Taxas de variación anual*

	2010				2011	
	I	II	III	IV	I	II
PIB a prezos de mercado	-1,1	0,1	0,7	0,5	0,8	0,6
Agricultura, gandería e pesca	0,1	1,4	4,6	6,5	1,4	0,9
Energía	4,6	2,8	5,6	1,2	-3,3	-0,6
Industria	1,0	3,5	-1,6	-4,5	0,7	-3,4
Construción	-7,2	-6,8	-5,0	-4,0	-3,8	-3,9
Servizos	-0,6	0,4	1,3	1,6	1,5	1,7
- Servizos de mercado	-1,2	0,6	1,5	2,1	1,8	1,7
- Servizos non de mercado	1,3	-0,1	0,9	0,3	0,4	1,4

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

O emprego, medido en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, decreceu no segundo trimestre deste ano un 1,3%, o que supuxo un descenso de 12.114 postos de traballo nun ano.

Galicia. Postos de traballo equivalentes a tempo completo. Taxas de variación anual

	2010				2011	
	I	II	III	IV	I	II
Total	-3,0	-2,6	-1,5	-1,8	-1,6	-1,3
Agricultura, gandería e pesca	-5,9	-6,2	-2,5	-1,1	1,0	0,6
Energía	-3,4	-2,1	-1,3	-0,5	-2,3	-1,2
Industria	-5,6	-5,1	-4,1	-3,8	-3,7	-3,0
Construción	-12,3	-10,4	-8,6	-7,4	-7,8	-8,0
Servizos	-0,4	-0,3	0,4	-0,7	-0,6	-0,2
- Servizos de mercado	-1,2	-1,1	0,1	-1,5	-1,7	-1,0
- Servizos non de mercado	1,2	1,6	1,2	1,1	1,8	1,6

Fonte: IGE. Contas económicas trimestrais

Atendendo ás ramas de actividade cómpre destacar que os maiores descensos prodúcense nas ramas da construción e nas industriais; os servizos de mercado e as ramas enerxéticas descenden a redor dun 1,0%. As ramas de servizos non de mercado e as agrarias e pesqueira presentan crecementos positivos.

As ramas agraria e pesqueira mostran un crecemento interanual do 0,6% no segundo trimestre do ano, as ramas enerxéticas rexistran unha caída do 1,2%, 1,1 puntos inferior ao descenso do trimestre precedente e as industriais caeron un 3,0%, sete décimas menos que o descenso do trimestre anterior. A construción acadou un decrecemento do 8,0%, dúas décimas superior ao descenso rexistrado no primeiro trimestre.

Os servizos de mercado minoran o decrecemento do trimestre anterior en sete décimas, quedando situada a taxa no -1,0%. Os non de mercado experimentan un crecemento interanual do 1,6%, dúas décimas inferior ao crecemento do trimestre anterior.

Distinguindo por situación profesional, o emprego asalariado, en termos de postos de traballo e equivalentes a tempo completo, a nosa estimación trimestral unha taxa de variación interanual do -1,4%, dato que supón unha diminución de 9.823 postos de traballo asalariados a tempo completo nun ano.

Considerando de forma conxunta o crecemento do PIB trimestral e o do emprego, a variación interanual da produtividade aparente do factor traballo sitúase no 2,0%, cinco décimas menos que a variación rexistrada no trimestre anterior.

O PIB valorado a prezos correntes presenta no segundo trimestre de 2011 un crecemento interanual do 2,2%, dúas décimas inferior ao do trimestre precedente. Este crecemento implica unha taxa do deflactor implícito do 1,6%, coincidente coa do trimestre anterior.

A información dispoñible do terceiro trimestre mostra, en liñas xerais, certa atonía na actividade. Desde a perspectiva da demanda, os indicadores dispoñibles sobre o consumo privado do terceiro trimestre mostran esta debilidade: o índice de vendas do comercio de polo miúdo deflactado e corrixido de efecto calendario en xullo e agosto mellorou as taxas interanuais dos meses precedentes, pero seguen sendo moi negativas (por debaixo do -4%); as matriculacións de turismos no conxunto de xullo e agosto foron un 15% inferiores ás do mesmo período do ano anterior.

No caso da inversión en equipo, os indicadores de clima industrial e de carteira de pedidos do sector melloraron con respecto ao trimestre precedente se ben o dato de setembro de clima industrial foi o peor dato de todo o ano 2011; o índice de produción industrial deste tipo de bens continuou en xullo e agosto con descensos interanuais, aínda que inferiores aos de maio e xuño; as matriculacións de vehículos de carga no que vai do terceiro trimestre mostran unha taxa interanual negativa inferior ao trimestre precedente. O grao de utilización da capacidade produtiva na industria permanece estabilizado no entorno do 86%.

Os indicadores referidos á construción seguen mostrando a traxectoria contractiva pola que atravesamos o sector. O subsector da edificación residencial no terceiro trimestre mostra, dende o punto de vista da oferta, unhas taxas interanuais lixeiramente superiores ás dos meses anteriores, pero con taxas negativas elevadas. Dende a perspectiva da demanda a situación é desfavorable e os principais indicadores presentan comportamentos que indican que as circunstancias tenden a empeorar. Ademais, o elevado stock de vivendas sen vender e as dificultades de acceso ao crédito por parte dos promotores limitará o restablecemento da produción.

En canto ao comercio exterior de bens, segundo os datos acumulados ata xullo as exportacións reais de bens aumentaron un 10,0 % en termos interanuais, a tendencia ao longo do ano das exportacións en termos reais é descendente, dous factores contribúen e

isto: diminúe o crecemento en termos nominais e increméntanse os prezos; así no mes de xullo o crecemento en termos de volume foi do -8,8% debido a un crecemento nominal do 1,5% e un crecemento dos prezos do 11,3%. As importacións reais caeron en xullo un 22,7%, descenso moito máis acusado que o do segundo trimestre (-1,8%). En termos nominais tamén se aprecia a diferenza entre o crecemento interanual das exportacións e importacións, pois no mes de xullo as primeiras aumentaron un 1,5% e as compras ao exterior descenderon un 18,8%.

O índice de produción industrial presenta un descenso en media do 7,9% en xullo e agosto comparado co mesmo período do ano anterior, cinco puntos máis que o descenso rexistrado no segundo trimestre. A maior caída correspóndelle aos produtos enerxéticos, por razóns climáticas, pero as ramas industriais tamén manifestan certo retroceso.

No caso dos servizos, o indicador de actividade do sector servizos rexistrou un xullo unha caída do 0,5% en cifra de negocios, pero esta caída é inferior á do mes anterior, polo que a tendencia anual mostra un descenso nas taxas de variación.

No que respecta ao mercado de traballo, a información máis recente corresponde á afiliación á Seguridade Social que xa completou o terceiro trimestre. Estes datos indican un descenso interanual do 2,8%. Pola súa parte, a taxa de crecemento interanual do número de parados rexistrados aumentou un 6,8%.

O custo laboral medido polo incremento salarial pactado en convenios, que inclúe os convenios rexistrados ata o 31 de agosto, indica que o salario medio pactado para o ano 2011 se incrementa nun 3,25%. Os datos de custo laboral por traballador e mes só dispoñen de información ata o segundo trimestre e indican un incremento máis modesto do 0,8%.

Os prezos de consumo experimentaron en setembro un crecemento do 3,4%, dúas décimas máis que o crecemento do mes anterior, rompendo a tendencia descendente dos últimos cinco meses. As previsións para os meses vindeiros é de que continúe a tendencia descendente. A taxa interanual da inflación subxacente aumentou unha décima con respecto ao crecemento do mes anterior, quedando situada no 1,8%, a previsión para esta compoñente do IPC ata finais de ano é que se estabilice nese valor.

Os outros indicadores de prezos da economía, os dos prezos industriais e os de exportación continúan con elevadas taxas de crecemento, en agosto, o índice xeral de prezos industriais aumentou un 6,9% interanual, tres décimas menos que o mes anterior e parece que tende a ralentizarse o crecemento. Os prezos de exportación, aproximados mediante os índices de valor unitario (IVU), aceleráronse en xullo, ata situar a súa taxa interanual no 11,3%.

II.2. O ESCENARIO FINANCEIRO

A evolución financeira nos últimos meses estivo caracterizada novamente polo agravamento das tensións nos mercados financeiros, ata o punto de encontrármonos diante dunha crise sen precedentes desde a “Grande Depresión” dos anos 30, persistindo a crise sistémica nos sistemas bancarios e nos mercados de valores, provocando caídas nos niveis de actividade das economías ou arrastrándoas ao estancamento.

Por unha parte, nos atopamos coa incerteza suscitada en torno á posibilidade da reestruturación da débeda grega e a manifesta dificultade mostrada polos gobernos europeos para sacar adiante un novo programa de asistencia financeira a Grecia, fundamentalmente pola falta de acordo sobre o papel a xogar polo sector privado neste programa.

Confirmando como o estado das compoñentes financeiras da economía afectan á actividade a través dos canles do crédito, restrinxindo a oferta crediticia, devalando os activos financeiros e afectando negativamente aos efectos riqueza, os indicadores económicos que foron coñecéndose anunciaban unha perda de vigor no ritmo de recuperación económica de algunhas das principais economías, que obrigou a unha rebaixa nas previsións de crecemento nas proxecións efectuadas polos principais organismos internacionais e introduciu nos mercados un elemento de incerteza adicional e de dúbidas sobre una posible nova recesión.

As turbulencias nos mercados financeiros que, nun primeiro momento circunscribíanse fundamentalmente a Grecia, Irlanda y Portugal, países suxeitos a programas de axuda, se estenderon aos mercados de débeda pública de outros países da zona euro, con particular intensidade a Italia e España. Ademais, estas tensións non se limitaron soamente aos mercados de débeda, senón que se propagaron a outros mercados financeiros, como o mercado bolsista e os mercados cambiarios.

Se ben é certo que, trala reunión extraordinaria celebrada o 21 de xullo polos xefes de Estado e de Goberno da eurozona, na que se acordou poñer en marcha un novo programa de axuda a Grecia, así como un conxunto de medidas para intentar mellorar a sustentabilidade da débeda pública dese país e deter o risco de contaxio a outros mercados, observouse unha certa relaxación das tensións financeiras, a situación volveu a agravarse nos días posteriores. A evolución da prima de risco de Italia e de España camiñou cara os 400 puntos básicos a principios de agosto, facendo intervir ó BCE na compra de débeda destes países para tentar manter eses diferenciais por debaixo da barreira psicolóxica dos 300 puntos. Dende entón sucedéronse os dentes de serra, conténdose mediante compras do BCE, pero perdendo credibilidade como referencia na fixación de tipos para investidores.

II.2.1. TIPOS OFICIAIS DE REFERENCIA.

Tipos de xuros oficiais do Banco Central Europeo

	2009	2010	2011	
			Abril	Xullo Setemb.
Operacións principais de financiamento	1,00	1,00	1,25	1,50 1,50
Facilidade marxinal de crédito	1,75	1,75	2,00	2,25 2,25
Facilidade de depósito	0,25	0,25	0,50	0,75 0,75

Nota: datos correspondentes ao final do período considerado

Fonte: BCE

No seu firme afán de manter controladas as expectativas de inflación, o Banco Central Europeo nas súas reunións de abril e xullo decidiu incrementar os tipos oficiais en 25 puntos básicos en cada ocasión, ata situalos no 1,5 % para as operacións principais de financiamento, mentres que os tipos aplicados ás facilidades de depósito e de crédito situáronse no 0,75% e o 2,25%, respectivamente.

Non obstante, ante a xa comentada perda de vigor no ritmo de recuperación económica, os principais bancos centrais mostraron a súa intención de instrumentar políticas monetarias máis acomodaticias e, no seu caso, incluso expansivas.


Neste novo entorno, o Consello de Goberno do BCE decidiu manter constantes os tipos oficiais nas súas reunións do 4 de agosto e 8 de setembro, suxerindo nesta última que os mesmos se manterán estables durante un período de tempo prolongado.

Por outra banda, no seu intento de manter unha política de provisión de liquidez xenerosa, prolongou ata principios do ano 2012 o procedemento de subastas a tipo de xuro fixo con adxudicación plena nas diversas operacións principais de financiamento, establecendo ademais unha nova operación a seis meses, intentando garantir deste xeito un subministro de liquidez nun volume adecuado a tódalas entidades. Igualmente, a principios de outubro anunciáronse subastas de liquidez a 12 e 13 meses, así como a compra de cédulas.

Estas decisións se sumaron as adoptadas previamente como a suspensión do umbral mínimo de cualificación crediticia no caso dos instrumentos negociables de renda fixa emitidos ou garantidos polo Goberno portugués, trala rebaixa de Moody's da cualificación da súa débeda soberana, ou o mantemento da vixencia do seu Programa para o Mercado de Valores.

Pola súa banda, a Reserva Federal decidiu manter o tipo obxectivo dos fondos federais no rango do 0%-0,25%, onde permanece sen cambios dende decembro de 2008, anunciando a súa intención, dadas as condicións económicas actuais, de manter os tipos de xuro en niveis excepcionalmente baixos alomenos ata mediados do 2013.

Evolución tipos de intervención



Fonte: BCE

II.2.2. TIPOS DE XUROS INTERBANCARIOS.

Tipos de xuros na área do euro (Porcentaxes)

Período	Eonia	A un mes	A tres meses	A seis meses	A un ano
2008	3,86	4,27	4,63	4,72	4,81
2009	0,72	0,9	1,23	1,44	1,62
2010	0,44	0,57	0,81	1,08	1,35
dec-2010	0,5	0,81	1,02	1,25	1,53
mar-2011	0,66	0,9	1,18	1,48	1,92
xuñ-2011	1,12	1,28	1,49	1,75	2,14
set-2011	1,01	1,35	1,54	1,74	2,07


Fonte: BCE

Ao longo da primeira parte do ano, os tipos de xuro do mercado interbancario mantiveron a senda de crecemento iniciada o pasado exercicio. Os Euribor a un mes, tres meses e a un ano situáronse, respectivamente, no entorno do 1,4%, 1,6 % y 2,2% no mes de xullo, 60 puntos básicos para os Euribor a un mes e tres meses e 70 puntos básicos para o Euribor a un ano, por encima de los niveles cos que pechou o ano 2010.

Non obstante, estas expectativas alcistas de tipos de xuros da área euro, tomaron en baixistas a partir de xullo. Ao mesmo tempo o incremento das tensións dos mercados financeiros elevaban as primas de risco tamén no mercado interbancario. A confluencia

destes dous factores de signo contrario explica a relativa estabilidade dos tipos de xuros nos últimos meses.

Así, o Euribor pechou o mes de setembro con niveis do 1,36%, 1,55% e 2,08% para os prazos de un, tres e doce meses, respectivamente, niveis similares aos rexistrados a finais de xuño.



II.2.3. MERCADO DE DÉBEDA.

Rendimentos da débeda pública a dez anos (Porcentaxes)

Período	Valores porcentuais				Diferenciais	
	España	Italia	Alemaña	EEUU	España-Alemaña	EEUU-Alemaña
2008	4,36	4,66	4,00	3,69	0,36	-0,31
2009	3,97	4,29	3,27	3,26	0,70	-0,01
2010	4,25	4,03	2,78	3,23	1,47	0,45
dec-2010	5,37	4,63	2,96	3,29	2,41	0,33
mar-2011	5,25	4,80	3,24	3,44	2,01	0,20
xuñ-2011	5,48	4,82	2,97	3,00	2,51	0,03
set-2011	5,20		1,87	1,98	3,33	0,11

Fonte: BCE

Durante o primeiro trimestre do ano, os mercados financeiros mantiveron unha relativa tranquilidade, os episodios de inestabilidade motivados pola crise da débeda soberana se mantiveron acotados basicamente a Grecia, Irlanda e Portugal, sen apenas repercusión

sobre outros mercados financeiros.

Non obstante, a partir do mes de abril, as tensións financeiras na área do euro agudizáronse notablemente e as rendibilidades da débeda pública dos países baixo programa de asistencia financeira alcanzaron niveis extraordinariamente elevados.

Esta elevada inestabilidade financeira continuo favorecendo o desprazamento de fondos cara a activos considerados máis seguros. En particular, nos mercados de débeda traduciuse nun incremento da demanda dos valores públicos alemáns que actuaron como bonos refuxio. Isto supuxo un incremento nos prezos da débeda alemá e, por conseguinte, que os diferenciais de rendibilidade dos títulos públicos da zona do euro fronte a Alemaña aumentasen de forma xeneralizase até alcanzar cotas máximas nalgúns países.

Se ben os resultados da reunión do Eurogrupo se traduciu nunha certa relaxación inicial, as tensións rexurdiron pronto.


Cara a finais de xullo e principios de agosto o agravamento da crise da débeda soberana afectou con singular intensidade aos mercados financeiros españois e italianos, nos que se produciu un repunte das primas de risco dos valores emitidos tanto polas administracións públicas como polo sector privado, e os diferenciais alcanzaron máximos históricos desde que estes países forman parte da unión monetaria.

Así entre o 30 de xuño e o 4 de agosto, o rendemento do bono español a dez anos elevouse 92 puntos básico, ata alcanzar o 6,35%, en tanto que o bono alemán se reduciu 72 puntos básicos, o que explica o aumento de 164 puntos básicos da prima de risco española no dito período, alcanzando un diferencial con respecto a débeda alemán de 400 puntos básicos.

A intervención do Banco Central Europeo comprando débeda de Italia e España logrou reducir os diferenciais de ambos países.

Non obstante, a rebaixa da calificación financeira de Estados Unidos, acompañada polas presións sobre a débeda soberana na eurozona ameaza con reactivar un círculo vicioso entre o sistema bancario e a economía real. A tensión financeira en torno ao crédito soberano de países do euro a amplos diferenciais teñen un impacto directo de 200.000 millóns nos bancos europeos afectados.

Evolución rendibilidade débeda 10 anos



Fonte: BCE

O ciclo do crédito na situación de deterioro da calidade dos activos pode conducir a unha situación de risco de desapalancamento pronunciado, coa subseguinte contracción do crédito e acumulación de obstáculos á actividade económica.

Agora mesmo, existe unha clara necesidade de abordar o problema do risco soberano, e ao tempo aumentar os esforzos para reparar a solvencia das entidades financeiras, como medio de subsanar as consecuencias potenciais para o sistema financeiro. Nese sentido, o FMI ven de efectuar recomendacións cara a avanzar en políticas coherentes para reducir os riscos soberanos nas economías avanzadas e impedir os contaxios, aumentar os esforzos para reforzar a resistencia do sistema financeiro, e implementar os programas de reforma financeira de maneira coordinada a escala mundial.

II.2.4. MERCADOS BOLSISTAS.

Índices de cotización bolsistas


Período	IBEX 35	Eurostoxx50	CAC 40	DAX	FTSE 100	Dow Jones	Nikkei
2008	11.742,69	3.278,87	4.307,33	6.149,94	5.356,95	11.224,23	12.087,44
2009	10.092,68	2.525,46	3.346,76	5.021,33	4.593,00	8.887,79	9.407,52
2010	10.200,68	2.736,56	3.694,46	6.161,05	5.423,96	10.594,93	9.893,49
dec-2010	9.856,10	2.792,82	3.850,76	6.914,19	5.971,01	11.577,51	10.228,92
mar-2011	10.576,50	2.910,91	3.989,18	7.041,31	5.908,76	12.319,73	9.755,10
xuñ-2011	10.359,90	2.848,53	3.982,21	7.376,24	5.945,71	12.414,34	9.816,09
set-2011	8.546,60	2.179,66	2.981,96	5.502,02	5.128,48	10.913,38	8.700,29
Taxa de variación interanual (%)							
2008	-21,2	-24,5	-25,2	-18,7	-16,6	-15,0	-28,9
2009	-14,1	-23,0	-22,3	-18,4	-14,3	-20,8	-22,2
2010	1,1	8,4	10,4	22,7	18,1	19,2	5,2
dec-2010	17,4	-5,8	-2,2	16,1	10,3	11,0	-3,0
mar-2011	-2,7	-0,7	0,4	14,4	4,0	13,5	-12,0
xuñ-2011	11,8	10,7	15,7	23,6	20,9	27,0	4,6
set-2011	-18,7	-20,7	-19,7	-11,7	-7,6	1,2	-7,1

Fonte: BCE

Polo que ao mercado bolsista se refire, a súa evolución en xeral foi negativa, caracterizándose por unha maior aversión ao risco e por movementos de fuxida cara a activos de calidade por parte dos investidores, producíndose perdas sustanciais na maioría das bolsas.

As tensións xurdidas inicialmente nos mercados de débeda estendéronse a outros mercados financeiros segundo ía avanzando o exercicio, o que supuxo nos mercado bolsistas un incremento notable da volatilidade e unha redución xeneralizada das cotizacións, con especial incidencia nos valores do sector financeiro.

A finais do mes de setembro o Índice Dow Jones situaba a súa perda anual no 3,7%. En Europa o Eurostoxx 50 pechou o mes perdendo no ano un 20,8%, e en España, o IBEX-35 pechaba a sesión do pasado día 30 de setembro nos 8.546 puntos, o que supón unha perda anual do 13%.



Fonte: BCE

II.2.5. MERCADOS DE DIVISAS.

Tipos de cambio do euro (medias do período)

Período	Dólar EEUU	Ién xaponés
2008	1,471	152,330
2009	1,393	130,230
2010	1,327	116,460
dec-2010	1,322	110,110
mar-2011	1,400	114,400
xuñ-2011	1,439	115,750
set-2011	1,377	105,750
% de apreciación sobre un ano antes		
2008	7,3	-5,5
2009	-5,3	-14,5
2010	-4,8	-10,6
dec-2010	-9,5	-16,1
mar-2011	3,2	-7,0
xuñ-2011	17,9	4,3
set-2011	5,4	-4,1


Fonte: BCE

O mercado de divisas, de xeito similar ao resto dos mercados, caracterizouse por un incremento dos investidores na súa aversión ao risco e por movementos de fuxida cara a calidade das divisas. Neste sentido, moedas como o dólar ou o franco suízo actuaron como activo refuxio e experimentaron importante apreciación.

Por lo que respecta ao euro, fronte á fortaleza mostrada na primeira metade do ano,

onde se produciu unha revalorización da moeda europea fronte ao dólar do entorno do 8%, os acontecementos negativos en Europa e o recrudescemento das tensións nos mercados financeiros durante os meses de verán propiciou a perda de posición no mercado de divisas.

Entre o 30 de xuño e o 30 de setembro, o euro perdeu o 2,4% fronte ao dólar e o 11,2% fronte ao ien.



Fonte: BCE



Fonte: BCE



ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2012

III. ORZAMENTOS XERAIS DE GALICIA PARA O EXERCICIO 2012

III.1. Grandes cifras

III.1.1. Establecemento dun teito de gasto

Iniciando unha nova fórmula de orzamentar, por primeira vez nunha Comunidade Autónoma, os Orzamentos Xerais fixan un límite de gasto, en aplicación na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de Disciplina Orzamentaria e estabilidade Financeira, o que supón unha regra que permite disciplinar e racionalizar a elaboración e a execución dos orzamentos.

O día 8 de setembro de 2011, o Consello da Xunta aprobou o teito de gasto para o 2012, que o Parlamento de Galicia autorizou o día 13 dese mesmo mes.

Dito teito de gasto para 2012. Así, o Orzamento 2012 constrúese sobre a base financeira marcada polo Parlamento.

Límite do gasto non financeiro

Ingresos Non Financeiros	+ Obxectivo de déficit	+ Axustes de Contabilidade Nacional	= Límite de gasto non financeiro
8.511	770	-109	9.172
8.474	Orzamentos 2012		9.135

Fonte: Consellería de Facenda

O límite de gasto non financeiro aprobado polo parlamento de Galicia foi de 9.172 millóns de euros, resultado da suma da previsión de ingresos non financeiros, 8.511 millóns, e os axustes, neste caso negativos, de contabilidade nacional por 109 millóns.

Non obstante, no proxecto de orzamentos a cifra total de gasto é inferior ao teito autorizado polo Parlamento, xa que a actualización das previsións dos ingresos non financeiros en 8.474 millóns levou a unha cifra de gasto no proxecto de Orzamentos de 9.135 millóns de euros, inferior ao teito máximo en 37 millóns de euros.

III.1.2. Ingresos por 9.858 millóns de euros.

Os orzamentos consolidados da Comunidade Autónoma de Galicia para 2012 acadan os 9.871,2 millóns de euros, cifra con apenas variación respecto dos orzamentos para 2011, cantidade que responde ao total de ingresos por todos os conceptos, agás, como xa ven sendo habitual, a participación das EELL nos ingresos do Estado.

Ingresos

CAPÍTULOS	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
1. Impostos directos	2.031,0	2.030,2	-0,8	0,0
2. Impostos indirectos	2.855,5	2.958,6	103,1	3,6
3. Taxas, prezos públicos e outros ingresos	174,4	180,1	5,7	3,3
4. Transferencias correntes	2.760,6	2.615,8	-144,8	-5,2
5. Ingresos patrimoniais	16,3	21,8	5,5	33,9
TOTAL INGRESOS CORRENTES (1)+(2)+(3)+(4)+(5)	7.837,8	7.806,6	-31,2	-0,4
6. Alleamento investimentos reais	26,7	31,8	5,0	18,9
7. Transferencias capital	657,6	635,5	-22,1	-3,4
TOTAL INGRESOS DE CAPITAL (6)+(7)	684,3	667,2	-17,0	-2,5
TOTAL INGRESOS NON FINANZEIROS (1)+.....+(7)	8.522,0	8.473,8	-48,3	-0,6
8. Activos financeiros	9,5	10,9	1,5	15,4
9. Pasivos financeiros	1.339,9	1.373,8	33,9	2,5
TOTAL INGRESOS FINANZEIROS (8)+(9)	1.349,4	1.384,7	35,3	2,6
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS (1)+.....+(9)	9.871,4	9.858,5	-12,9	-0,1

Fonte: Consellería de Facenda

No conxunto, os ingresos non financeiros son inferiores aos de 2011 en 48,3 millóns de euros: os ingresos correntes diminúen en 31,2 millóns de euros, un 0,4 por cento, practicamente igual ao ano anterior, mentres que os ingresos de capital caen en maior proporción, un 2,5 por cento.

Canto aos ingresos financeiros, que experimentan unha variación total positiva de 35,3 millóns, cabe subliñar o incremento dos pasivos financeiros en 53,9 millóns, que compensa á diminución de activos financeiros de 18,5 millóns.

III.1.3. Primeira evolución positiva do sistema de financiamento dende 2009

A análise das partidas de ingreso principais, revela un incremento dos ingresos que proceden do sistema de financiamento que racha coa tendencia que se viña observando desde 2010, acadando cerca de 4.900 millóns.


Evolución do sistema de financiamento

	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012
Total Sistema Financiamento	4.491	4.561	4.880	5.245	5.411	5.833	6.033	6.135	5.089	4.767	4.899
Variación absoluta		70	319	365	165	422	200	102	-1.046	-322	132
Porcentaxe variación		1,6	7,0	7,5	3,2	7,8	3,4	1,7	-17,1	-6,3	2,8

Fonte: Consellería de Facenda

Esta cifra de ingresos, cunha variación absoluta de 132 millóns de euros fronte a 2011 e un 2,8 por cento, mostra unha variación crecente sobre a precedente por vez primeira desde 2009, se ben apenas supera en termos reais aos ingresos polo mesmo concepto dos orzamentos para 2004.

Evolución do sistema de financiamento



Fonte: Consellería de Facenda

III.1.4. Mantemento dos niveis de gasto

Atendendo á clasificación económica do gasto, resalta nos orzamentos o mantemento do gasto corrente arredores dos 7.500 millóns de euros, apenas un 0,3 por cento en relación con 2011, ou 25 millóns de euros.

Gastos

Capítulos	2011 *	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
1. Gasto de persoal	3.627,4	3.606,9	-20,5	-0,6
2. Gasto en bens correntes e servizos	1.353,1	1.384,6	31,5	2,3
3. Gastos financeiros	197,9	294,9	97,0	49,0
4. Transferencias correntes	2.322,4	2.239,5	-82,9	-3,6
TOTAL GASTO CORRENTE (1)+(2)+(3)+(4)	7.500,8	7.525,9	25,0	0,3
6. Investimentos reais	805,3	782,0	-23,3	-2,9
7. Transferencias de capital	764,0	749,6	-14,4	-1,9
TOTAL GASTO CAPITAL (6)+(7)	1.569,3	1.531,6	-37,7	-2,4
5. Fondo de continxencia	77,8	77,8	0,0	0,0
TOTAL GASTO NON FINANCIERO (1)+.....+(7)	9.148,0	9.135,3	-12,7	-0,1
8. Activos financeiros	306,9	175,6	-131,3	-42,8
9. Pasivos financeiros	416,5	547,6	131,1	31,5
TOTAL GASTO FINANCIERO (8)+(9)	723,4	723,2	-0,2	0,0
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS (1)+.....+(9)	9.871,4	9.858,5	-12,9	-0,1


* Homoxeneizado

Fonte: Consellería de Facenda

Os gastos de capital descenden en 37,7 millóns de euros en termos absolutos –un 2,4 por cento–, co que o gasto non financeiro diminúe en 12,7 millóns, resultando un monto total de 9.135,3 millóns de euros, nivel semellante ao do pasado exercicio, apenas diminuído nun 0,01 por cento.

Tamén os gastos financeiros apenas experimentan unha variación interanual de 0,2 millóns de euros, co que, como xa se indicou, a variación do orzamento de gastos no seu conxunto é de 12,9 millóns de euros menos que para 2011.

Orzamento 2012. Distribución por capítulos de gasto



Fonte: Consellería de Facenda

Na distribución proporcional entre os capítulos de gasto, pódese observar como o capítulo I, de gastos de persoal, segue a ser o máis relevante, cun peso específico do 39 por cento, por 3.607 millóns de euros, seguido do capítulo IV, de transferencias correntes ás familias, empresas e organismos, que representa a cuarta parte do gasto, equivalente a 2.239 millóns. O capítulo II, que representa a compra de bens e servizos, supón o 15 por cento.

Canto aos capítulos correspondentes a investimento, VI e VII, xuntos suman o 17 por cento dos gastos orzamentarios, máis de 1.500 millóns de euros

III.1.5. Aforro por operacións correntes de 280 millóns

O aforro por operacións correntes mantense positivo, cun saldo de 280,7 millóns de euros, que se elevan a 575,6 millóns e consideramos o aforro corrente primario, isto é, descontando a incidencia dos custos financeiros.

Aforo

Conceptos	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
INGRESOS POR OPERACIÓN CORRENTES (a)	7.837,8	7.806,6	-31,2	-0,4
Impostos directos	2.031,0	2.030,2	-0,8	0,0
Impostos indirectos	2.855,5	2.958,6	103,1	3,6
Taxas, prezos e outros ingresos	174,4	180,1	5,7	3,3
Transferencias correntes	2.760,6	2.615,8	-144,8	-5,2
Ingresos patrimoniais	16,3	21,8	5,5	33,9
GASTOS POR OPERACIÓN CORRENTES (b)	7.500,9	7.525,9	25,0	0,3
De persoal	3.627,4	3.606,9	-20,5	-0,6
En bens correntes e servizos	1.353,1	1.384,6	31,5	2,3
Financeiros	197,9	294,9	97,0	49,0
Transferencias correntes	2.322,4	2.239,5	-82,9	-3,6
AFORRO POR OPERACIÓN CORRENTES (a)-(b)	336,9	280,7	-56,2	-16,7
Financeiros	197,9	294,9	97,0	49,0
AFORRO OPERACIÓN CORRENTES PRIMARIO	534,9	575,6	40,7	7,6

Fonte: Consellería de Facenda

Na conta de aforo, merecen atención a diminución das transferencias correntes en 144,8 millóns de euros, máis dun 5 por cento en relación a 2012, que non resultan compensados polos 103,1 millóns de aumento dos ingresos procedentes de impostos indirectos.

No lado dos gastos, as transferencias correntes baixan en menor medida que os ingresos polo mesmo concepto -82,9 millóns fronte a 144,8 millóns- mentres que os gastos en bens e servizos se compensan coa variación nos gastos de persoal.

III.1.6. Formación de capital

A formación de capital mantense nunha magnitude sólida, acadando 864,3 millóns de euros, como resultado duns gastos de capital de 1.531 millóns, cun lixeiro descenso do 2,4 por cento respecto a 2011. Os ingresos de capital diminúen en 17,0 millóns, mentres que os gastos fan en 37,7 millóns.

Formación de capital

Conceptos	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
INGRESOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL (a)	684,3	667,2	-17,0	-2,5
Alleamento investimentos reais	26,7	31,8	5,0	18,9
Transferencias de capital	657,6	635,5	-22,1	-3,4
GASTOS POR OPERACIÓN DE CAPITAL (b)	1569,3	1531,6	-37,7	-2,4
Inversións reais	805,3	782,0	-23,3	-2,9
Transferencias de capital	764,0	749,6	-14,4	-1,9
FORMACIÓN DE CAPITAL (b)-(a)	885,1	864,3	-20,7	-2,3

Fonte: Consellería de Facenda

Os investimentos reais supoñen un total de 782 millóns de euros, descendendo menos do 3 por cento, á vez que as transferencias descenden menos do 2 por cento.

III.1.7. Gasto corrente

Na evolución dos gastos, é de resaltar a evolución que experimentan os gastos correntes é en concreto, algunha das súas compoñentes. En concreto, os capítulos I e II, de gastos de persoal e gastos en bens correntes, respectivamente amosan unha variación diverxente, reducíndose os primeiros nun 0,6 por cento, equivalente a 20,5 millóns de euros, e aumentando os segundos en 31,5 millóns, o 2,3 por cento, diferenzas que obedecen en boa medida á homoxeneización dos organismos e axencias que se integran nos orzamento. Na suma de ambos os dous capítulos, o gasto conxunto suporía un aumento de 11 millóns, apenas o 0,02 por cento.

Gasto corrente

Capítulos	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
1. Gasto de persoal	3.627,4	3.606,9	-20,5	-0,6
2. Gasto en bens correntes e servizos	1.353,1	1.384,6	31,5	2,3
4. Transferencias correntes	2.322,4	2.239,5	-82,9	-3,6
TOTAL GASTO CORRENTE PRIMARIO (1)+(2)+(3)+(4)	7.302,9	7.231,0	-71,9	-1,0


Fonte: Consellería de Facenda

Se temos en conta as transferencias correntes que se integran no capítulo IV, que diminúen nun 3,6 por cento, o total do gasto corrente primario se reduce nun 1 por cento, equivalente a 71,9 millóns de euros.

No conxunto dos tres últimos orzamentos, o aforro acadado no gasto corrente, alcanza a suma de 743 millóns de euros, aproximadamente o 1,3 por cento PIB de Galicia, deles, máis de 300 millóns procedentes de aumento da eficiencia na xestión dos servizos públicos.

III.1.8. Contención no gasto de persoal

Na finalidade de realizar unha xestión eficiente na función pública que permite reducir o déficit estrutural, sen afectar á calidade dos servizos, as gráficas a seguir mostran unha tendencia na contención de gastos de persoal.




Fonte: Consellería de Facenda

Para a serie anual examinada, obsérvase como a partir de 2009 tanto as variacións absolutas e porcentuais nos sucesivos anos marcan unha clara tendencia de contención, que vai acompañada, no momento da execución por desviacións a cada paso menores.

Canto ao capítulo II, e pola incidencia que representa en termos absolutos a partida de custo de receitas de farmacia, subliñase a tendencia desde xaneiro de 2010 do gasto mensual por este concepto.


Evolución Gasto / receita mensual



Fonte: Consellería de Facenda

Que é resultado da aplicación de medidas de xestión na prescrición de principios activos xenéricos.

Evolución da porcentaxe de prescrición de xenéricos



Fonte: Consellería de Sanidade

A figura precedente posibilita unha comparación da aplicación da medida e os seus efectos en paralelo sobre a contención de gasto.

III.1.9. O gasto social representa de 3 de cada 4 euros dos orzamentos

Procurando que os servizos públicos básicos manteñan un papel de releve na tarefa de paliar os efectos adversos da crise sobre as persoas e as familias, nos orzamentos as distintas partidas destinadas a sanidade, educación e traballo e asistencia social gañan en peso específico, sempre por enriba do 75 por cento de participación no gasto total.


Gasto social. Porcentaxes

	2011	2012	Var. 2012-2011
Consellería de Educación e ordenación Universitaria	25,4	25,5	0,1
Consellería de Sanidade	39,6	40,0	0,4
Consellería de Traballo e Benestar	10,5	10,4	-0,1
Total gasto Social	75,5	75,9	0,4

Fonte: Consellería de Facenda

A evolución do gasto social, nunha serie temporal máis longa, ofrece unha proporción crecente marcada desde o exercicio 2010, en que se superan os dous terzos do orzamento hasta chegar aos tres cuartos, coincidindo coas fases de endurecemento da crise.

Evolución do gasto social. Porcentaxes




Fonte: Consellería de Facenda

III.1.10. Compromiso coa dependencia

En 2012, as consignacións para atención á dependencia experimentarán un incremento do 0,8 por cento, 1,9 millóns de euros, resultado dun aumento das achegas da Xunta do 2,9 por cento, que suplementa a redución de recursos procedentes do Estado, por 4,4 millóns de euros.

Compromiso coa dependencia

	2011	2012	Var. 2012-2011*	
			Absoluta	Porcentual
Dependencia	247,2	249,2	1,9	0,8
Aportación Estado	97,2	94,7	-2,4	-2,5
Aportación Xunta	150,1	154,4	4,4	2,9



Fonte: Consellería de Facenda

Como resultado, as achegas dos orzamentos autonómicos a esta finalidade social teñen un carácter crecente, é superan en dous terzos as que proceden do Estado.

III.1.11. Distribución cualitativa da capacidade de gasto

Distribución cualitativa da capacidade de gasto



Fonte: Consellería de Facenda


O detalle de distribución do gasto, atendendo á asignación, mostra que os capítulos I de gasto de persoal en educación e sanidade supoñen, en conxunto, 2.872 millóns de euros, debido ao ámbito persoal no que se prestan ambos servizos básicos, representando o 32 por cento do gasto.

O gasto asociado á dependencia, ao transporte escolar, aos gastos correntes de sanidade e educación e a farmacia suman o 30 por cento do gasto, co que os servizos básicos aos cidadáns, en termos de gasto corrente, achéganse aos dous terzos dos gastos totais.

Os investimentos directos e transferencias de capital, dos capítulos VI e VII, alcanzan o 18 por cento, representando a outra panca destacada da política económica do gasto público autonómico.

III.1.12. Continuidade no esforzo coas EELL e Universidades

A capacidade total de gasto dos orzamentos ven diminuíndo, caendo en máis de 1.400 millóns nos últimos catro orzamentos xerais.



Fonte: Consellería de Facenda

Non obstante, os compromisos coa educación superior e a solidariedade coa situación e necesidades dos cidadáns, pretenden ser cubertas ao menos en parte con transferencias aos entes que subministran a maior parte.

Fondo de Cooperación Local

	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
Entregas a conta	113	115,3	2,3	2,0
+ 66 millóns de euros de financiamento adicional ás EELL no que vai da lexislatura				

Fonte: Consellería de Facenda

Financiamento das Universidades

	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
Plan Financiamento	390,3	394	3,7	0,9

Fonte: Consellería de Facenda

Os fondos do FCL para financiamento dos Concellos, aumentan en 2012 nun 2 por cento con respecto a 2011, en tanto que os fondos dedicados para Universidades se ven incrementados nun 3,7 por cento. No total, 6 millóns de euros máis do que s orzamentos anteriores.

III.1.13. Política anticíclica de esforzos en Investimento produtivo

As restricións evidenciadas para o escenario de ingresos, xunto coa vontade manifesta de non ceder na intensidade do gasto social, representan unha clara limitación á hora de aplicar políticas expansivas de gasto, como sería desexable nunha fase contractiva do ciclo económico.


Investimento produtivo

Investimento	2011	2011 *	2012	Var. 2012-2011*	
				Absoluta	Porcentual
Orzamento	805,0	768,0	782,0	14,0	1,8
Financiamento Específico	504,0	143,0	422,5	279,5	195,5
Total	1309,3	911,0	1204,5	313,6	34,4

* Orzamento 2011 axustado

Fonte: Consellería de Facenda

Política anticíclica



Fonte: Consellería de Facenda

Se consideramos os importes procedentes do financiamento específico, obtemos un volume de investimentos que supón 1.182 millóns de euros, manténdose como unha parte importante do gasto, que aínda resulta crecente para 2012, se o comparamos co investimento axustado correspondente nos orzamentos para 2011.

III.1.14. Impulso dun novo modelo económico

Impulso dun novo modelo económico

	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
Plan galego de investigación, innovación e crecemento	63,5	69,7	6,2	9,7
Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade,	118,6	175,5	56,9	47,9

Fonte: Consellería de Facenda

O Plan estratéxico afonda na necesidade de abrir mercados en zonas de forte crecemento da demanda. Dentro da análise do gasto para 2012, mención singular hase de facer a dúas finalidades específicas: o reforzo do "Plan Galego de Investigación, Innovación

e Crecemento, 2011-2015" ou Plan I2=C, e o programa de internacionalización da economía galega realizado a través da Rede PEXGA.

Rede PEXGA. TVA da demanda interna



Fonte: Consellería de Facenda

Os países con REDE PEXGA prevista son: Arxentina (Bos Aires), Brasil (Sao Paulo), Colombia (Bogotá), México (México D.F.), USA (Miami e Nova York), Alemaña (Düsseldorf), Francia (París), Rusia (Moscova), China (Shanghai), Reino Unido (Londres), India (Bombai), Marrocos (Casablanca) e Turquía (Estambul), coa misión de gañar presenza nos mercados para os as previsións de crecemento son maiores aos do entorno comercial actual, como é a China, onde alcanzan o 9,5% ou América Latina cunha media dun 5 por cento para o 2012.

III.1.15. Distribución do gasto por Consellerías

Reparto por Consellerías e órganos estatutarios

	2011	2012	Var. 2012-2011	
			Absoluta	Porcentual
Parlamento	19,5	19,3	-0,2	-1,0
Consello de Contas	7,5	7,1	-0,4	-5,3
Consello da Cultura Galega	2,7	2,6	-0,1	-3,6
Presidencia da Xunta	124,6	118,2	-6,4	-5,1
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	202,4	202,6	0,1	0,1
Consellería de Facenda	55,2	54,3	-0,9	-1,7
Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestruturas *	573,7	517,8	-55,9	-9,8
Consellería de Economía e Industria	209,9	214,5	4,6	2,2
Consellería de Educación e ordenación Universitaria	2.271,30	2.255,80	-15,4	-0,7
Consellería de Sanidade	3.546,70	3.530,30	-16,4	-0,5
Consellería de Cultura e Turismo	133,7	130,3	-3,4	-2,5
Consellería de Traballo e Benestar	940,2	919,6	-20,6	-2,2
Consellería do Medio Rural	526,1	525,4	-0,7	-0,1
Consellería do Mar	176	179,1	3	1,7
Consello Consultivo de Galicia	2,2	2,1	0	-1,0
Transferencias a Corporacións Locais	114,3	116,6	2,3	2,0
Gastos de diversas consellerías	46,4	46,5	0,1	0,3

Fonte: Consellería de Facenda

III.2. PRIORIDADES DE GASTO NOS ORZAMENTOS PARA 2012.

As prioridades de gasto nos Orzamentos Xerais configúranse a partir do Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020, que define un modelo de desenvolvemento sostible e solidario, integrado dentro das políticas de crecemento que se aplican no espazo da Unión Europea, e que establece uns obxectivos estratéxicos globais para o período 2010-2020, con obxectivos intermedios en 2014.

Obxectivos globais para o remate do período 2014-2020

Indicador	2010	2014	2020
Creceamento			
PIB pc PPA (UE-27=100)		95	100
Taxa de Emprego *	60,8	65	> 75
Taxa de Apertura	109	120	135
Coñecemento			
Abandono educativo temperán *	23,1	< 18	< 10
Persoas con baixos niveis educativos *	51,1	46	41
Gastos en I+D / PIB*		> 1,7	3
Vivendas con conexión banda larga *	46,5	> 60	> 75
Empresas con conexión a internet, web e posibilidade de pedidos ou reservas on line	9,8	13	16
Integración social			
Taxa de risco de pobreza *		13,2	11,5
Taxa de desemprego de longa duración *		3	2,6
Sustentabilidade			
Fontes de enerxía renovables *		66,2	73,6
Emissiones de gas efecto invernadoiro *		95,7	80
Intensidade enerxética *		281,4	244,7

* Indicador relacionado coa Estratexia europea 2020

Fonte: Consellería de Facenda

Os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2012 asígnanlle para este período os recursos que posibiliten aos distintos organismos e centros xestores que obteñan os resultados operativos que conduzan aos obxectivos estratéxicos que respectivamente lles teñen sido asignados.

O gasto total orzamentado sitúase en 9.027,9 millóns de euros, que se eleva a 9.470,3 millóns de euros ao engadirle o financiamento específico procedente da colaboración público privada, segundo o cadro que segue:

Eixo Estratéxico do PEG	Orzamento 2012	Orz. + Financiamento
E1:Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.465.720.641	6.573.961.087
E2:Dinamización económica, Creceamento e Emprego.	1.474.639.777	1.703.587.467
E3:Economía do Coñecemento.	333.020.667	353.020.667
E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	430.395.982	476.714.023
E5:Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.	324.088.720	363.029.424
Total	9.027.865.787	9.470.312.669

Dado o marco temporal plurianual no que se desprega o Plan estratéxico Galicia 201-2014, a situación económica, e moi especialmente a situación financeira na que se desenvolven estes orzamentos condiciona a intensidade presupostaria coas que se reali-

zan algunhas das actuacións previstas no Plan estratéxico. Non obstante, en tanto que ditas actuacións ou proxectos apuntan na dirección que fixan os obxectivos, que teñen carácter plurianual, o emprego de indicadores son unha ferramenta de gran valor para avaliar a asignación de recursos efectuada, así como para valorar o nivel de resultados acadado.

No tomo destes Orzamentos Xerais correspondente á Memoria de Obxectivos e Programas recóllese de modo detallado a descrición e valor atribuído aos distintos indicadores asociados aos proxectos e/ou actuacións desenvolvidas polos organismos xestores, así como unha valoración sobre o impacto de resultados que se pretende. Aquí, limitáremos a resumir ambos os dous aspectos, coa intención de reflectir o carácter estratéxico do gasto e a aportación para conseguir os obxectivos estratéxicos do Plan.

En concreto, a asignación correspondente á anualidade que se encadra nos orzamentos para 2012, dentro dos cinco eixes prioritarios e os dezaseis obxectivos estratéxicos do Plan, e a que a continuación se resume.

Eixes e Obxectivos estratéxicos do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.465.720.641	71,6	100,0
OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	31.586.454	0,3	0,5
OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	3.511.686.968	38,9	54,3
OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.283.907.511	25,3	35,3
OE04 Atención ao benestar social	432.198.905	4,8	6,7
OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	206.340.803	2,3	3,2
E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.474.639.777	16,3	100,0
OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	307.751.419	3,4	20,9
OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	155.302.124	1,7	10,5
OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	672.292.494	7,4	45,6
OE04 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	339.293.740	3,8	23,0
E3: Economía do Coñecemento.	333.020.667	3,7	100,0
OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	134.665.975	1,5	40,4
OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	198.354.692	2,2	59,6
E4: Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	430.395.982	4,8	100,0
OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	136.418.180	1,5	31,7
OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	258.734.138	2,9	60,1
OE03 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	35.243.664	0,4	8,2
E5: Administración auster, eficiente e cercana ao cidadán.	324.088.720	3,6	100,0
OE01 Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	158.754.872	1,8	49,0
OE02 Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	165.333.848	1,8	51,0
	9.027.865.787	100	

III.2.1. Eixe 1: cohesión social, benestar e calidade de vida

O crecemento económico duradeiro debe construírse baixo condicións de integración social. Con esa finalidade, neste eixe aséntanse as prestacións de servizos esenciais para garantir o benestar social, a igualdade de acceso aos servizos públicos básicos de calidade na sanidade, na educación e na atención á dependencia, á vez que constitúen a salvagarda, en última instancia, dun modelo social avanzado, estable e produtivo.

Por outra parte, unha sanidade e unha educación de calidade que permita acceder a empregos produtivos dignos, xunto coa promoción da cultura e a igualdade, o acceso á vivenda e as políticas de inclusión e revitalización demográfica crean unha base obxectiva

para converter a Galicia nun lugar atractivo para vivir, traballar e investir, superando os problemas demográficos.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

Eixes e Obxectivos estratéxicos do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.465.720.641	71,6	100,0
OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	31.586.454	0,3	0,5
OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	3.511.686.968	38,9	54,3
OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.283.907.511	25,3	35,3
OE04 Atención ao benestar social	432.198.905	4,8	6,7
OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	206.340.803	2,3	3,2

OE I.1. Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral

A estrutura da poboación galega mostra contrastes entre as zonas predominantemente urbanas e o resto das comarcas que presentan un rumbo máis rural. A redución do desequilibrio demográfico, que é un dos grandes retos que Galicia afrontará ao longo das dúas próximas décadas, constitúese na prioridade estratéxica deste obxectivo.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.	6.465.720.641	71,6	100,0
OE/C OE01 Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	31.586.454	0,3	0,5
M/OEP M01 Impulsar o Rexuvenemento Demográfico	2.700.000	0,0	8,5
M/OEP M02 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade	7.977.436	0,1	25,3
M/OEP M03 Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres	871.303	0,0	2,8
M/OEP M99 Soporte xeral - Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral	20.037.715	0,2	63,4

Este obxectivo estratéxico representa o 0,5 % do eixe I e o 0,3 % sobre o total do PEG. Ten un importe de 31,6 millóns de €, no que a medida máis destacada é a M02 Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade, con 8 millóns de euros (que supón o 25,3 % de obxectivo e o 0,1 % do PEG).


As actividades máis salientables son:

- Revitalización Demográfica, impulsando os nacementos ampliando a cobertura da educación infantil como medida incentivadora da natalidade, a través de 7.500 axudas complementarias á dedución fiscal por fillos/as menores de 3 anos, e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral, apoio a medidas de conciliación e corresponsabilidade con un total de 975 persoas beneficiadas, das que 775 son mulleres.
- Mellorar as condicións das familias traballadoras a través da ampliación da rede de escolas infantís, ampliando a cobertura e mantemento dos centros de atención pri-

meira infancia de 0-3 anos con un total de 2.740 prazas atendidas, a creación de 1.007 novas prazas en escolas infantís (Plan Educa 3), con un total de 2.740 prazas infantís, e 9 centros reformados e equipados.

A proxección ao 2014 das variables demográficas reflicten un crecemento vexetativo, diferenza entre nacementos e falecementos, negativo de 10.377 persoas.

Variables demográficas proxectadas a curto prazo



■ Nacementos proxectados

Fonte: Instituto Galego de Estatística

OE 1.2. Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas

A sanidade considérase un pilar do estado de benestar, un instrumento que contribúe á mellora da calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social.

Desenvolverase un novo modelo organizativo que permita a optimización dos recursos asistenciais para converter o cidadán en protagonista e receptor das políticas de saúde e os profesionais en protagonistas da estratexia sanitaria, coa finalidade de manter un sistema sanitario viable e responsable.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		6.465.720.641	71,6	100,0
<i>OE/C</i>	<i>OE02 Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas</i>	3.511.686.968	38,9	54,3
M/OEP	M01 Mellorar o nivel de Saúde da poboación a través de Programas de Prevención e de Promoción de estilos de vida Saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermarse	26.677.933	0,3	0,8
M/OEP	M02 Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria	105.967.184	1,2	3,0
M/OEP	M03 Garantir o financiamento dos novos hospitais e reforzar a rede de infraestruturas sanitarias incluíndo o emprego de fórmulas de pago aprazado	26.474.446	0,3	0,8
M/OEP	M04 Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia	786.249.884	8,7	22,4
M/OEP	M99 Soporte xeral - Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para tódos os galegos e galegas	2.566.317.521	28,4	73,1


Este obxectivo estratéxico representa o 54,3 % do eixe I, e do 38,9 % sobre o total do PEG, cun importe de 3.511,7 millóns de €, no que a medida de maior importe é a M04 Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia, 786,2 millóns de € (co 22,4 % de obxectivo, e o 8,7 % do PEG).

O obxectivo xeral da Consellería de Sanidade é levar a cabo unha política sanitaria que proporcione unha atención de calidade á saúde dos galegos e galegas, dando resposta ás súas necesidades, en tempo e forma, a través de accións que diminúan a carga de enfermidade, a prevención, e prestando os servizos asistenciais que precisa, e asegurando a sostibilidade financeira do sistema público mediante a aplicación de criterios de xestión eficiente.

No Plan de Prioridades Sanitarias 2011-2014 identifícanse os problemas de saúde que se priorizan, pero non só se centra en enfermidades, senón que inclúe áreas nas que se precisan melloras organizativas ou de recursos. Este Plan forma un todo coa "Estratexia Sergas 2014", de tal forma que os seus principais obxectivos son comúns.

No que atinxe á prestación farmacéutica, a poboación destinataria distribúese entre activos e pensionistas xa que logo o réxime de prestación é diferente. No ano 2009 os beneficiarios das prestacións farmacéuticas eran un total de 2.749.494 persoas, das que 851.535 (o 69%) eran pensionistas.

Beneficiarios da prestación farmacéutica



Fonte: Instituto Galego de Estatística

OE I.3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe

A través deste obxectivo trátase de intensificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais. No seu conxunto, a educación facilita a capacitación dos traballadores, a produtividade e a competitividade da economía.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		6.465.720.641	71,6	100,0
OE/C	OE03 Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	2.283.907.511	25,3	35,3
M/OEP	M01 Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral	2.887.846	0,0	0,1
M/OEP	M02 Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade	326.641.493	3,6	14,3
M/OEP	M04 Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino	4.037.945	0,0	0,2
M/OEP	M06 Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público	37.221.776	0,4	1,6
M/OEP	M07 Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educativos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade	11.836.212	0,1	0,5
M/OEP	M08 Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos	12.341.387	0,1	0,5
M/OEP	M10 Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento	12.147.351	0,1	0,5
M/OEP	M11 Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade	27.670.771	0,3	1,2
M/OEP	M99 Soporte xeral - Garantir o acceso a educación e a cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe	1.849.122.730	20,5	81,0

Este obxectivo estratéxico representa o 35,3 % do eixe I, e do 25,3 % sobre o total do PEG, cun importe de 2.283,9 millóns de €, no que a medida de maior importe é a M02

Promover un sistema educativo orientado a excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e a capacidade, 326,6 millóns de euros (co 14,3 % do obxectivo, e o 3,6 % do PEG).

No ámbito das **ensinanzas de infantil, primaria e ESO**, establécense as seguintes actuacións:

- Construción de centros naquelas localidades onde a oferta educativa é insuficiente.
- Continuarase coas obras iniciadas en anos anteriores como a construción dunha escola infantil en Betanzos; construción de novos IES en: Culleredo, Carlos Oroza de Pontevedra, Milladoiro; construción de novos CEIP en Oleiros.
- Para o ano 2012 iniciaranse obras de construción de novos IES en: Carral da Coruña, Soutomaior da provincia de Pontevedra, e na provincia de Ourense os IES de Celanova, Vilamarín, Barbadás e Ourense; a construción dun polideportivo no IES de Fene; a construción de novos CEIP en: Vilalonga-Sanxenxo (Pontevedra), e Culleredo (A Coruña), e a construción da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela.
- Continuaranse coas obras de ampliación, reforma e mellora nos CEIP o Pombal, Pintor Laxeiro de Vigo, Wenceslao Fernández de Cambre, Bergantiños de Carballo, Pérez Viondi da Estrada, Padre Feijoó de Allariz, e Froebel de Pontevedra, Emilia Pardo Bazán da Coruña, Zalaeta da Coruña, Eusebio da Garda da Coruña, así como en cinco centros de formación Agraria.
- Durante o ano 2012 iniciaranse novas ampliacións e reformas en IES e CEIPs seguintes: Conde de Fenosa de Ares, Vidal Portela de Pontevedra, Rosalía de Castro de O Grove, Ventín-Ames, Ben Cho Shey de Pereiro de Aguiar, Curros Enríquez de Pazos de Borbén, Otero Pedraio de Laracha, As Mercedes de Lugo, Igrexa de Calo-Teo e Lángara de Ferrol.

En canto á **Ensinanza Secundaria e Formación profesional** a través de diversos plans de actuacións, preténdese conseguir que todo o alumnado acade unha titulación oficial, ou una cualificación profesional que lle permita inserirse no mundo laboral ou proseguir os estudos, e que ao remate da educación e formación escolar teñan coñecementos nun idioma estranxeiro, basicamente inglés.

Impulsaranse accións de prevención do abandono escolar, das que se beneficiarán un total de 3.950 alumnos, dos cales 1.850 serán mulleres.

Tamén se levarán a cabo medidas para favorecer un ambiente de aprendizaxe que conduza a mellora do éxito escolar e dos resultados académicos, dos que se beneficiarán 4.200 mozos e mozas de entre 18-24 anos que non completaron ensino secundario, dos que 1.850 serán mulleres.

Dentro de Plan de Formación do Profesorado de Formación Profesional, levaranse a cabo 103 actuacións de formación, dos que se beneficiarán un total de 2.750 profesores,

dos que 1.230 son mulleres.

Para o **Fomento da Lingua Galega** desenvolveranse as seguintes accións:

- Aumentar o uso do galego nos diferentes sectores da sociedade, principalmente nos sectores considerados prioritarios e estratéxicos.
- Ampliar o coñecemento do galego, a través de bolsas de investigación.
- Actuacións de formación e de dinamización social do galego.
- Incrementar a proxección da lingua e da cultura galega fóra de comunidade de Galicia, impulsando os lectorados en Universidades e Centros de fóra de Galicia; beneficiáranse 32 centros.

Na área da **ensinanza universitaria** levarase a cabo accións para impulsar a ordeación, planificación e execución eficiente das competencias en materia de universidades e ensinanzas universitarias, así como a execución de plans específicos de orientación e apoio económico.

O novo Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia servirá para facilitar novos recursos ás universidades, pero tamén para ordenar integralmente o sistema universitario galego, e promover un sistema educativo orientado á excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, o mérito e a capacidade.

No eido da formación sobre o **rural**, sinálanse as accións dirixidas á mellora da formación permanente dos agricultores e técnicos agrarios, afondando tanto nas ensinanzas regradas como ocupacionais, e potenciando o asesoramento e transferencia tecnolóxica por parte dos servizos da consellería dun xeito máis próximo e directo ás explotacións agrarias.

Apoio á **formación marítimo pesqueira**, e promoción das ensinanzas náutico pesqueiras, a través de proxectos de axudas, e apoio o Plan integral de formación marítimo pesqueira, accións que están financiadas con Fondos Europeos.


Promoción do deporte. Continuarase co desenvolvemento de programas de dinamización deportiva que se levarán a cabo a través do Plan Galego para o Fomento de Actividade Física "Galicia Saudable", e do Plan Dotación de equipamentos ambientais de lecer aos concellos. Crearanse "puntos móvete" en colaboración coas entidades locais; apoio ao tecido deportivo galego e aos deportistas.

En relación coa **cultura** impulsaranse obras de conservación, restauración e protección do patrimonio cultural galego, promovendo a difusión e o fomento do patrimonio cultural de Galicia así como a conservación, rehabilitación e recuperación dos Camiño de Santiago, e a promoción dos aloxamentos relacionados co Camiño, entre outros.

No que ás matrículas se refire, e tomando os datos do curso 2011-2012, hai un total

de 376.812 alumnos. No que se refire ao peso entre ensino público e privado, tomando o último dato publicado referido ao curso 2010-2011, o 73% dos estudantes están matriculados en centros de ensino público (272.875 alumnos), mentres que o 27% están matriculados en centros de ensino privado (100.010 alumnos).

Alumnos matriculados en ensinanzas non universitarias



Fonte: Instituto Galego de Estatística

OE I.4. Atención ao benestar social

Impulsarase unha atención global ás persoas en situación de dependencia e desenvolveranse programas adaptados ás necesidades dos cuidadores.

Incrementarase a orientación e o asesoramento especializado á xuventude mediante a creación dunha rede territorial de servizos que lles preste especial atención ás súas problemáticas específicas.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		6.465.720.641	71,6	100,0
<i>OE/C</i>	<i>OE04 Atención ao benestar social</i>	432.198.905	4,8	6,7
M/OEP	M01 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social	253.863.406	2,8	58,7
M/OEP	M02 Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual	40.984.452	0,5	9,5
M/OEP	M03 Favorecer as condicións necesarias para que a xuventude poida desenvolver o seu propio proxecto de vida nas mellores condicións e en igualdade de oportunidades	41.628.370	0,5	9,6
M/OEP	M99 Soporte xeral - Atención ao benestar social	95.722.677	1,1	22,1

Este obxectivo estratéxico representa o 6,7 % do eixe I, e do 4,8 % sobre o total do PEG, cun importe de 432,2 millóns de €, no que a medida de maior importe é a M01 Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social, 253,9 millóns de € (co 58,7 % do obxectivo, e o 2,8 % do PEG)

No ámbito da dependencia e promoción da autonomía persoal se establecen os seguintes obxectivos: Creación e fortalecemento dos servizos e programas que posibiliten e favorezan a permanencia, tanto da persoa maior como da persoa con discapacidade, no contorno familiar e social, onde desenvolve a súa vida, con especial atención aos que viven en áreas rurais diseminadas e ás persoas maiores ou con discapacidade que viven soas, e facilitarlle, a través dos medios de apoio axeitados, a promoción da súa autonomía persoal.


Dentro do ámbito da atención e apoio **aos/ás menores**, trátase de garantir o apoio, protección, promoción e defensa dos nosos menores, así como cantas actuacións de prevención en situación de risco ou desamparo lles poidan afectar.

Na área da **xuventude** as liñas de accións a seguir pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para o ano 2012 son as seguintes:

Relacionado coa **xuventude** implementárase o Plan Estratéxico de Xuventude, Xuventude 2013, unha estratexia para a mocidade galega. No que se refire á anualidade do 2012, as accións previstas no mesmo están vinculados cos proxectos Imagina Atlántica, Emprende, ou Iniciativa Xove, con actividades de lecer e tempo libre. Fomentaranse accións de mobilidade xuvenil e intercambios con outras Comunidades Autónomas e con outros países, e que faciliten o acceso ao emprego por parte da mocidade galega.

Un elemento que vai a condicionar no futuro próximo a aplicación das políticas sociais e de benestar, e que mide de forma sintética o grao de persoas en situación de recibir as prestacións destas políticas, é o Índice de dependencia, que mide a relación entre a poboación de 0 a 14 anos e de máis de 64, respecto dos maiores de 14 e menores de 65.

Índice de dependencia. Proxección a curto prazo



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Este incremento de 2,5 puntos do índice ven derivado, como temos comentado, do incremento da poboación maior de 65 anos e principalmente das persoas maiores de 85, xunto coa diminución dos nacementos.

OE 1.5. Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais

Este obxectivo comprende as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia máis solidaria e a atender os grupos con maiores riscos e vulnerabilidade na procura da igualdade de oportunidades e do acceso aos niveis básicos de benestar social, fomentando, así mesmo, as políticas de cohesión e integración.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E1: Cohesión Social, Benestar e Calidade de Vida.		6.465.720.641	71,6	100,0
OE/C	OE05 Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	206.340.803	2,3	3,2
M/OEP	M01 Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoas ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial	48.141.521	0,5	23,3
M/OEP	M02 Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante	9.057.837	0,1	4,4
M/OEP	M03 Modificar ás estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres	9.101.686	0,1	4,4
M/OEP	M04 Establecemento de políticas que faciliten o acceso a vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos	45.768.197	0,5	22,2
M/OEP	M99 Soporte xeral - Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais	94.271.562	1,0	45,7

Este obxectivo estratéxico representa o 3,2 % do eixe I, e do 2,3 % sobre o total

do PEG, cun importe de 206,3 millóns de €, no que a medida de maior importe é a M01. Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoos ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial, 48,1 millóns de € (co 23,3% de obxectivo, e o 0,5% do PEG).

Se impulsarán accións de apoio aos colectivos en risco de exclusión social:

- Cubrindo as necesidades básicas de persoas, anciáns e enfermas sen dereito a pensión de réxime contributivo ou non contributivo, a través da Renda de Integración Social de Galicia, con un total de 5.600 persoas beneficiadas previstas, das que 3.400 son mulleres, e as de Axudas de Emerxencia Social, das que se beneficiarán 3.200 persoas, delas 2.000 son mulleres.
- promovendo programas específicos de atención para colectivos con especiais dificultades de inserción, e o mantemento dunha rede de iniciativa social de centros de inclusión e emerxencia social (albergues, comedores, centros de día, centros de acollida e inserción a persoas sen fogar, etc.) do que se beneficiarán ao redor de 880 persoas de etnia xitana, delas 463 mulleres; persoas "sen teito" un total de 279, delas 70 mulleres, e persoas afectadas pola SIDA. Dentro do Plan de loita contra a pobreza e a exclusión social tratarase de conseguir que 931 persoas en risco de exclusión sexan contratadas, delas 531 mulleres.

Vanse realizar tamén investimentos en centros e edificios da área de benestar para a eliminación de barreiras arquitectónicas.

No que se refire á **promoción da igualdade**, no ano 2012 incidirase na promoción de programas de información e sensibilización destinados a fomentar políticas de igualdade e dos programas dirixidos a promover o liderado profesional das mulleres e a súa presenza en postos de responsabilidade.

No ámbito do tratamento da **violencia de xénero**, trátase de prever e abordar a violencia de xénero dende as súas diferentes causas, tipoloxías, manifestacións e consecuencias, así como garantir a asistencia e protección das vítimas, con actuacións de carácter integral. As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen acceso prioritario ás vivendas de promoción pública e están contempladas como colectivo preferente en todas as medidas de emprego xestionadas dende a Xunta de Galicia.

En relación coa **prostitución**, a trata e a explotación sexual, levaranse a cabo programas de información e sensibilización e programas de formación específicos para colectivos profesionais así como o impulso á creación dunha rede de entidades, centros e asociacións de apoio a este colectivo e de medidas dirixidas a facilitar a inserción laboral das mulleres que abandonen a prostitución.

No que se refire á **emigración** as actuacións neste obxectivo abarcan tres eidos distintos: a emigración, a inmigración e o retorno. No primeiro deles, a emigración, incidirase

na asistencia sociosanitaria aos galegos e galegas residentes no exterior que se atopan en situación de precariedade, dependencia ou risco de exclusión social.

No ámbito da inmigración, as actuacións estrutúranse no desenvolvemento dunha acollida de carácter integral, e en especial para situacións de vulnerabilidade; no fomento da integración sociolaboral; na promoción da saúde, e na prevención e retorno educativo.

En canto ao ámbito do retorno, reforzase o apoio socioeconómico aos retornados a través da mellora da súa rede de información, da colaboración no ámbito da educación e formación, e da súa inserción laboral así como da acollida integral e apoio en casos de especial vulnerabilidade.

III.2.2. Eixe 2: dinamización económica, crecemento e emprego

O obxecto deste eixe supón unha implicación no apoio as infraestruturas de transporte, os sectores produtivos, á creación de riqueza, á mellora da competitividade, á preparación dos cidadáns para aumentar o espírito emprendedor, así como unha aposta por conseguir postos de traballo de calidade, tal como se desenvolve na Estratexia Europea polo Emprego.

A atención á internacionalización das empresas galegas e a atracción de investimentos exteriores son a pedra angular para gañar músculo industrial e empresarial.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

Eixes e Obxectivos estratéxicos do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E2: Dinamización económica, Crecemento e Emprego.	1.474.639.777	16,3	100,0
OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	307.751.419	3,4	20,9
OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	155.302.124	1,7	10,5
OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	672.292.494	7,4	45,6
OE04 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	339.293.740	3,8	23,0

OE 2.1. Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados aumentando a accesibilidade do territorio, e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria

Este obxectivo persegue completar os enlaces e vías de transporte aérea, terrestre e marítima que conecten o territorio galego cos espazos económicos máis próximos, como a comixa cantábrica, o centro da península e o norte de Portugal, e, á súa vez, con Europa e cos mercados mundiais.

Levarase a cabo un exercicio de estruturación do espazo territorial rexional, que aumente a conectividade e accesibilidade interior, e que impulse un modelo integrado e

único de entendemento do equilibrio territorial.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		1.474.639.777	16,3	100,0
<i>OE/C</i>	<i>OE01 Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial</i>	307.751.419	3,4	20,9
M/OEP	M01 Construción de Vías de Altas Prestacións (VAPs)	93.892.920	1,0	30,5
M/OEP	M02 Actuacións na rede de estradas convencional	106.560.276	1,2	34,6
M/OEP	M05 Desenvolver un programa galego para a seguridade vial e para o mantemento e conservación das estradas adicando o 3% de valor patrimonial da rede viaria	56.036.408	0,6	18,2
M/OEP	M06 Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común	7.614.052	0,1	2,5
M/OEP	M07 Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sostible, impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo	1.131.677	0,0	0,4
M/OEP	M08 Construción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios	1.573.169	0,0	0,5
M/OEP	M09 Mellora do transporte público de viaxeiros no ámbito rural	329.071	0,0	0,1
M/OEP	M99 Soporte xeral - Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso a os mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade vial	40.613.846	0,4	13,2

Este obxectivo estratéxico representa o 20,9% do eixe e o 3,4% sobre o total do PEG, cun importe de 307,8 Millóns de euros, no que as medidas de maior importe son as relativas ás actuacións na rede convencional de estradas (co 35,6% do obxectivo e o 7,4% do eixe) e a construción de Vías de Altas Prestacións (VAPs) (30,5% sobre o Obxectivo e o 6,4% sobre o eixe).

Os proxectos de accesibilidade e de creación e mellora das infraestruturas do transporte, consignadas no orzamento inclúense no Plan de Mobilidade e Orientación Viaria Estratéxica (Plan Move), e no Plan de seguridade viaria estratéxica 2011-2015, que constitúen o principal marco de actuación da Axencia Galega de Infraestruturas. Clasifícanse nas seguintes medidas:

Medida de Construción de Vías de Altas Prestacións: Recóllense aquí os proxectos novos para a o VAP da Costa Norte, a ampliación do túnel de Beiramar en Vigo e a execución de medidas medioambientais na Autovía AG 64 que comunica Ferrol con Vilalba.

Continuaranse as obras da Vía Artabra (AC/04/156), dos Ramais de acceso Santiago-Brión (variantes AC-300/AC-451), VAC Samia-Monforte, enlace Curro da autovía Pontevedra-Vilagarcía e tramo I da Vía de alta capacidade Tui- A Guarda, entre outras.

Entre as actuacións na rede convencional, figuran os novos proxectos "Abrir Ferrol ao mar", actuacións en travesías en Santiago, actuación de soterramento na Marina- O Parrote, na Coruña e o acondicionamento na estrada Santiago-Santa Comba.


Continuarase coas obras de acondicionamento da estrada PO 241, tramo entre Caritel-A Lama, a conexión do Corredor Brión-Noia coa estrada AC-55 en Taramancos-Noia, e o desdoblamento da vía urbana Ponte Bora en O Pino. Figuran tamén consignacións nos

proxectos de actuacións en medios urbanos das circunvalacións de Ourense e As Neves e as obras en Santiago de Compostela do cinturón Oeste e a variante de Aradas, que permitirá o acceso dende a estrada de Carballo ao Polígono do Tambre, cunha lonxitude de 1,6 Km.

En relación coa mellora da Seguridade viaria, que ten como finalidade reducir a siniestralidade e o número de vítimas dos accidentes de tráfico, diminuíndo os Tramos de concentración de accidentes (TCAs), proxéctase continuar coas obras xa iniciadas en anos anteriores, entre as que figuran singularizadas as obras de humanización e mellora da seguridade vial nas vías PO 325 (Vigo- Praia América) e PO 552 (Baiona- A Guarda).


Polo que á densidade de infraestruturas viarias se refire, Galicia supera á media nacional, tanto no referente a Km de estradas por 1.000 Km², coma no referente a Km de estradas por 1.000 habitantes.

Densidade de estradas. Km por 1.000 km²



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Densidade de estradas. Km por 1.000 habitantes



Fonte: Instituto Galego de Estatística

No tocante á mobilidade, coa finalidade de mellorar e consolidar os servizos de transporte metropolitano nas catro áreas xa constituídas (A Coruña, Ferrol, Santiago e Lugo) e coa extensión ao resto das sete grandes cidades galegas, continuarase coa política tarifaria común para estas áreas.

Coa finalidade de articular unha mobilidade metropolitana sostible, continuarase impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, con partidas no orzamento destinadas a tal finalidade. Sinálase así mesmo, a incorporación dun novo proxecto destinado ao fomento do transporte público no medio rural.

Entre a construción de intercambiadores figura a continuación da plataforma loxística de Salvaterra- As Neves (PLISAN).

OE 2.2. Internacionalizar a economía galega

A internacionalización e a apertura en réxime de competitividade das empresas galegas constitúe un obxectivo de primeiro rango. Impulsarase a colaboración cos organismos nacionais (ICEX) ou internacionais e coas empresas a través dos clusters, das cámaras de comercio e das asociacións empresariais. Facilitaranse os procesos de mellora da calidade e, ás veces, os de certificación desta.

Apoiaranse os novos emprendedores e os proxectos innovadores e impulsaranse instrumentos como os business angels ou os fondos de capital risco, sen esquecerse do capital semente que teña como obxecto o investimento en proxectos de base tecnolóxica que beneficien a Galicia.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		1.474.639.777	16,3	100,0
OE/C	OE02 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	155.302.124	1,7	10,5
M/OEP	M01 Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco	97.530.725	1,1	62,8
M/OEP	M02 Fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos con especial atención a EURORREXIÓN	100.000	0,0	0,1
M/OEP	M03 Creación de Redes Monitoring do portal do emprendemento e o desenvolvemento de Business Hunting para fomento de emprendedores e atracción de empresas emerxentes	1.007.058	0,0	0,6
M/OEP	M04 Apoios a innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia empresarial galega	6.238.953	0,1	4,0
M/OEP	M05 Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foraneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos, cooperación empresarial e de visualización da	16.454.524	0,2	10,6
M/OEP	M06 Fomento da implementación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia	2.681.463	0,0	1,7
M/OEP	M07 Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos	3.876.325	0,0	2,5
M/OEP	M99 Soporte xeral - Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas	27.413.076	0,3	17,7

Este obxectivo estratéxico representa o 10,5% do eixe e o 1,7% sobre o total do PEG, cun importe de 155,3 Millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01 "Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento especialmente para proxectos novedosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco" (co 62,8% do obxectivo e o 6,6% do eixe).-

Entre as actuacións que desenvolverán as medidas M01 e M03 do PEG "Mellora das condicións de **acceso das empresas galegas ao financiamento**, especialmente para proxectos novedosos e emprendedores" e "**Creación de Redes Monitoring do portal do emprendemento**", respectivamente figuran as que se inscriben no eixe de "emprendedores" do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), cun orzamento de 98,5 Millóns de euros.

A estimación apunta a que serán ao redor de 400 os proxectos innovadores/emprendedores os que se subvencionarán en 2012, posibilitarase a creación de 60 empresas e promoverase un investimento privado inducido de máis de 600 Millóns de euros.

Tamén figuran no orzamento convenios de microcréditos, estimándose a concesión dun total de 1.560 que xerarían un investimento privado inducido de 26,5 Millóns de euros.

Entre as axudas de apoio á industrialización e comercialización, inclúense ademais das do IGAPE as que promoverá a Consellería de Medio Rural para as empresas do

sector agrogandeiro, estimándose en máis de 1.000 as que resultarán beneficiadas por estes incentivos, manifestando unha clara aposta polo sector cun conxunto de proxectos de transferencias de capital, cunha achega global da Consellería por valor de máis de 36 Millóns de euros.

Os “Apoios á **innovación tecnolóxica** creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia empresarial galega” medida M04, materialízanse en proxectos de transferencias ás empresas para a mellora do seu capital organizativo e para a innovación xunto á promoción da excelencia empresarial, coa implantación de servizos de diagnósticos ás empresas.

No tocante á medida M05 “Impulsar a **internacionalización do tecido produtivo galego**” sinalar os proxectos de gasto do IGAPE enmarcados no seu eixe de “internacionalización” que constitúen un amplo programa de apoios e servizos destinados á promoción exterior de bens, servizos e investimentos, a iniciativas de mellora do capital humano no ámbito da internacionalización e ás actividades de potenciación das redes de empresarios galegos no exterior.

Na medida M07 “**Completar o mapa de solo industrial de Galicia**” impulsaranse actuacións deseñadas para os Parques Empresariais de Taboada, Monforte de Lemos, Becerreá, Palas de Rei (na provincia de Lugo) e nos de As Pontes de García Rodríguez e Cerceda (na provincia de A Coruña).

OE 2.3. Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a Política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial

A estratexia de desenvolvemento económico de Galicia pasa por converter a diversidade nun factor competitivo dentro dunha economía globalizada, baseándose na especialización. O fomento da cooperación competitiva entre as empresas, redefinindo a política de clusters e a identificación dos sectores prioritarios de atención, impulsará a delimitación espacial de proxectos singulares.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		1.474.639.777	16,3	100,0
OE/C	OE03 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	672.292.494	7,4	45,6
M/OEP	M01 Impulso ou creación dos novos clústeres nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que por as súas ventaxas competitivas teñen expectativas de crecemento	22.066.824	0,2	3,3
M/OEP	M02 Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes	2.400.000	0,0	0,4
M/OEP	M03 Desenvolvemento do clúster do sector de Construción Naval, impulsando a diversificación e a especialización do sector	80.000	0,0	0,0
M/OEP	M06 Fomentar a Innovación e a Dinamización do sector comercio	16.688.447	0,2	2,5
M/OEP	M07 Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respetuosas medioambientalmente	86.761.079	1,0	12,9
M/OEP	M08 Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario Galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria. Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega	7.618.206	0,1	1,1
M/OEP	M09 Estruturação do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal	1.320.647	0,0	0,2
M/OEP	M10 Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica	78.913.376	0,9	11,7
M/OEP	M11 Consolidar un sector galego do audiovisual	7.994.188	0,1	1,2
M/OEP	M12 Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura	29.303.743	0,3	4,4
M/OEP	M13 Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e a especialización dos portos de Galicia	14.691.809	0,2	2,2
M/OEP	M14 Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe	32.916.702	0,4	4,9
M/OEP	M15 Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade	38.633.189	0,4	5,7
M/OEP	M16 Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, - e non pola cantidade- + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estadia media e/ou maior cota de turismo internacional)	1.200.365	0,0	0,2
M/OEP	M17 Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia	19.508.911	0,2	2,9
M/OEP	M18 Desenvolvemento dunha nova estratexia de marketing no sector turístico	1.616.525	0,0	0,2
M/OEP	M19 Promoción de Galicia como destino de turismo cultural	25.014.157	0,3	3,7
M/OEP	M20 Mellorar os polígonos industriais	2.992.207	0,0	0,4
M/OEP	M21 Mellorar a seguridade industrial	853.176	0,0	0,1
M/OEP	M99 Soporte xeral - Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clústeres e o fomento da innovación e cooperación empresarial	281.718.943	3,1	41,9

Este obxectivo representa o 7,4% do total do PEG e absorbe o 45,6% do eixe 2 Dinamización económica, emprego.

Nas medidas M01 e M03 relativas ao **apoio aos clústeres**, consígnanse proxectos de gasto de transferencias tanto correntes como de capital coa finalidade de fomentar e apoiar tanto aos clústeres xa existentes no tecido produtivo galego (o da automoción, do sector naval, da acuicultura, do audiovisual, de biotecnoloxía, do sector TIC, do produto

gráfico e do libro galego, das tecnoloxías da información e da comunicación e o alimentario), como o fomento de novos. Contémpanse ademais as achegas ao Parque tecnolóxico de Galicia no que se estima a constitución de 10 plataformas tecnolóxicas, xunto ao proxecto que recolle a anualidade do convenio co Clúster do naval (ACLUNAGA) para a certificación da calidade da industria naval galega.

A través do convenio co Clúster de empresas da automoción de Galicia CEAGA realizaranse 7 estacións multifuncionais de electromobidade.

En desenvolvemento da medida M06 “Fomentar a **Innovación e a Dinamización do sector comercio**” destaca un conxunto de proxectos de remodelación de mercados municipais e de abastos en Santiago de Compostela, Ourense, Vigo, e o de equipamento comercial de Mondariz.

Figuran, así mesmo outras actuacións de investimento cara á promoción do comercio galego e os produtos galegos e o apoio ao asociacionismo no sector. Estímanse que se implantarán 50 servizos de asesoramento comprendidos na rede de innovación e Observatorio do comercio.

Entre as actuacións das Medidas M07 e M08, relacionadas co sector agrogandeiro, sobresaen as seguintes:

- Mellora da competitividade das explotacións agrarias e gandeiras, mediante a redución dos custos de produción, a elevación das garantías sanitarias e de calidade dos produtos, a incorporación de novas tecnoloxías e a diversificación da produción.
- O fomento do dimensionamento cooperativo e do asociacionismo agrario como ferramenta para acadar unha maior competitividade das producións.
- O fomento e mellora da transformación e da comercialización dos produtos, como medio para gañar valor engadido nas producións, identificando ao produto galego como sinónimo de produto de calidade, a través do apoio ás denominacións e indicacións de calidade.

Reestruturación e reconversión de viñedo. Programa de promoción dos viños galegos en países de fora da Unión Europea, e a xestión do potencial vitícola: aplicación da reforma da OCM vitivinícola e o do Programa de Apoio ao sector.

- Programa de recuperación, conservación e fomento de recursos zooloxénicos autóctonos e a súa valorización nas producións ecolóxicas e de calidade e no aproveitamento de superficies infrautilizadas.
- Programas de aseguranza da calidade e a rastrexabilidade da produción leiteira. Apoio á creación e modernización das industrias do sector lácteo e novos retos. Vincularanse as actuacións en materia de calidade coa utilización eficiente da ferramenta Letra Q. Actuacións de apoio á sanidade vexetal e animal e execución de programas obriga-

torios de erradicación de enfermidades na gandería e o programa de mellora xenética do frisón galego, coa colaboración das ganderías galegas e de Xenética Fontao.

- Apoio á participación de produtores en programas de calidade diferenciada.

○ **ámbito forestal e de fomento da modernización e dimensionamento da industria de transformación da madeira**, xunto ás actuacións de prevención e loita contra incendios forestais, está incluído nas medidas M09 e M10. Entre as actuacións propostas para 2012, estableceranse liñas de investimento e axuda dirixidas á:

- ordenación das producións forestais.
- favorecemento de liñas de agrupación e creación de sociedades mercantís (SOFOR) compostas dun número de propietarios suficientes para que as superficies agrupadas sexan obxecto dunha xestión forestal sustentable. Calcúlase que se inscriban no rexistro 50 Sociedades e 5.000 produtores forestais se beneficien destas axudas.
- fomento de investimentos en materia de restauración forestal e silvicultura.
- creación e mellora das empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.
- fomento da certificación forestal, no que se calcula que 20 proxectos de fomento obterán a certificación forestal.

Outras liñas de actuacións destacadas, que teñen como obxectivo fundamental a loita contra os incendios forestais, son:

Redución do número de lumes

Redución da superficie queimada. Proponse a realizacións dos seguintes plans de actuacións:

- Plan de vixilancia e detección
- Plan preventivo: potenciación das infraestruturas defensivas, fomento da silvicultura.
- Plan de extinción.
- Plan de formación do persoal e Plan de seguridade e saúde na prevención e extinción de incendios forestais.
- Plan de renovación/adquisición de dotacións, equipamento e material de loita contra incendios.

As principais actuacións propostas relacionadas co **ámbito Mar-industria** son:

- Desenvolvemento do plan acuícola.
- Intensificación do apoio ás industrias de transformación do sector.
- Reforzamento dos equipamentos nos portos pesqueiros, con especial atención a aqueles que facilitan a operatividade e loxística diaria.
- Actuacións de recuperación das zonas improdutivas e da restauración da normal acti-

vidade extractiva naquelas áreas onde non se permitía por diversas causas.

- Mellora da comercialización dos produtos da pesca.
- Diversificación de actividades da poboación activa do sector pesqueiro.
- Potenciación dos cultivos mariños.
- Fomento do sistema formativo e da investigación para atender as novas demandas sociais, económicas e técnicas.
- Mantemento dos sistemas de información avanzados nas lonxas e nas confrarías de pescadores.
- Busca de novos mercados que permitan gañar cota de comercialización ás empresas, mellorar a imaxe dos produtos da pesca e da acuicultura e aplicar unha política de calidade e valorización, así como a certificación da calidade.
- Fomentar a cultura do consumo dos produtos pesqueiros.
- Actuacións destinadas á adaptación da frota galega á dispoñibilidade dos recursos.
- Fomentar a organización e control da trazabilidade dos produtos comercializados da pesca costeira artesanal.
- Apoio ao desenvolvemento racional dos espazos portuarios, fundamentalmente a través de Portos de Galicia, mellorando as infraestruturas portuarias e desenvolvendo actividades e prestación de servizos aos usuarios e concesionarios.

Entre as actuacións a realizar en portos deportivos, sinalar as de remodelación de instalacións náutico-deportivas nos portos de Vicedo e Muros, con 112 metros de lonxitude de dique nova/mellorada e 3.549 m² de superficie acondicionada.

Outros portos nos que se pretende actuar en 2012 serán os de Camariñas, Fene, Fisterra, Laracha, Miño, Oleiros, Pontedeume, e Ribeira (A Coruña), en Ribadeo (Lugo) e Moaña, Vilanova e Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

No conxunto de medidas a prol do axuste do esforzo pesqueiro e modernización da frota para garantir a sostibilidade dos recursos, calcúlase que haberá 190 axudas a investimentos en buques pesqueiros, 62 axudas entre as de carácter socioeconómico de compensacións económicas, 55 buques pesqueiros recibirán prestacións para a paralización definitiva de actividades da pesca. Tamén se calcula poñer en marcha 6 proxectos piloto de diversificación e mantemento de actividades nas comunidades pescadoras.

Realizaranse tarefas de prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas de produción mariña baixo criterios de produtividade e sostibilidade, a través de 50 convenios de asistencia técnica e vixilancia dos bancos marisqueiros con 600 entidades asociativas do sector, e co desenvolvemento de 36 proxectos colectivos de xestión dos recursos mariños, nos que se espera recuperar 39 zonas de produción.

No eido do **fomento do audiovisual** desenvolveranse actuacións específicas de difusión e de programación a través do Centro Galego das Artes da Imaxe, estimándose

en 11.000 os espectadores das proxeccións de cine. Tamén se realizarán accións de recuperación, conservación e difusión do patrimonio audiovisual galego, xunto a actuacións encamiñadas a potenciar os sectores audiovisual e multimedia, fomentando a promoción da multimedia e a difusión do patrimonio audiovisual galego e das artes da imaxe.

Así mesmo estableceranse axudas aos produtores audiovisuais, estimándose en 20 as produtoras beneficiadas.

Relacionado **co Turismo**, impulsaranse actuacións tendentes ao posicionamento de produtos turísticos diferenciadores e singulares de Galicia e a través de TURGALICIA realizaranse 10 plans e campañas de dinamización e de asistencia a feiras nacionais e internacionais do sector.

Entre as actuacións de difusión e dinamizadoras do turismo, realizaranse 7 de comunicación da nova marca, máis outras 40 de divulgación, lanzamento e consolidación da marca turística e o destino Galicia.

Entre as actuacións previstas na Cidade da Cultura de Galicia, que debe servir para difundir a marca Galicia internacionalmente, programaranse 100 actividades coas que se calcula a chegada de 250.000 visitas.

OE 2.4. Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego

Para mellorar as taxas de emprego introduciranse no mercado de traballo accións que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, o aumento dos servizos de apoio e o fomento da igualdade de oportunidades, así como as que permiten potenciar as empresas de economía social. Así mesmo impulsaranse formas de organización do traballo concertadas que vaian enfocadas no camiño da "flexibilidade".

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E2:Dinamización económica, Crecemento e Emprego.		1.474.639.777	16,3	100,0
OE/C	OE04 Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas	339.293.740	3,8	23,0
M/OEP	M01 Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos	104.121.011	1,2	30,7
M/OEP	M02 Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente	100.586.488	1,1	29,6
M/OEP	M03 Promover a difusión do canle Emprego Galicia	13.454.306	0,1	4,0
M/OEP	M04 Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais	3.018.962	0,0	0,9
M/OEP	M05 Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social	5.519.369	0,1	1,6
M/OEP	M06 Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor	26.603.895	0,3	7,8
M/OEP	M07 Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos	19.823.719	0,2	5,8
M/OEP	M08 Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento)	6.630.000	0,1	2,0
M/OEP	M09 Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral	5.678.441	0,1	1,7
M/OEP	M99 Soporte xeral - Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego	53.857.549	0,6	15,9

Este obxectivo estratéxico representa o 23,0% do eixe e o 3,8% sobre o total do PEG, cun importe de 339,3 Millóns de euros. Con este obxectivo estratéxico, pretendese acadar un emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego.

As actuacións concretas plasmadas nos proxectos de gasto, indican que a medida M01 **Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos**, é a de maior peso no conxunto do obxectivo estratéxico, cunha consignación que ascende aos 104,1 Millóns de euros cun peso relativo do 30,7% neste obxectivo, asemade presenta unha porcentaxe do 7,1% sobre o total do eixe.


Coa finalidade de favorecer a redución da taxa de desemprego e para atender á necesidade de mellora da empregabilidade, realizaranse as seguintes actuacións:

- Abono de cotas á Seguridade Social para os cotitulares de explotacións agrarias, das que se beneficiarán 200 persoas, das que a maioría (167) serán mulleres.
- Medidas favorecedoras da inserción laboral de colectivos desfavorecidos: axudas á contratación e emprendemento, dirixidas a 195 empresas e coas que resultarán 536 persoas beneficiadas (292 mulleres)
- Fomento da estabilidade no emprego: calcúlase que se beneficiarán 1.144 persoas (607 mulleres) e 391 empresas
- Medidas favorecedoras da conciliación da vida laboral e familiar: irán destinadas a 349 persoas (135 mulleres)

- Accións para o plan extraordinario de orientación, formación profesional e inserción laboral e modernización dos ensinos profesionais, no que se pretende ofrecer estes servizos a un colectivo estimado de 80.000 persoas
- Mellora da empregabilidade por medio de obras ou servizos de interese social, co desenvolvemento de dous programas de adquisición de experiencia: para persoas desempregadas (co que se pretende axudar a 5.635 persoas das que se estiman 2.930 mulleres) e para o fomento do espírito emprendedor, coa estimación de apoiar as ideas empresariais de 347 persoas (das que 180 serán mulleres).
- Proxectos mixtos formación-emprego, a través de Escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego, nos que participarán 1.500 persoas (630 mulleres) e se promoverán 53 Proxectos mixtos formación-emprego (EO/OE/Casas de oficios).

No tocante ás políticas de emprego, o momento actual no que se inscribe a intervención pública é tremendamente complicado, xa que nos últimos anos, a pesares do esforzo feito para lograr diminuír a taxa de paro, esta incrementouse, do mesmo xeito que o acontecido a nivel nacional. Galicia mantén taxas de paro por debaixo da media nacional, así a evolución trimestral durante o ano 2010 e o 2 trimestre de 2011 reflicten un diferencial de entre 4 e 5 puntos.

Taxa de paro



Fonte: Instituto Galego de Estatística

Entre as principais actuacións relacionadas coa medida M02 figuran as seguintes:

- Accións de Formación de técnicos especialistas en desenvolvemento sostible, rehabilitación de calidade e aforro enerxético
- Dialogo social. Formación para o emprego e ocupados, no que se estima participarán

un total de 31.000 persoas, cunha representación de mulleres algo superior.

- Actuacións de formación de traballadores ocupados, nas que se estima que participen unhas 5.300 persoas, sendo 3.200 mulleres
- Cursos vinculados a certificados de profesionalidade.

Outra das medidas a desenvolver neste obxectivo estratéxico, consiste na **promoción e difusión do canle Emprego Galicia**, co reforzamento das oficinas e servizos de emprego e coa creación dunha rede de orientadores laborais e axentes de emprego.

Na **prevención de riscos laborais**, levaranse a cabo actuacións de integración da actividade preventiva na empresa, e de formación dos empresarios para desempeñar a actividade preventiva de riscos laborais.

Impulsaranse iniciativas de emprego e creación de empresas de economía social, fomentando a incorporación de determinados colectivos como socios. Entre estas sinalar a dotación dun Fondo de capital risco para as cooperativas, a través do cal se espera axudar ao financiamento de 100 novas entidades de economía social.

Fomentarase a cultura emprendedora potenciando a xeración de emprego a través de fórmulas de economía social e autoemprego individual, apoiando especialmente o esforzo dos traballadores e das traballadoras autónomas.

Os autónomos e emprendedores teñen un importante peso na economía galega, cunha porcentaxe sobre o total de afiliados moi superior á media estatal. Neste apartado, a aprobación do Estatuto do Traballo Autónomo supón un importante avance e unha oportunidade. A Consellería de Traballo e Benestar potenciará o apoio a este colectivo como un dos eixes primordiais da súa política.

As actuacións nas que se concreta son as seguintes:

Accións de apoio a novas iniciativas empresariais, plasmadas nun conxunto de proxectos de gasto de axudas ao emprendemento e ás iniciativas emprendedoras de emprego, cos que se calcula que se poderían crear 250 empresas.

Destacan proxectos dirixidos a liñas de axuda para traballadores autónomos a través das que se calculan un total de 5.800 beneficiados dos que as mulleres autónomas serán preto de 2.400.

En relación co **apoio aos colectivos máis desfavorecidos** desenvolveranse:

Accións para mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas: das que se beneficiarán 775 persoas das que máis da metade serán mulleres (436)

Integración laboral de persoas con discapacidade. Contratación indefinida. Emprego con apoio. Enclaves laborais, estímense en 335 as persoas discapacitadas que resultarán

contratadas por estas axudas, 149 mulleres.

Unidade de apoio á integración laboral de persoas con discapacidade, un total de 1.472 persoas discapacitadas, 540 mulleres.

Haberá así mesmo, axudas dirixidas á inserción laboral doutros colectivos en risco de exclusión, nos que se beneficiarán ao redor de 280 persoas, a metade mulleres.

A medida M08 dirixida a Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o **ámbito local e o emprendemento**), instruméntase en proxectos de axudas para xerar novas actividades relacionadas co emprendemento, a través de axentes de emprego e desenvolvemento local, nos que se calcula que participarán un total de 304 axentes de emprego, con maioría de mulleres, xa que estas representan o 65% dos axentes.

En relación coa Medida M09 potenciarase a mellora da política laboral mediante accións de apoio a empresas e traballadores/as, organizacións empresariais e sindicais. Disporase unha liña de axuda especial para traballadores afectados por Expedientes de Regulación de Emprego (EREs), estimándose que resultarán unhas 200 axudas.

Apoio ás actividades das organizacións sindicais e facer efectiva a participación institucional das organizacións sindicais e empresariais intersectoriais máis representativas nos órganos de participación da Comunidade Autónoma.

Fomentar a RSE, mediante accións de formación, difusión, e de apoio ás empresas para mellorar a súa xestión empresarial, de difusión do concepto de RSE, así como impulso do Observatorio Galego de Responsabilidade Social Empresarial, coas actuacións consignadas no orzamento calcúlase que 50 empresas porán en marcha programas de xestión da RSE e levarán a cabo 350 actuacións de formación para a súa difusión e coñecemento.

Fomentar políticas de igualdade laboral. Prevese que serán beneficiarias 80 empresas. Outra das actuacións é as axudas a empresas para a implantación de plans de igualdade, cun cálculo de 80 novos plans; así mesmo inclúense actuacións que posibiliten a conciliación da vida familiar e laboral nas empresas, calculando que unhas 30 empresas de pequeno/mediano tamaño serán beneficiadas.

A través do Programa "Empregatex", cofinanciado con fondos europeos do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG), realizaranse actuacións de mellora da empregabilidade e apoio á reinserción laboral de persoas desempregadas no sector téxtil. Prevensen 80 accións de formación e que as persoas traballadoras do téxtil beneficiadas sexan unhas 500, das que a maioría son mulleres (85%).

III.2.3. Eixe 3: economía do coñecemento

Galicia propónse impulsar a economía do coñecemento aplicada ás necesidades produtivas, investindo de xeito eficaz en investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, co fin de mellorar o seu posicionamento no conxunto da economía europea e de converterse en referente naqueles sectores nos que a rexión presenta vantaxes comparativas. Todo iso se conseguirá fortalecendo a competitividade das empresas, a presenza internacional e o esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto de axentes do sistema de innovación (universidades e centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores). O obxectivo xeral é consolidar un sistema de I+D+i en Galicia, establecendo medidas que incentiven e vertebren as actividades de investigación.

En paralelo, unha das oportunidades que se lle presenta a Galicia para aumentar a competitividade radica no emprego xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

Eixes e Obxectivos estratéxicos do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E3: Economía do Coñecemento.	333.020.667	3,7	100,0
OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	134.665.975	1,5	40,4
OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	198.354.692	2,2	59,6

OE 3.1. Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento.

Incrementar os procesos de innovación, racionalizar o esforzo público, implicar en maior medida ás universidades na colaboración coas empresas innovadoras, e adoptar as medidas que incentiven e promovan os recursos que as empresas galegas lle dedican á I+D+i resumen este obxectivo estratéxico para avanzar nunha sociedade innovadora.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E3: Economía do Coñecemento.	333.020.667	3,7	100,0
OE/C OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de	134.665.975	1,5	40,4
M/OEP M01 Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais	63.283.822	0,7	47,0
M/OEP M02 Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas	7.605.278	0,1	5,6
M/OEP M03 Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial	47.434.129	0,5	35,2
M/OEP M06 Potenciar a investigación no ámbito sanitario	333.000	0,0	0,2
M/OEP M99 Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	16.009.746	0,2	11,9

O obxectivo estratéxico OE01, relativo á I+D representa o 40,4% do Eixe, e o 1,5% respecto do total do PEG, presentando un importe no orzamento de 134,7 millóns de euros.

Este obxectivo articúlase en torno ao Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, que potencia a interrelación entre os axentes do sistema de innovación mediante os aceleradores que propoñen os programas estatais e internacionais de financiamento da I+D+I, comprendendo os seguintes obxectivos:

A Medida destinada a **reforzar a investigación no ámbito universitario galego** é a de maior importe, xa que cun orzamento de 63,3 millóns de euros absorbe case a metade do obxectivo estratéxico (47%).

A liña condutora desta medida consiste na potenciación das estruturas de I+D+i do Sistema Universitario galego (SUG), cunha finalidade de potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

De cara á consolidación e reforzamento do conxunto de investigadores e recursos científicos que ten a Universidade galega, na que co desenvolvemento de diversos centros docentes e de investigación en Galicia propiciouse a existencia actual dun importante capital humano e técnico, cunha situación altamente competitiva no que se refire a investigación, conxugando intereses públicos e privados e xerando unha relación moi produtiva entre a investigación e o desenvolvemento.

Destacan as Axudas a investigadores e técnicos e para a contratación de investigadores e tecnólogos, que xunto coa incentivación da incorporación de investigadores e intensificación da actividade investigadora e os contratos predoutorais, estímase que haberá 15 contratacións de investigadores e un emprego asociado de persoas participantes nos proxectos de 274 investigadores.

Na Medida destinada a **potenciar os centros tecnolóxicos**, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas, presenta un importe de 7,6 millóns de euros, destacan as seguintes actuacións:

En primeiro lugar, as liñas de axuda para mellora das infraestruturas, renovación e adecuación de instalacións e equipamento científico-técnico de investigación pública de I+D e de centros tecnolóxicos, de carácter transversal; xunto as transferencias ás fundacións públicas de Fomento da calidade e Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, e a Fundación CESGA.

No ámbito sectorial, no eido agroalimentario e mar- industria, figuran as transferencias ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria (InGaCal) e do Centro Tecnolóxico da Came, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento do sector agrícola, gandeiro, fores-

tal e agroalimentario galegos, e fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cármica, garantindo os mais altos estándares de calidade e seguridade alimentaria.

No tocante ao mar, a labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, planes de cultivo, explotación de novas especies,...), Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en minicriadoiros,...).

Estímase que se contraten 10 investigadores e tecnólogos nas fundacións anteriormente designadas e noutros Entes de dereito público.

Así mesmo, desenvolveranse catro proxectos (PROSEC, ECREIN, LEADERA e Extrusionic- Matera) incluídos na actuación de promoción de masa crítica e complementariedade en ámbitos de investigación innovadores e capacidade científico-tecnolóxica pouco articulada.

A medida destinada ao **fomento da I+D+i nas empresas e da investigación aplicada**, priorizando as iniciativas de cooperación empresarial, presenta un orzamento de 47,4 millóns de euros, a segunda en importe deste obxectivo estratéxico, destacando a continuación as actuacións seguintes:

A creación da Rede Xiga de axentes de innovación e incorporación de axentes a empresas como técnicos de apoio para innovación.

Desenvolveranse 10 novos produtos, a través dunha liñas de axudas ás empresas para a cooperación no desenvolvemento de novos procesos e tecnoloxías.

Para o apoio ao financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas, a Consellería de Economía e Industria dotará un fondo de capital risco para investimentos en I+D, cun importe de 20 millóns de euros, co que se estima se preste axuda a 30 empresas.


O Instituto Galego de Calidade Alimentaria, promoverá diversos proxectos na mellora de xestión, control e certificación, e o proxecto SERAGRO, cos que estima apoiar 3 novos produtos en desenvolvemento (pemento de Arnoia e Oímbra, nova marca de garantía relacionada cos produtos hortícolas e a posibilidade de realizar a certificación dos produtos alimentarios artesanais), xunto a un proxecto do Centro tecnolóxico da carne.

No apartado de Proxectos de I+D+i en cooperación con empresas: un de cooperación con LEYMA e outro con ANFACO.

No tocante á investigación no ámbito sanitario, estímase involucrar ao Instituto de Investigación sanitaria e a 3 centros de I+D+i, no desenvolvemento de 5 novos proxectos

coa finalidade de obter sendas patentes.

Dentro dos indicadores que permiten medir o contexto no que, para o ano 2012, se van a implantar as políticas de fomento da I+D+i, un dos máis importante é o investimento en I+D+i en termos de PIB. Este indicador mide o investimento da economía galega en actividades de investigación e desenvolvemento; os resultados ofrecidos amosan que se ven diminuír a porcentaxe do PIB que se destina a i+d (investimento tanto público coma privado), faino en menor medida do que decreceu o PIB galego durante os anos 2008 e 2009.



Na gráfica anterior tamén se reflicte outro indicador relevante, o persoal investigador por cada 1.000 ocupados, que ten unha tendencia incrementalista dende o inicio da serie 2005, situándose en 8,7 investigadores.

OE 3.2. Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos.

A desaparición da fenda dixital que separa Galicia das rexións máis desenvolvidas é un obxectivo transversal. As TIC deben desempeñar un papel importante como instrumento de compensación dos desequilibrios territoriais de Galicia.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E3: Economía do Coñecemento.		333.020.667	3,7	100,0
<i>OE/C</i>	<i>OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos</i>	198.354.692	2,2	59,6
M/OEP	M01 Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da Administración, os fogares e as empresas de Galicia	29.432.201	0,3	14,8
M/OEP	M02 Fomento do emprego das TIC nos fogares e negocios para aumentar a produtividade e os intercambios tecnolóxicos e culturais	456.472	0,0	0,2
M/OEP	M03 Contribuír á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu negocio e incluso a cooperación a través de proxectos conxuntos	21.711.256	0,2	10,9
M/OEP	M04 Dinamización e consolidación do sector da comunicación	107.732.873	1,2	54,3
M/OEP	M99 Soporte xeral - Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	39.021.890	0,4	19,7

O obxectivo estratéxico de modernizar e promover a aplicación e o emprego das TICs en Galicia absorbe o 59,6% deste eixe, cun importe de 198,4 millóns de euros.

As actuacións centranse no desenvolvemento das liñas de traballo recollidas na Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, aprobada polo goberno, en 2010.

Para avanzar no Plan de Banda Larga continúanse no 2012 desenvolvendo catro actuacións: despregamento de redes fixas, despregamento de redes de nova xeración, despregamento de redes sen fíos e adecuación do operador público RETEGAL.

En canto á actual infraestrutura de telecomunicacións, na actualidade a rede corporativa da Xunta de Galicia dá servizo a máis de 3.000 centros repartidos por toda a xeografía galega. É imprescindible manter o servizo de comunicacións de datos e de telefonía para estes centros, ao mesmo tempo que é preciso acadar pouco a pouco un servizo mínimo aceptable para os centros onde a día de hoxe se chega con dificultade.

Tamén existe unha importante heteroxeneidade dos sistemas informáticos repartidos en máis de oitenta centros de datos. Ao longo de 2012 abordarse o traslado das telecomunicacións ao CPD Integral da Xunta de Galicia situado na Cidade da Cultura.

O obxectivo do Plan de Banda Larga para o 2012 é acadar que cando menos o 90% da poboación de Galicia conte con cobertura de banda larga de calidade.

No ámbito das telecomunicacións preténdese acadar unha mellora na dispoñibilidade das liñas de comunicacións da rede corporativa, así como un importante incremento do ancho de banda en boa parte destas liñas.

Igualmente é un obxectivo estratéxico iniciar a implantación dunha rede de emerxencias en Galicia que permita garantir a adecuada coordinación entre os distintos participantes nunha emerxencia.

Continuarase coas iniciativas que se están levando a cabo no ámbito da sociedade da información.

Estas liñas de traballo están en directa relación coa execución do Plan de Modernización da Administración Pública; o Plan Director de Seguridade da Información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Plan Director de Telecomunicacións para o despregamento da banda larga en Galicia; o Plan de Sistemas e Tecnoloxías da Información da Administración de Xustiza en Galicia ou o Proxecto Abalar.

A SX de Modernización e Innovación tecnolóxica continuará co desenvolvemento das redes de banda larga e accesibilidade ás TIC en todo o territorio de Galicia.

Coa finalidade **de promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e PEMES, como a carpeta do cidadán, ou centros de información**, que incrementen a accesibilidade aos servizos das administracións públicas, a SX Técnica da Consellería de Educación, realizará investimentos para a implantación de 15 Aplicacións informáticas para o ámbito do ensino non universitario e dotación de 2.500 equipamentos para procesos de información para centros educativos de ensinanzas non universitarias.

Así mesmo o CIXTEC continuará co desenvolvemento das aplicacións e servizos, Novas funcións Xestión tributaria (XEITO), Carpeta electrónica do cidadán e Licitación electrónica (que contan co financiamento do FEDER), Sistemas de información horizontais para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable, e Sistemas de Información coa Cidadanía e a administración electrónica, en total serán 7 as aplicacións desenvolvidas e 10 servizos telemáticos para a cidadanía e as empresas.

○ **fomento do emprego das TIC nos fogares e negocios** para aumentar a produtividade e os intercambios tecnolóxicos e culturais, se concreta en axudas a cidadáns e entidades sen ánimo de lucro para o acceso a equipamentos informáticos e promoción da conectividade á banda larga; calcúlase que 70 entidades resultarán beneficiadas.

Para contribuír á **formación dun sector empresarial galego da sociedade da información**, facilitando o seu negocio e incluso a cooperación a través de proxectos conxuntos, levaranse a cabo as seguintes actuacións: Apoio a proxectos para solucións de demandas comúns do sector TIC, cos que se estima que se xerarán 37.

No fortalecemento e ampliación da **administración electrónica**, destacan as seguintes actuacións:

No tocante á área sanitaria, trátase de novas actuacións na rede informática, coa estimación de conseguir 20 novas aplicacións calculando uns 30.000 usuarios das mesmas.

Polo que respecta aos servizos que o CIXTEC desenvolve para a administración e a

ciudadanía en xeral, aplicables ao eido empresarial, continuarase coa implantación e deseño de 4 aplicacións (Novas funcionalidades XUMCO, Sistema de información de recursos humanos, sistemas de información de nómina, e sistema de inventario do patrimonio), a través das que se calcula a consolidación, mellora e implantación de 10 funcionalidades para os empregados públicos.

A medida **de Dinamización e consolidación do sector da comunicación**, desenvolverá as seguintes actuacións:


Apoio aos medios de comunicación, a través de proxectos que estimulen o uso da lingua galega nos medios, a promoción dos valores e a imaxe de Galicia e a divulgación da acción institucional da Xunta; prevese que resultarán beneficiadas 31 empresas e a CRTVG e se outorgarán bolsas para a formación en comunicación. Tamén se levarán a cabo 3 accións institucionais e 5 campañas de comunicación.

Coa liña de axuda a empresas para a promoción da lingua galega no ámbito dos medios de comunicación, estímase que serán 10 as empresas beneficiadas.

En relación cos novos telecentros de comunicación, realizaranse actividades de dinamización da Sociedade da Información en 98 centros da rede Cemit e en 100 deles mellorarase os seus equipamentos.

Tamén figuran proxectos de mellora de infraestruturas complementarias da rede oficial de comunicacións e na nova rede de radiocomunicacións dixitais, que afectarán a 63 centros e calcúlase en 100 o número de proxectos de infraestruturas.

Finalmente, sinalar as achegas á Compañía de Radio Televisión de Galicia (CRTVG), na que se levarán acabo unhas 30 actuacións de infraestruturas para servizos de TV e radiodifusión; e a Retegal, na que haberá 2 equipamentos novos e 5 dotacións de infraestruturas.



En canto á estrutura de banda longa os indicadores que miden a evolución están vencellados ás vivendas que dispoñen de acceso á banda longa. Se ben durante os últimos anos se ven crescendo no nº de vivendas que dispoñen deste tipo de conexións, Galicia aínda ten un diferencial respecto da media nacional de máis de 10 puntos, aínda que se ven reducindo de forma continua tal como se pode apreciar no gráfico.

III.2.4. Eixe 4: sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial

A cohesión territorial e a busca dun desenvolvemento sustentable e harmónico conseguírase protexendo os recursos endóxenos, garantindo a solidariedade entre territorios, preservando o medio ambiente e a contorna, e impulsando a igualdade na accesibilidade e conectividade aos servizos públicos esenciais, alá onde se atopan.

Baixo o enfoque do equilibrio territorial, o Plan acolle tamén as actuacións compensatorias de estímulo empresarial e complementarias para a dotación de servizos persoais e empresariais, atendendo singularmente ás actuacións en equipamento produtivo complementarias ás de fomento empresarial recollidas nos plans para a zona de Ferrol, e "Plan Impulsa" para as provincias de Lugo e Ourense.

Impulsaranse as oportunidades que se lle presentan a Galicia en enerxías renovables e na xeración de actividades económicas e postos de traballo ligados ás actividades de produción de enerxías alternativas ou de eficiencia enerxética e industrias de reciclaxe.

OBXECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

Eixes e Obxectivos estratéxicos do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E4: Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	430.395.982	4,8	100,0
OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	136.418.180	1,5	31,7
OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	258.734.138	2,9	60,1
OE03 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	35.243.664	0,4	8,2

OE 4.1. Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade da vida

A ordenación do territorio inspírase nun desenvolvemento sustentable a través dunha estratexia territorial integrada no conxunto da UE, que se organiza desde o recoñecemento dun modelo policéntrico, no que as grandes cidades articulan o conxunto e permiten un equilibrio e onde as vilas e os pequenos núcleos de poboación garanten a accesibilidade e comunicación a través dunha rede de infraestruturas que respecte o medio ambiente como condición de preservación e a paisaxe e os atractivos naturais como elementos diferenciais positivos na xeración de riqueza.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.	430.395.982	4,8	100,0
<i>OE/C OE01 Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida</i>	136.418.180	1,5	31,7
M/OEP M01 Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe	43.363.545	0,5	31,8
M/OEP M02 Optimización da Xestión de Resíduos	4.586.691	0,1	3,4
M/OEP M99 Soporte xeral - Convertir o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida	88.467.944	1,0	64,9

Este obxectivo estratéxico representa o 31,7% do eixe 4, e do 1,5% sobre o total do PEG, cun importe de 136,4 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01 "Ordenación do territorio e política medioambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe", 43,4 millóns de euros (co 31,8% do obxectivo, e o 0,5% do PEG).

En relación coa **Ordenación do territorio e a Política medioambiental** na Comunidade Autónoma lévanse a cabo diversas actuacións salientables:

- A través de programas de educación para a sostibilidade en centros educativos: proxectos Axenda 21 escolar de Galicia e o proxecto Climatatlantic, e a través do desenvolvemento de programas vinculados coa ordenación e xestión do territorio no ámbito da sostibilidade.
- Accións de loita contra a contaminación mariña a través do Plan territorial de continxencia. Dentro deste Plan realizarase o proxecto de loita contra á contaminación, o proxecto de medidas de protección da flora e fauna acuáticas, o proxecto de operatividade do servizo de gardacostas de Galicia, e o proxecto de contratación de empresas de vixilancia.
- Accións para a observación e predición ambiental, atendendo especialmente aos sis-

temas ecolóxicos galegos (mediante proxectos de mantemento de maquinaria e instalacións ambientais, reforma do laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, proxecto de previsión de riscos, rede de observación ambiental de Galicia e os proxectos de equipamentos ambientais); accións para reducir o impacto ambiental das actividades industriais (mediante actuacións no eido medio ambiental, o proxecto de solos contaminados, un proxecto de investimentos ambientais en empresas de Galicia que dará lugar a 701 empresas beneficiadas e os proxectos de servizos no eido empresarial) e accións destinadas ao aumento dos controis sobre a calidade do aire.

En canto ao **control ambiental** preténdese mellorar a avaliación ambiental mediante:

- O establecemento de procedementos que garantan que as declaracións de impacto e efectos ambientais sexan resoltas no menor tempo posible.
- A posta en marcha de actuacións de minimización de impactos.
- Fomentar a introdución nas empresas de novas tecnoloxías, dirixidas á prevención e redución da contaminación ambiental.
- Mellora e mantemento das redes de estacións de medida dos distintos factores que integran o control da calidade ambiental.
- Impulso das actuacións desenvolvidas polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia, coa finalidade de asegurar a máxima calidade nas análíticas realizadas.

No ámbito da **conservación do patrimonio cultural e a biodiversidade**, os principais obxectivos establecidos para o ano 2012 están orientados a seguir a traballar na liña de garantir a protección, conservación e posta en valor dos espazos naturais de maior valor ecolóxico, asegurar o mantemento e a coherencia da Rede Natura 2000, e promover o uso sostible das áreas protexidas.

Realizaranse accións para a optimización socioeconómica e para o desenvolvemento sostible da poboación da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos a través da mellora dos hábitats e da paisaxe rural cos que se prevé a creación de 20 centros de recurso, aulas de natureza, o desenvolvemento de 157 actuacións destinadas á recuperación e rexeneración do entorno, 35 campañas de educación ambiental desenvolvidas e 1.200 Km de senderos novos e/ou mellorados.


Tamén se realizarán accións dirixidas á protección, conservación, restauración e mellora dos recursos naturais situados na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos (Reserva natural, Parque natural, Parque nacional, Monumento natural, Humedal protexido, Paisaxe protexida e ZEPVN).

Así mesmo, nesta medida tamén realizaranse actuacións dirixidas ao saneamento das rías galegas, control de calidade das augas da demarcación hidrográfica de Galicia-costa, programas de saneamento locais nas rías e control das augas, accións de xestión do dominio público hidráulico e accións de saneamento no rural de Galicia.


En canto á **Optimización da xestión de residuos**, o que se pretende para o ano 2012 é dar continuidade á progresiva consecución do Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2020, respostando ás demandas comunitarias en materia de prevención da xeración de residuos e á promoción da reutilización, reciclaxe e recuperación dos xerados, co fin de acadar un modelo de xestión sostible, que reduza o seu impacto ambiental. Destacan as seguintes actuacións:

- Accións para a consecución de “vertido cero” en vertedoiros non autorizados en 2011 (a través do proxecto solos contaminados).
- Accións para aumentar as porcentaxes de valorización material total de FORM, papel e cartón, vidro, envases e outros residuos: a través do proxecto de mellora da xestión dos residuos domésticos e industriais, coa estimación de que se crearán 13 novas plantas de transferencia e/ou tratamento, cunha superficie recuperada e/ou rehabilitada de 0,26 Ha. Cabe destacar nesta actuación o proxecto de mellora da xestión dos residuos domésticos e industriais (importe: 4.005.985 €, con 13 novas plantas de transferencia e/ou tratamento creadas para este período).
- Desenvolvemento de proxectos sectoriais de reciclaxe de materiais ou de recuperación medioambiental.
- No que ao tratamento da auga se refire, a comunidade autónoma está a facer grandes esforzos para garantir o máximo aproveitamento da auga, así como para proporcionar un subministro de auga a todos os galegos, e asegurar o tratamento das augas residuais.

Abastecemento de auga potable




Fonte: Instituto Galego de Estatística



OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única

Impulsarase unha Galicia descentralizada, entendendo os valores propios e diferenciados de cada un dos espazos, e potenciando as súas vantaxes e riqueza a través de numerosas actuacións sectoriais, viarias, industriais, parcelarias, enerxéticas, comunicacionais, de apoio á Administración local, etc., dotando a cada territorio de auténticas posibilidades de aproveitamento dos seus potenciais internos.

A distribución territorial dos investimentos comprendidos nos capítulos de gasto VI e VII, reflicten unha ponderación que discrimina en positivo as provincias de Lugo e Ourense, de menor renda por habitante e maior dispersión e avellentamento persoal: os investimentos per-cápita nestas dúas provincias (926 en Lugo e 838 en Ourense) son da orde de un 50 por cento superiores ás provincias máis desenvolvidas (635 para A Coruña e 639 en Pontevedra), nunha política económica territorial e redistributiva.



Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.		430.395.982	4,8	100,0
OE/C	<i>OE02 Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única</i>	258.734.138	2,9	60,1
M/OEP	M01 Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente	4.319.881	0,0	1,7
M/OEP	M02 Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuindo a súa dispersión	19.550.046	0,2	7,6
M/OEP	M03 Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortelgal	26.399.778	0,3	10,2
M/OEP	M04 Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sostibles	5.716.084	0,1	2,2
M/OEP	M05 Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza	126.314.904	1,4	48,8
M/OEP	M07 Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación	21.634.932	0,2	8,4
M/OEP	M08 Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma	13.185.520	0,1	5,1
M/OEP	M09 Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia	927.004	0,0	0,4
M/OEP	M99 Soporte xeral - Desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única	40.685.989	0,5	15,7

Este obxectivo estratéxico representa o 60,1% do eixe 4, e do 2,9% sobre o total do PEG, cun importe de 258,7 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M05 "Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza", 126,3 millóns de euros (co 48,8% do obxectivo, e o 1,4% do PEG).

Para a **creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas** realizáranse accións de investigación en materia de urbanismo e ordenación do territorio,

accións que permitan racionalizar o crecemento residencial urbano e dos núcleos rurais e elaboraranse directrices e instrumentos para a ordenación do territorio.

Debido ao obrigado cumprimento da ordenación do territorio e da planificación urbana, destácase que máis do 80% dos concellos de Galicia están redactando o seu planeamento municipal e, de feito, están comprometidas axudas económicas á práctica totalidade das entidades municipais, para o cumprimento do obxectivo de que o planeamento acade a todo o territorio da Comunidade Autónoma para o horizonte de 2015-2016.

Estas actuacións levaranse a cabo a través dos seguintes proxectos: unha liña de axudas económicas e de asesoramento técnico para a redacción do planeamento urbanístico, coa finalidade de facilitar a elaboración e tramitación dos plans de ordenación municipal, que se veñen realizando dende hai varios anos, a estimación para o ano 2012 será de 187 Plans de Ordenación Urbanística Municipal aprobados (POUM); unha liña de axudas públicas destinadas aos concellos para a redacción do planeamento urbanístico cunha previsión de que se aprobarán 25 POUM; realizaranse tamén proxectos destinados ao investimento inmaterial na investigación e divulgación de estudos en materia de urbanismo; e en canto á elaboración das directrices e instrumentos para a ordenación do territorio iniciarase un proxecto de fomento da ordenación do territorio e a protección da paisaxe coa realización de 2 actuacións de estudo, difusión e promoción.

○ desenvolvemento do **plan HURBE** lévase a cabo mediante accións para o financiamento de infraestruturas municipais básicas.

A posta en valor do plan HURBE supón a realización de actuacións de mellora de contornos urbanos, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e do reequilibrio territorial. Coa colaboración dos concellos realizaranse unha serie de actuacións en zonas de especial valor en espazos de relación pública, co fin de contribuír ao desenvolvemento local desas zonas.

○ obxectivo do plan é que o 40% dos concellos de Galicia sexan beneficiarios dunha axuda ata o ano 2014.

Como obra nova en materia de urbanismo se prevé que para o ano 2012 realizaranse proxectos de rexeneración urbana en 8 concellos de Galicia.

As actuacións que se desenvolverán para financiar as infraestruturas municipais realizaranse mediante unha liña de axudas a concellos para actuacións en contornos urbanos, e unha liña de axudas de obra nova en materia de urbanismo (coa previsión de 8 novos proxectos de rexeneración urbana); así mesmo, continuarase co proxecto do centro cultural do Auditorio de Lugo.

○ **Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Gali-**

cia créase para a elaboración dunha cartografía SIX escala mínima 1:5000 de toda Galicia. O obxectivo do programa consiste na elaboración, mantemento e actualización da información xeográfica e cartográfica necesaria para o desenvolvemento de estudos territoriais.

Continuarase co proxecto de coordinación e información territorial, cunha aplicación desenvolvida que dará lugar á consecución de 1.600.000 Has cartografiadas.

Para acadar a **fixación da poboación**, de tal maneira que a súa distribución sexa máis eficiente e así poder diminuír a súa dispersión, porase en marcha a execución dunha serie de estratexias de desenvolvemento local realizadas polos Grupos de desenvolvemento rural, mellorando as infraestruturas e servizos básicos da poboación que vive no medio rural. Preténdese a posta en marcha de 187 novos proxectos de desenvolvemento rural.

O propósito de **diversificar as actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia mediante mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas** levaranse a cabo actuacións de contribución á valorización do medio rural, e de reordenación das estruturas agrarias mediante procesos de concentración parcelaria e impulsaranse os proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia, diversificando as actividades económicas sostibles. Como proxectos destacados para o ano 2012 cabe sinalar:

En canto as accións para contribuír á valorización do medio rural calcúlanse que se iniciarán uns 70 proxectos de desenvolvemento rural.

Dentro do programa de mellora e reordenación das estruturas agrarias cabe diferenciar diversas actuacións: proxectos destinados a obra nova a levar a cabo en explotacións agrícolas (11.000 explotacións agrícolas beneficiadas), proxectos destinados á mellora de estruturas agrarias que afectarán a unha superficie de 15.500 Ha, actuacións de mellora das súas infraestruturas en 45 zonas de concentración parcelaria; realización de 125 actuacións de dinamización territorial; e mediante o Premio AGADER impulsaranse 3 proxectos de desenvolvemento rural.

Establecerase un **novo esquema de gobernanza cos concellos**, mediante fórmulas de cooperación para conseguir unha prestación de servizos máis eficientes e sostibles. Preténdese mellorar os servizos públicos mediante a realización de programas conxuntos coas entidades locais.

Impulsaranse plans de desenvolvemento local, que beneficiarán a 68 concellos, dando lugar a 16 parques infantís creados e/ou mellorados e a unha superficie de espazos públicos mellorados de 7.800 m²; tamén concederanse axudas para investimentos nas sedes dos consistorios locais beneficiando a 10 concellos, cunha superficie de espazos destinados á prestación de servizos locais mellorada de 2.000 m² e beneficiarase a 34 entidades locais mediante o fomento do asociacionismo veciñal e convenios coa organización colexial de

funcionarios de habilitación nacional.

Concederanse axudas para a contratación de auxiliares de Policía local (cunha previsión de 42 concellos beneficiados).

Colaborarase coas administracións locais para unha mellor atención aos cidadáns mediante actuacións de apoio ás entidades locais e asociacións para unha mellor prestación de servizos.

No que respecta ao fomento da **rehabilitación de vivendas e edificios de vivendas** continuarase co programa de rehabilitación de núcleos rurais e cascos históricos coa previsión de 42 vivendas e locais rehabilitados e/ou en proceso de rehabilitación; concederanse axudas para a reparación de edificios de vivendas de protección pública con 111 expedientes tramitados que darán lugar a 666 vivendas e locais rehabilitados e/ou en proceso de rehabilitación; axudas do Plan Cuadrienal de Vivenda e Solo mediante financiamento estatal dando lugar a 800 vivendas e locais rehabilitados; axudas para a reparación de vivendas con 303 vivendas e locais reparados e/ou en proceso de reparación; axudas para a reparación de vivendas ás comunidades de propietarios con 50 novos expedientes tramitados; axudas para a rehabilitación de edificios singulares con 2 vivendas e edificios rehabilitados; liña de axudas Plan Cuadrienal a empresas privadas e conxuntos históricos con 15 vivendas e locais rehabilitados; axudas de rehabilitación e reconstrución de vivendas situadas no medio rural con 250 vivendas e locais rehabilitados; desenvolvemento do Programa Aluga mediante a concesión de axudas a propietarios e inquilinos, especialmente para sectores sociais máis desfavorecidos ou en risco de exclusión social con 55 novos expedientes tramitados e axudas para a rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos con 230 vivendas e locais rehabilitados.

En canto ao fomento da rehabilitación en Áreas de Rehabilitación Integral (ARIS) continuarase coa liña de axudas do Plan Cuadrienal de Vivenda e Solo con financiamento autonómico, son axudas destinadas a familias con ingresos medios e baixos, con 85 novos convenios e a concesión da liña de axudas estatais "Área de Rehabilitación Integral Camiños de Santiago"; o número de vivendas rehabilitadas en ARIS estímase en 573.

En canto a reforma de barrios e renovación urbana continuarase co investimento de reposición en infraestruturas e equipamento sociais en materia de vivenda e urbanismo, con 3 vivendas e edificios rehabilitados.

OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático

Para o ano 2020, a Unión Europea no seu conxunto formúlase un obxectivo en materia de clima e enerxía do "20/20/20", é dicir, 20% de redución de consumo de enerxía, 20% da enerxía consumida procedente de enerxías renovables, e 20% de redución nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incluído un incremento de ata o 30% da redu-

ción de emisións se se deran as condicións para iso.

No caso de Galicia, o reto enerxético preséntase, á vez, como unha oportunidade de creación de industrias auxiliares e postos de traballo aproveitando as favorables condicións para a explotación de enerxía eólica, biomasa, solar ou mareomotriz.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E4:Sostibilidade Medioambiental e Equilibrio Territorial.		430.395.982	4,8	100,0
OE/C	OE03 Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	35.243.664	0,4	8,2
M/OEP	M01 Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partires dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxías alternativas en cada momento	639.898	0,0	1,8
M/OEP	M02 Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético	23.728.533	0,3	67,3
M/OEP	M04 Desenvolver a implementación do Plan do carbón 2006-2012	4.537.702	0,1	12,9
M/OEP	M05 Implementar o Plan estratéxico en materia de seguridade e saúde	1.816.478	0,0	5,2
M/OEP	M99 Soporte xeral - Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático	4.521.053	0,1	12,8

Este obxectivo estratéxico representa o 8,2% do eixe 4, e do 0,4% sobre o total do PEG, cun importe de 35,2 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M02 "Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificio e construcións, as melloras dos procesos productivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético", 23,7 millóns de euros (co 67,3% do obxectivo, e o 0,3% do PEG).


En canto á **regulación, apoio e modernización de infraestruturas enerxéticas**, fomentárase as enerxías renovables, que son fundamentais para conseguir diminuír a dependencia enerxética do exterior e a mellora da seguridade das subministracións.

Levaranse a cabo as seguintes actuacións salientables:

- Programas de axudas e fomento das enerxías renovables, especialmente en enerxía solar térmica e fotovoltaica, caldeiras de biomasa e centrais de biogás.
- Desenvolvemento dun plan de aforro e eficiencia enerxética nos edificios públicos da Xunta de Galicia.
- Desenvolvemento de novas infraestruturas de transporte e distribución de gas, sendo necesaria a construción e posta en servizo de novos gasodutos: estímase a creación de 76 Km de redes de transporte e/ou distribución de gas creadas e/ou renovadas, con 26 entidades beneficiadas.
- Desenvolvemento de proxectos sectoriais de eficiencia enerxética, coxeneración e control da enerxía e de adaptación ao cambio climático, mediante a concesión dunha liña de axudas de aforro e eficiencia enerxética.
- Fomento de vehículos enerxeticamente eficientes.

- Impulso da Certificación Enerxética dos Edificios: esta liña de axudas pretende conceder 1.200 axudas e emitir 50 certificados de eficiencia enerxética.
- Mellora da calidade da subministración eléctrica.
- Programas de aforo e eficiencia enerxética nos sectores residencial, terciario, industrial e transporte.

Un dos logros e acadar que a produción de enerxía proceda en gran parte de fontes renovables, así no ano 2009 (último dato facilitado polo Instituto Enerxético de Galicia-INEGA-) a produción de enerxía de fontes renovables acada o 57%, e o consumo de enerxía de fontes renovables acada o 78,8%.



En canto á **regulación, apoio e fomento da minaría** levaranse a cabo actuacións relativas á mellora da actividade económica nas comarcas mineiras incluídas no Plan Nacional do Carbón 2006-2012, dirixíndose especialmente aos concellos de Cerceda, As Somozas e Ordes.

Para superar o déficit estrutural nas comarcas mineiras afectadas polo peche das explotacións de lignito aplicaranse os principios de complementariedade e adicionalidade nos termos contidos no Plan Nacional de Reserva Estratéxica do Carbón 2006-2012 e o novo modelo de desenvolvemento integral e sostible das comarcas mineiras.

Tamén se fai necesario contribuír a manter unha cultura preventiva e de seguridade na minaría, en consonancia cos obxectivos do Plan Estratéxico de Seguridade e Saúde. Polo que se refire a este Plan, a Cámara Oficial Mineira de Galicia será o instrumento que pilote estas actuacións. Tamén serán beneficiarios os centros tecnolóxicos, clúster e asociacións sen ánimo de lucro do sector mineiro.

Relacionado co Plan especial para a mellora do polígono industrial das Somozas, levaranse a cabo estudos e traballos técnicos en materia de minaría coa previsión para

o 2012 de 3 actuacións de estudos, difusión e promoción. Tamén se concederá axudas mediante convenios cos centros tecnolóxicos do granito e da lousa e convenios co clúster do granito e a lousa para proxectos de redución de po de sílice o que se estima que para o ano 2012 realizaranse 4 actuacións de estudos, difusión e promoción.

III.2.5. Eixe 5: administración austera, eficiente e próxima ao cidadán

A través deste Eixe trátase de impulsar reformas administrativas que eliminen trabas á iniciativa emprendedora, e que lle dean prioridade á austeridade e racionalidade do gasto administrativo, e garantan os principios do mérito e capacidade no acceso á función pública.

Destaca a reorientación ás novas formas de gobernanza, que contribuirán a un modelo no que o entendemento, partenariado e corresponsabilidade entre os distintos intervinientes, sexan Administracións públicas, axentes socioeconómicos, organizacións ou empresas e cidadáns, sexa a norma habitual.

OBJECTIVOS E PRIORIDADES DE GASTO

Eixes e Obxectivos estratéxicos do PEG	Importe	%/ Total	%/ Eixo
E5: Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.	324.088.720	3,6	100,0
OE01 Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	158.754.872	1,8	49,0
OE02 Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	165.333.848	1,8	51,0

OE 5.1. Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación.

Neste OE establécense accións directamente relacionadas coa prestación dos servizos necesarios para unha sociedade moderna e solidaria, tendo moi presente a necesidade de manter os rigores orzamentarios e o coidado no control dos gastos.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E5: Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.		324.088.720	3,6	100,0
OE/C	<i>OE01 Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e</i>	158.754.872	1,8	49,0
M/OEP	M01 Implantación dun Plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións productivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento	18.334.479	0,2	11,5
M/OEP	M02 Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en colaboración coas institucións comunitarias	2.809.540	0,0	1,8
M/OEP	M04 Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos	2.163.695	0,0	1,4
M/OEP	M05 Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención ao cidadán	1.679.193	0,0	1,1
M/OEP	M06 Reforzo da administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta	12.802.169	0,1	8,1
M/OEP	M07 Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico	1.643.153	0,0	1,0
M/OEP	M09 Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores	615.000	0,0	0,4
M/OEP	M99 Soporte xeral - Acadar unha administración moderna e cercana, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeralizando o emprego das TIC en todo os seus ámbitos de actuación	118.707.643	1,3	74,8

Este obxectivo estratéxico representa o 49 % do eixe 5, e do 1,8 % sobre o total do PEG, cun importe de 158,7 millóns de euros, no que a medida de maior importe é a M01 Implantación dun Plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións produtivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento, 18,3 millóns de euros (co 11,5 % de obxectivo, e o 0,2 % do PEG).

As accións deste OE relaciónanse con criterios de austeridade e economía e as liñas básicas da súa actuación van encamiñadas á elaboración de propostas de actuación relativos á organización, estruturación, planificación, métodos de traballo e mellora, atendendo a criterios de eficacia, eficiencia e redución do gasto público; á ordenación, xestión e administración ordinaria dos asuntos relativos ao persoal; culminación do proceso de adaptación do funcionamento do Parque Móbil da Xunta, e continuar coa implantación dun novo modelo de rexistro e sistema de información ao cidadán, primando o sistema electrónico, co fin de crear unha auténtica rede integral de información que racionalice o funcionamento administrativo.

En relación coa **Administración local** impulsarase a e-Administración ou administración electrónica nos Concellos de Galicia, conseguindo 100 procedementos telemáticos entre a Xunta e os concellos, e que 165 concellos da comunidade autónoma se adhira á xestión do Portal Eido Local.

En materia de **xustiza** as accións consistirán no reforzo da administración de Xustiza,

augmentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e o tempo de resposta.

Actuacións de mediación como mecanismo de solucións de conflitos distinto ao proceso xudicial, con 3 experiencias piloto postas en marcha.


O mantemento e mellora da dotación de medios e servizos, construción, reforma e mantemento de instalacións xudiciais, así como equipamento de 10 novos órganos e servizos xudiciais.

No que se refire a convenios de Asistencia Xurídica Gratuíta, alcanzárase un total de 33.224 casos aboados aos colexios de procuradores, e 58.378 casos aboados aos colexios de avogados.

Darase tamén un impulso as medidas de seguridade en 90 edificios xudiciais, en convenio co Ministerio do Interior.

Respecto do funcionamento da administración de xustiza, o persoal ao servizo da xustiza en Galicia a 1 de xaneiro do 2009 (último dato dispoñible polo IGE), sitúa un total de 2.719 efectivos, que representa, no caso de xuíces, fiscais e secretarios, máis do 6% do total nacional; mentres que a porcentaxe de funcionarios xudiciais se sitúa no 5,8% do total nacional, cun total de 2.021 efectivos. No que ao funcionamento se refire, durante o ano 2009 iniciáronse 582.162 novos procesos e resolvéronse 507.868, quedando pendentes de resolución 181.415 asuntos.

Persoal da administración de xustiza en Galicia




Fonte: Instituto Galego de Estatística

No tocante á eficiencia administrativa, e principalmente ao emprego das TIC na administración o Observatorio da Sociedade da Información e da Modernización de Galicia presenta os datos de informatización dos servizos administrativos reflectindo que máis de 90% das consellerías dispoñen de rexistro telemático, máis do 78% dispoñen de acceso

electrónico ao expediente e o 57% dispón dos sistemas de notificación electrónica.

Informatización dos servizos administrativos da Xunta de Galicia. Porcentaxes



Fonte: Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia. Enquisa 2009

A través da **EGAP** no ano 2012 haberá unha especial incidencia nas accións formativas descentralizadas, e na modalidade de teleformación para posibilitar o acceso a todos os empregados públicos, e especialmente aos pertencentes ás corporacións locais para o que desenvolverase un programa de formación continuada dos empregados públicos, impartida a través de 58 cursos de teleformación, favorecendo a descentralización dos cursos e a conciliación da vida familiar e laboral.

OE 5.2. Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia.

Este obxectivo comprende, entre outras, as actuacións relativas ao avance das fontes de financiamento de Galicia para garantir o exercicio futuro das competencias transferidas, as actuacións no ámbito autonómico para poder mellorar a calidade dos servizos públicos sociosanitarios e económicos, os reforzos das actividades de Xustiza e as actuacións de políticas de cooperación exterior, así como as accións que permiten garantir o funcionamento e os servizos das institucións galegas.

Eixes, Obxectivos estratéxicos e Medidas do PEG		Importe	%/ Total	%/ Eixo
E5: Administración austera, eficiente e cercana ao cidadán.		324.088.720	3,6	100,0
<i>OE/C</i>	<i>OE02 Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia</i>	165.333.848	1,8	51,0
M/OEP	M01 Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia	1.151.332	0,0	0,7
M/OEP	M02 Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio aos concellos	5.997.232	0,1	3,6
M/OEP	M03 Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e coordinación coas restantes administracións públicas competentes	1.753.300	0,0	1,1
M/OEP	M04 Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento	7.200.533	0,1	4,4
M/OEP	M05 Impulsar a coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado	201.843	0,0	0,1
M/OEP	M99 Soporte xeral - Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia	149.029.608	1,7	90,1

Este obxectivo estratéxico representa o 51 % do eixe 5, e do 1,8 % sobre o total do PEG, cun importe de 165,3 millóns de euros, no que a medida mais relevante é a M04 Promoción da Acción Exterior en Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento, 7,2 millóns de euros (co 4,4 % de obxectivo, e o 0,1 % do PEG).

Na area de **protección civil, seguridade e emerxencias** os obxectivos consisten na definición e a posterior posta en funcionamento dun sistema centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que conceda prioridade á prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio aos concellos; implantación dun novo mapa de atención a emerxencias; profesionalización a través de formación, actualización e especialización dos servizos de emerxencia da Comunidade Autónoma; Fomento do voluntariado de protección civil potenciando a súa formación e preparación cara a situacións de emerxencia e intervención.

Nesta área é de especial importancia a actuación da Axencia Galega de Emerxencias que xestiona servizos esenciais en materia de resposta ás emerxencias, protección civil e seguridade pública a través do CAE 112 Galicia. Neste ámbito as liñas de actuación son entre outras as seguintes: Mellora no tempo de resposta ás emerxencias e diminución nos tempos de atención ás chamadas ao número 112; Potenciación da atención das emerxencias mediante un grupo de apoio loxístico dependente da Axega, como apoio aos servizos municipais, comarcais nos supostos de calamidade e catástrofe, e colaboración con outros entes xestores de emerxencias no ámbito interrexional e transfronteirizo, como as zonas fronteirizas Portugal e Castela-León con implementación dun proxecto específico que impulse a creación desta macrorrexión.

No que se refire á promoción de **acción exterior** a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, as actuacións que se van a desenvolver son a

promoción da Acción Exterior de Galicia en xeral, especialmente nas relacións coa Unión Europea, consolidar e potenciar a Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, presidida nesta quenda polo Presidente da Xunta de Galicia. Para elo realizaranse 20 actividades culturais promovidas pola Fundación Galicia Europa, convocándose 10 bolsas para licenciados para a realización de prácticas nunha institución da Unión Europea, e realizaranse 2 proxectos da comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal.

Consolidar, potenciar e traballar para ampliar a Macrorrexión de Galicia, Castela-León e Norte de Portugal, colaborando cos restantes organismos e institucións, reforzando a GNP-AECT, Agrupación Europea de Cooperación Territorial de Galicia e o Norte de Portugal.

Potenciar a cooperación para o desenvolvemento dos países desfavorecidos mencionados no Plan Director da Cooperación Galega a través de 30 axudas á cooperación ao desenvolvemento 2012.




SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

IV. SOSTIBILIDADE FINANCEIRA E DISCIPLINA ORZAMENTARIA

IV.1. Contexto


Nas últimas dous décadas os países desenvolvidos modificaron de forma significativa o marco no que opera a política fiscal, adoptando regras fiscais que establecen límites explícitos o déficit o a débeda pública co obxecto de garantir a sustentabilidade das finanzas públicas.

A importancia de establecer regras fiscais que obrigen a manter unhas finanzas públicas saneadas reforzase no contexto da unión monetaria, dado que como se pode comprobar no caso da crise de débeda soberana da area euro, as políticas fiscais inadecuadas dun Estado membro poden ter repercusións negativas sobre o resto de socios e xerar tensións sobre o conxunto da unión. Na medida na que os mercados financeiros non sempre actúan como elemento disuasorio destas políticas, é dicir constituíndo un verdadeiro instrumento disciplinador a partir da discriminación das primas de risco entre as distintas administracións, faise necesario establecer controis fiscais.




Fonte : Comisión Europea

Endebamento Público UE



Fonte: Comisión Europea

Diferencial Bono alemán a 10 anos



Fonte: Comisión Europea

O marco de regras fiscais en España encontrase definido polo Tratado constitutivo da UE e do PEC. Este marco define uns límites cuantitativos o déficit e débeda pública, un mecanismo de supervisión e control de cumprimento (vertente preventiva) e un procedemento de correxir as desviacións que se produzan (vertente correctiva).

En materia fiscal, recentemente acabase de aprobar unha reforma do Pacto de Estabilidade e Crecemento (PEC) co obxectivo de fortalecer su implementación. No mesmo sentido o Pacto do Euro Plus firmado polos xefes de Estado o de Goberno da zona euro en marzo do 2011 inclúe o compromiso dos Estados de traducir na lexislación nacional as normas orzamentarias da UE establecidas no PEC, establecendo expresamente que deberá asegurarse a disciplina orzamentaria tanto no plano nacional como en outros niveis territoriais.

Estas regras fiscais establecen os seguintes límites, o déficit público non superará o 3% do PIB e a débeda pública situarase por debaixo do 60% do PIB. Ademais baixo a vertente preventiva, os saldos públicos deben situarse nunha posición cercana o equilibrio o en superavit no medio prazo (cláusula saldo público estrutural en equilibrio) e fixaranse para cada país atendendo entre outros factores o nivel de débeda pública, o crecemento potencial e os pasivos implícitos, en particular os derivados do avellentamento da poboación.

Por outra lado, na vertente correctiva establécese un procedemento denominado de <déficit excesivo> para os casos de superación dos límites anteriores, que inclúen a fixación duns prazos para a súa corrección, e cuio incumprimento pode dar lugar a distintas sancións reputacionais ou financeiras.

A recente reforma do PEC prevé un reforzamento da vertente preventiva con a incorporación da evolución do gasto na avaliación do cumprimento dos obxetivos orzamentarios dos países, de forma que a taxa de crecemento do gasto público non deberá exceder do crecemento do PIB a medio prazo, para evitar que unha evolución moi positiva dos ingresos públicos asociadas a factores extraordinarios permitan crecementos del gasto público excesivos como sucedeu antes da crise nalgúns países, como España.

Así mesmo reforzase o criterio da débeda pública, ante a falta dunha aplicación rigoroso e ante ausencia de criterios cuantitativos para a evolución do seu ritmo de redución. En efecto, os Estados membros que presenten un nivel de débeda pública superior o 60% do PIB estarán suxeitos á aplicación do procedemento de <déficit excesivo>, salvo que o ritmo de redución da débeda considérese satisfactorio. A redución considerárase satisfactoria cando nos tres anos anteriores a valoración, a ratio descenda en promedio nunha vixésima parte da cantidade na que difire do valor de referencia do 60%, de acordo coa proposta feita pola Comisión.

Por último, os marcos orzamentarios nacionais deberán axustarse a un conxunto de requisitos mínimos relativos os sistemas de contabilidade e estadísticas públicas, regras fiscais numéricas, sistemas de previsión, obxectivos orzamentarios efectivos a medio prazo, e cobertura de todos os subsectores das administracións públicas.


En definitiva a resposta da política económica a crise de débeda soberana na area euro esta sendo moi ampla e inclúe unha revisión do marco de gobernanza económico na

UE. Ademais a necesidade de crear mecanismos de xestión de crises, a forte interrelación existentes entre os problemas macroeconómicos, fiscais e financeiros fan necesaria unha coordinación mais ampla e intensa das políticas económicas da UE, co deseño dun novo marco de vixilancia dos desequilibrios macroeconómicos e da evolución da competitividade. No ámbito fiscal, o forte deterioro da situación e das perspectivas das finanzas públicas na maioría dos países europeos ten a súa orixe en distintos factores, como o deterioro cíclico, as repercusións da reestruturación do sistema financeiro e a revisión das previsións de crecemento a medio prazo das economías. Pola contra, evidenciase que o marco fiscal europeo non había sido quen de garantir ou promover un saneamento sostido das contas públicas durante a fase de expansión que permitira dispoñer dun marxe de manobra suficiente para afrontar a etapa recesiva.

IV.2. Situación de España

No que atinxe o marco orzamentario en España, o ordenamento xurídico xa contaba con leis de estabilidade orzamentaria (LEO) dende o ano 2001, nos que se establecían límites o déficit en que poden incurrir todos os niveis das AAPP, instaurándose o principio básico de equilibrio orzamentario ou déficit cero. Con posterioridade as LEO foron modificadas no 2006 adaptándoas o principio de equilibrio o longo do ciclo, que inicialmente tiña a súa xustificación pero que a postre determinou unha inadecuada utilización dos recursos públicos contribuíndo a incrementar os desequilibrios da economía española esgotando calquera marxe de manobra das finanzas públicas, e que agora os seus negativos efectos estanse a manifestar.

Evolución déficit AAPP en porcentaxe do PIB




Fonte: IGAE

En efecto, dende o ano 2008 ata actualidade o endebedamento das AAPP incrementouse en 321.405 millóns de euros, dos cales a maior contribución é do Estado con 240.111 millóns de euros que representan o 74,7% do total, seguido polas CCAA con 73.046 millóns de euros que representa o 22,7% e as EELL con 8.249 millóns de euros que representa o 2,6%.

Sectores	Estado	CCAA	EELL	Total AAPP
Incremento débeda 2011-2008	240.111	73.046	8.249	321.405
Contribución o incremento	74,7	22,7	2,6	100,0

Do cal se deduce que o Estado é o gran responsable da situación actual das finanzas públicas españolas, esgotando o marxe de manobra mediante a implementación de medidas discrecionais de carácter procíclico.

Evolución Endebedamento AAPP en millóns euros



Fonte: Banco España

As esixencias da pertenza a UE determinou a modificación en xullo do 2011 da LEO para a introdución dunha regra de evolución do gasto público, ligada o crecemento económico co obxecto de garantir o carácter anticíclico das políticas fiscais e o uso discrecional dos marxes de manobra. Que permitiría acadar superávits moi amplos ou superiores os realmente rexistrados na recente etapa expansiva da economía española, reducindo significativamente a ratio débeda/PIB actual, así coma a carga financeira o xuros a pagar pola efecto dunha menor débeda pública viva.

Por último, hai que resaltar a recente modificación constitucional do artigo 135 reforzando todo o marco anterior da UE e incorporando límites fiscais as distintas administracións. Con isto elevase a rango constitucional a obriga de que todas as administracións públicas adecúen as súas actuacións o principio de estabilidade orzamentaria. Concretamente establece que o Estado e as CCAA non poderán incurrir nun déficit estrutural superior os marxes establecidos, no seu caso pola UE. Por outro lado, as CCLL deberán manter un saldo público equilibrado.

Para a débeda pública, seu peso sobre o PIB non poderá superar o valor de referencia establecido no TUE, é dicir o 60%, outorgándose prioridade absoluta o pago de intereses e do capital da débeda pública sobre o resto de compromisos orzamentarios. Con isto evítase que escapen a regra aquelas operacións sen incidencia no déficit pero que incrementaban as necesidades de endebedamento e, por outra, mándase unha sinal de cumprimento dos compromisos asumidos no que atinxe o pago de xuros e capital da débeda nun momento de gran sensibilidade nos mercados..

Os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública so poderán superarse

en caso de catástrofes naturais, recesión económica o situacións de emerxencia extraordinaria que escapen o control do Estado e prexudiquen considerablemente a situación financeira ou sustentabilidade económica ou social do Estado, o que requirirá maioría absoluta dos membros do Congreso dos Diputados. Debe recordarse que o TUE establece que os déficits públicos por riba do 3% non se considerarán excesivos, sempre que o incumprimento sexa de escasa importancia, temporal ou debido a circunstancias excepcionais, como por exemplo unha recesión económica grave. Por outra, trala reforma do PEC do 2005, esta última defínese como una taxa de crecemento do PIB real interanual negativa ou unha perda acumulada de produto durante un período prolongado de crecemento do PIB real moi baixo en relación co crecemento potencial.

A precisión sobre a interpretación destas excepcións, a forma en que deberán coexistir as desviacións e a responsabilidade de cada administración pública no caso de que se produzan, a definición dos mecanismos que permitan o cumprimento do límite de débeda e a metodoloxía de cálculo do déficit estrutural estableceranse nunha Lei Orgánica de desenvolvemento que deberá aprobarse antes do 30 de xuño do 2012.

Esta reforma entra en vigor o día da súa publicación no BOE, coa excepción dos límites de déficit estrutural que aplicaranse a partir de 2020.

IV.3. Situación Comunidades autónomas

A Comunidade autónoma de Galicia fixou como un obxectivo irrenunciable do seu Goberno garantir a sustentabilidade financeira das finanzas autonómicas.

A estabilidade orzamentaria constitúe un instrumento esencial para garantir a sustentabilidade do estado de benestar, elemento básico para unha adecuada solidariedade interpersoal dentro dunha sociedade. Galicia dende a toma de posesión do novo goberno pode estar orgullosa de ser xunto a Madrid a única comunidade autónoma que cumpriu os obxectivos de estabilidade para os anos 2009 e 2010, anos moi convulsos no que se refire o déficit das CCAA afectadas por unha caída sen precedentes dos ingresos públicos e que a reforma do novo sistema de financiamento non foi capaz de mitigar.

Ao analizar a política económica da Xunta de Galicia, debemos ter en conta que un dos elementos fundamentais desta, foi a disciplina orzamentaria na busca da estabilidade fiscal. Uns elementos que consideramos clave e que hoxe se mostraron determinantes do futuro económico inmediato para empresas e familias, en canto que a crise de débeda soberana ameaza o crecemento económico, debilita ás institucións financeiras e pode determinar graves restricións do financiamento exterior.

Unha situación realmente complicada que aconsella abordar con prudencia e valorar con trazo fino os difíciles equilibrios entre as actuacións públicas e as posibilidades reais de poder financialas. Non se trata de construír catedrais nos desertos senón de evitar deixar

desertos onde antes había catedrais, e esa é unha responsabilidade que debe afrontarse con políticas económicas de longo alcance deseñadas con prudencia nunha contorna realmente esixente e delicada.

Os altos déficits actuais significarán maiores impostos futuros, reduciremos o consumo e aumentaremos o aforro privado por cada euro de incremento de gasto, xa que aforro privado vai a compensar calquera aumento de déficit. Un análise que debe terse en conta senón queremos caer na inxenuidade do análise keynesiano de déficit público crecente para impulsar a demanda agregada, sen ter en conta outras variables en xogo que compensan os seus efectos. Un análise que pode verse na situación actual na que a demanda agregada en España non responde a medio prazo aos estímulos fiscais aplicados e aos déficits dos últimos tres anos, cun incremento do aforro privado e unha caída continuada da demanda interna, máis alá dos efectos positivos que os estímulos fiscais puideron ter nos primeiros meses da crise para conter a caída da actividade, que resultan dificilmente sostibles.


E pode dicirse que son dificilmente sostibles aqueles déficits nos que unha proxección futura nos advirte que a relación Débeda/PIB poda crecer sen límite, si temos en conta que as taxas de xuros reais superan as taxas de crecemento do PIB real, os problemas derivados do crecemento do endebedamento por políticas expansivas de gasto, rematan por afondar os problemas financeiros de calquera administración Pública, tal e como estamos a ver noutras Comunidades Autónomas.

Neste punto, cabe recordar que, incluso, aínda se manteñan políticas orzamentarias equilibradas, a existencia de débeda pública viva acumulada por déficits continuados que incrementan os custes financeiros, impide que a relación Débeda/PIB diminúa e máis aínda se non se corrixen os déficits primarios nos que se podan incurrir xa que o cóctel pode ser explosivo.

No que atinxe a evolución do endebedamento das CCAA, podemos afirmar que a actuación de Galicia foi e será moi rigorosa, xa que o endebedamento é a variable clave para medir a sustentabilidade das finanzas públicas.

Evolución do endebedamento. Ratio Débeda/PIB

Débeda/PIB	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011 (II T)
Galicia	7,3	7,0	6,9	7,0	8,8	11,1	12,3
Media CCAA	6,3	5,9	5,7	6,6	8,5	11,1	12,4
Diferencial	1,0	1,1	1,2	0,4	0,3	0,0	-0,1



Fonte: Banco de España

En efecto, esta mellora da posición de Galicia se constata mediante o análise do diferencial de débeda en termos ratio débeda/Pib. Mellora á media das CCAA a partires do ano pasado para as AAPP e incluíndo sociedades a mellora e substancial ata chegar a un diferencial do 1,2%.

Unha análise desta gráfica mostra como mantemos o control de gasto das entidades que consolidan pero tamén do resto de sociedades aínda non consolidan o que demostra o noso compromiso coa estabilidade financeira: non centrifugamos débeda a entidades que non consolidan de acordo co SEC 95. Vemos que este comportamento é máis patente a partires do 2009.

O comportamento asimétrico das CCAA ao longo desta crise define a evolución do seu endebedamento, e abre distintos horizontes en termos de sustentabilidade financeira.

O deterioro financeiro en termos de endebedamento e común a todas as CCAA e a todos os países da zona euro pola caída dos ingresos. A necesidade de manter o estado de benestar e, ao mesmo tempo, poñer en marcha estímulo fiscais para evitar a caída da actividade, deriva nun crecemento importante do endebedamento.


Pero o patrón é ben diferente para aquelas CCAA que mantivemos a estabilidade orzamentaria e o control de gasto. No caso de Galicia practicamos unha política económica que permitiu manter baixo control o numerador e o denominador: mantemos cifras de crecemento razoable ao mesmo tempo que freamos o endebedamento.

IV.4. Evolución do Endebedamento: Posición relativa

A análise do endebedamento resulta complexo porque pese a que incrementamos un 75%, esta magnitude non e representativa porque dependerá do nivel previo de en-

debedadamento de cada CCAA, a maior valor previo menor porcentaxe de crecemento.

Incremento da ratio débeda / PIB 2011 (2ºtr.)-2008(4ºtr)




Fonte: Banco de España

Polo tanto, a análise debe facerse en termos de incremento da ratio débeda / PIB en valores absolutos, que permita unha avaliación global do deterioro financeiro das CCAA durante a crise. Isto supón poñer o contador de endebedamento das CCAA a cero euros no 1-1-2009, e observamos que a data actual o noso endebedamento só sería do 5,2% do PIB, moi por debaixo do resto de CCAA, nos que destacan valores superiores ó 10% de Castela la Mancha e Cataluña caracterizadas nesta época por su indisciplina fiscal.

En resumen, debe analizarse cal é o punto de partida, a achega á estabilidade orzamentaria mediante o control de gasto durante estes anos, e a sustentabilidade financeira cara os próximos anos.

A nosa situación, mellora en calquera caso, tanto no que atinxe o diferencial da ratio débeda / PIB como da ratio débeda / habitante.



IV.5. A Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira:

A estabilidade orzamentaria constitúe unha condición necesaria pero non suficiente para garantir o sustentabilidade financeira das finanzas públicas, por iso é necesario establecer regras fiscais adicionais para reforzar o seu cumprimento. Así é necesario dar un paso adiante en aspectos básicos, como é disciplinar a elaboración dos orzamentos xerais co establecemento dun límite de gasto non financeiro autorizado polo Parlamento de Galicia, procedementos máis exixentes para as entidades incluídas no perímetro de consolidación do sector público de Galicia, amplas obrigas de transparencia e o establecemento de regras fiscais para os ciclos expansivos e depresivos da economía. O instrumento fundamental para incorporar disciplina orzamentaria e evitar que ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente é o establecemento dun límite de gasto non financeiro que permitirá empregar eses ingresos extraordinarios para amortizar débeda.

A aprobación da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira deu cumprimento o exposto anteriormente e supón a manifestación do compromiso do Goberno Galego coa sustentabilidade das finanzas públicas no corto, medio e longo prazo e así blindar o estado de benestar dos nosos cidadáns.


É de salientar que constitúe un fito que Galicia sexa referencia por primeira vez para o resto das CCAA, dando cumprimento ao mesmo tempo as novas exixencias da UE en materia de déficit e endebedamento, o ser a primeira comunidade autónoma que regula

por Lei a súa estabilidade orzamentaria, establecendo un teito de gasto, unhas regras fiscais asociada o ciclo e un control, incrementando a transparencia, da actuación do Goberno mediante a obriga de incluír nos seus orzamentos unha serie de información para avaliar a sustentabilidade financeira da comunidade.

A aplicación da regra fiscal suporía para Galicia nos anos de bonanza acadar superávits moi amplos ou superiores os realmente rexistrados na recente etapa expansiva da economía galega e española, reducindo significativamente a ratio débeda/PIB actual, así coma a carga financeira o xuros a pagar pola efecto dunha menor débeda pública viva, outorgando un maior marxe de manobra para afrontar a crise.

En efecto, de aplicarse esta regra fiscal o volume do endebedamento público sería de 2.000 millóns de euros menos, o que suporía 3,7 puntos menos na ratio débeda / PIB, o que determinaría que seríamos a cuarta comunidade autónoma con menor ratio débeda / PIB, moi por debaixo da media das CCAA actual. A maiores isto tería o efecto de diminuír a carga financeira de este orzamento considerablemente.

Evolución endebedamento con regra fiscal en millóns de euros



IV.6. Transparencia

A Lei 2/ 2011, de 16 de Xuño, de Disciplina Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira dispón no seu artigo 19, dedicado a instrumentación do principio de transparencia, apartado 5 que "Os orzamentos xerais recollerán información sobre a necesidade de

financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais e compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario”.

Neste sentido a Necesidade de Financiamento de Galicia no exercicio 2012 será dun 1,3% do PIB rexional cumprindo co obxectivo de estabilidade orzamentaria acordado polo Consello de Política Fiscal e Financeira o cal supón unha necesidade de financiamento de 769 millóns de euros.

Na seguinte táboa establécese a evolución do obxectivo de estabilidade establecido para as CC.AA e para as restantes AA.PP para o período 2010-2014.

Capacidade (+) / Necesidade (-) de Financiamento en % do PIB

Subsectores	2010	2011	2012	2013	2014
Estado	-5,7	-4,8	-3,2	-2,1	-1,5
CC.AA.	-2,8	-1,3	-1,3	-1,1	-1,0
EE.LL.	-0,5	-0,3	-0,3	-0,2	0,0
Seg. Social	-0,2	0,4	0,4	0,4	0,4
Total AAPP	-9,2	-6,0	-4,4	-3,0	-2,1

Fonte: Banco de España


En canto as Inversións reais das Empresas Públicas en termos de contabilidade nacional no ano 2012 ascende a 414.057.068,63 euros. O importe detallado de ditas inversións axúntase como anexo ao final do documento.

En canto a ratio de gasto público da Comunidade en relación co PIB rexional, no ano 2012 a porcentaxe de gasto non financeiro en relación ao PIB de Galicia é dun 15,6% o que supón unha diminución respecto ao ano anterior (16,0%) como consecuencia de que o gasto non financeiro diminúe un -0,1%.

En canto ao gasto total a ratio para o ano 2012 tamén descende respecto ao ano 2011, desde o 17,3% ao 16,9% debido a que o gasto total diminúe un -0,1 %.

A continuación amosase a evolución do Gasto Non Financeiro en relación ao PIB de Galicia no período 2002-2012 (os datos de 2002 a 2010 comparan obrigas recoñecidas e en cambio os anos 2011 e 2012 reflicten créditos iniciais) en dita gráfica pode apreciarse como nestes anos aplicouse unha política fiscal procíclica, xa que na época de expansión (2002-2008) o PIB nominal aumenta un 7% de media e o gasto non financeiro aumentou máis dun 8%.

Gasto non Financeiro



Nota: datos en millóns de euros

Fonte: Banco de España

O único ano no que aplicouse unha política fiscal anticíclica foi no ano 2009 cando o PIB Nominal descendeu un -2,4% e o gasto non financeiro aumentou nun 1,7%.

No ano 2010 o PIB real incrementouse nun 0,1% e os anos 2011 e 2012 estimase que se incremente un 0,8% e un 1,1% respectivamente, o que supón un incremento medio do PIB Real dun 0,67% nos tres anos, en dito período o gasto non financeiro presenta unha redución media dun -4,4%.

En dita gráfica vese como a ratio gasto non financeiro diminúe entre os anos 2009 e 2012 en 3,5 puntos porcentuais, pasando dun 19,1% a un 15,6%.

E dicir, nesta época de contracción no que o sector privado está sufrindo un forte axuste tanto en termos de emprego, consumo e investimento, as Administracións deberían impulsar a economía pero como consecuencia dos excesos xerados na época expansiva o sector público ten que axustar as súas finanzas.

En canto o nivel de débeda pública do ano 2012, estímase que a finais de dito ano a débeda pública calculada segundo o Procedemento de Déficit Excesivo alcanzará o importe de 7.779 millóns de euros, e que a finais do ano 2011 sexa de 7.013 millóns de euros, o que suporá un incremento da mesma de 766 millóns de euros.

A continuación a Lei de Disciplina Orzamentaria esixe información sobre a evolución das seguintes ratios que teñen relación co nivel de débeda pública: a ratio débeda/PIB e a débeda en relación cos ingresos correntes.

En canto a evolución da débeda/PIB estímase que a finais do ano 2011 sexa dun 12,3% e a finais do ano 2012 sexa dun 13,1%.

Respecto a relación entre a débeda e os ingresos correntes no ano 2011 a débeda de Galicia constituirá o 89,5% dos seus ingresos correntes e no ano 2012 dita relación ascenderá ao 99,7%.

A continuación en canto ao risco comprometido por avais hai que ter en conta o disposto no Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia nos seus artigos 41 e 45 os cales remiten a Lei de Orzamentos, a Lei de Orzamentos de Galicia do ano 2011 dispón que o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2011 será de 30 millóns de euros e a continuación establece co Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2011, avais en cuanto que no sobrepase en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500 millóns de euros.

A 30 de xuño do ano 2011 o IGAPE tiña un total comprometido en riscos asumidos por avais de 333,5 millóns de euros o que supón que ten 166,5 millóns de euros de saldo dispoñible para novos avais.

Para o ano 2012 estímase que os avais comprometidos polo IGAPE alcanzarán o importe de 380 millóns de euros. Por su parte a Xunta de Galicia non ten concedido ningún aval.

Por último a Lei de Disciplina Orzamentaria establece que os Orzamentos recollerán información dos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado, tanto das xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario.

En canto aos compromisos por emprego de fórmulas de pago adiado xa contratados, a 30 de setembro de 2011 son os establecidos na seguinte táboa:

Ano	Administración Xeral					SERGAS	
	AG-56 Santiago-Brión -As Galanas(N- 550)- Pardiñas(AG- 56)	vía rápida VRG- 4.1 O Salnés	Vía Rápida do Barbanza. VRG- 1.1	A52 -Fronteira Portuguesa. VAC A-52 Celanova	Autovía costa da morte	Conc obra pub novo hospital Vigo PO Concepto 209	Concepto 6210
2012	7.595	3.374	8.609	6.049			
2013	7.894	3.458	9.444	6.352			
2014	8.052	3.545	9.922	6.670	25.821	25.297	41.177
2015	8.213	3.634	10.423	7.000	26.467	25.352	41.121
2016	8.377	3.726	10.951	7.344	27.128	25.430	41.043
2017	8.461	3.820	11.505	7.702	27.807	25.577	40.896
2018	8.546	3.916	12.087	8.074	28.502	25.649	40.824
2019	8.631	4.014	12.699	8.464	29.214	28.174	38.299
2020	8.718	4.115	13.341	8.869	29.945	28.264	38.210
2021	8.805	4.174	14.017	9.289	30.693	30.169	36.304
2022	8.893	4.234	14.726	9.729	31.461	29.663	36.810
2023	8.982	4.295	15.471	10.171	32.247	29.757	36.716
2024	9.072	4.357	15.999	10.633	33.053	29.852	36.622
2025	9.162	4.419	16.545	11.116	33.880	28.494	37.979
2026	9.254	4.483	17.109	11.621	34.727	28.589	37.885
2027	9.346	4.548	17.693	12.150	35.595	33.501	32.972
2028	9.440	4.614	18.297	12.702	36.485	33.612	32.861
2029	9.534	4.681	18.921	13.279	37.397	31.361	35.112
2030	9.630	4.749	19.566	13.882	38.332	31.465	35.008
2031	9.726	4.818	20.234	14.513	39.290	31.569	34.904
2032	9.823	4.889	20.845	15.173	40.272	31.674	34.800
2033	9.921	4.960	21.471	15.668	41.279	26.384	40.089
2034	9.948	5.033	22.115	16.152	42.311		
2035			22.778	16.652	43.369		
2036				17.167			
2037				17.696			
2038				18.226			
2039				3.452			
Total	206.023	97.856	374.768	315.794	745.272	579.833	749.633

Dita táboa reflicte que ata o ano 2039 a Xunta de Galicia ten comprometidos a través das colaboracións público privadas 3.069,2 millóns de euros.

No ano 2012 non está previsto dispor máis gasto a través destas formulas, polo que o importe comprometido ao final do ano 2012 será de 3.043,6 millóns de euros.

Anexo: *Investimentos reais*

Denominación	Importe
Portos de Galicia	10.953.299
Augas de Galicia	95.609.751
Fund. Instituto Galego de Oftalmoloxía	68.800
Fund.Publ. Centro de Transfusión	264.000
Fund.Publ. Cidade Da Cultura de Galicia	7.938.000
Fund.Publ. Escola Galega Adm. Sanitaria	21.000
Fund.Publ. Urxencias Sanit. Galicia 061	20.000
Inst. Galego de Medicina Xenómica	156.000
Compañía de RtvG E Sociedades	3.992.300
Fund. Galicia Europa	1.500
Fund. Autonomía Persoal E Dependencia	16.851
Fund. Centro Gal. de Artesanía E Deseño	3.000
Fund. Centro Supercomputación Galicia	859.926
Fund. Calidade Indust. E Desenv.Tecnol.	10.762
Inst. Feiral de A Coruña	49.800
Fund. Centro Tecnolóxico Da Carne	75.910
Fund. Rof Codina	39.470
Fund. Deporte Galego	10.000
Fund. Illa de San Simón	9.600
Fund. Galega Formación Para O Traballo	13.264
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	155.000
Centro Europeo Empresas E Innov. Galicia	10.000
Soc. Pública de Investimentos de Galicia	189.315.229
Xesgalicia, Soc.Xest.Ent. Capital Risco	50.000
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	5.120.000
Soc. de Imaxe E Promoción Turística	547.725
Soc. Anónima de Xestión Do Plan Xacobeo	707.269
Emp.Publ. de Servizos Agrarios Galegos	90.000
Xenética Fontao, S.A.	350.000
Galaria Emp.Publ. de Servizos Sanitarios	1.329.450
Soc. Galega de Medio Ambiente, S.A.	2.363.277
Xestión Urbanística de A Coruña, S.A.	48.285.003
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	19.745.761
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	4.656.276
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	19.184.000
Axencia Para A Legalidade Urbanística	5.000
Cons. Audiovisual de Galicia	106.000
Cons. Galego Serv. Igualdade E Benestar	1.657.850
Cons. Axe. Calidade Sistema Universit.	28.000
Cons. Inst. de Estudos Turístico	211.995
Cons. Extensión Universit. E Divulg.Amb.	26.000
Total	414.057.069

